				carcañá

O resultado é unha relación moi ampla de formas, como consecuencia tanto do número de procesos implicados coma da diversa natureza duns e outros. O que chama a nosa atención é o feito de se repetiren moitos deles en territorios moi distanciados no espazo, do que podería inferirse que certos tipos de mudanzas forman parte da tendencia xeral da lingua; por contra, outros parecen deberse ás condicións particulares, diferenciais, do comportamento do sistema nunha determinada variedade. O cotexo entre os tres territorios, a partir dos datos empregados, produce o seguinte resultado⁶:

a) A variante *calcanhar* - *calcañar* domina en todos eles. Nos tres coexisten formas con *car-*.

b) As formas con *can-* aparecen tanto no Brasil coma en Galicia. O mesmo ocorre coas formas esporádicas con despalatalización de / l/. Semellan características do galego as formas rematadas en lateral, mais tamén encontramos *cascañhal* no N do Brasil.

c) Son características do Brasil as solucións con semiconsoante na coda —sexa por vocalización de /l/ sexa como resultado do abano de realizacións de / l — e, ao que parece, tamén a perda da consoante implosiva na sílaba inicial. *Cas-* non foi aínda documentada nin en Portugal nin en Galicia. Tampouco a metátese *cra-*.

d) Só rexistramos en Portugal a palatalización da vogal tónica, [k lk]⁷. Non estamos en condicións de avaliar ben a solución *-ñai* recollida no Minho: de se tratar de paragoxe, estaríamos diante dunha forma semellante a gal. *carcañá*, cunha solución que ata agora non se recolleu noutros lugares. Non debe confundirse esta perda da coda final en galego coa realización como cero de /R/ final no PT-BR.

Historia das palabras: forma etimolóxica e significado. O caso de *dente queiro*

O APFB recolle a forma composta *dente queiro* como ‘dente do siso’, xunto coa reducida *queiro* e os substantivos *prêsa*, *serra* e *mourão* (APFB: 54, 55). A realización máis abundante, espallada por todo o estado, oscila entre *dente queiro* [de t ke u, de t kei u, d t ke u] e *dentequeiro* [de t ke u], cunha diferenza acentual que evidencia o tránsito entre unha locución nominal e unha palabra composta; séguelle en orde de frecuencia *dente cueiro* [de t kwe u, de t kwe u], dispersa no extremo NE; son ocasionais e illadas as solucións *dentisqueiro*, *denticreio*, *dente de cueilo* e *dentiquede*. A forma reducida *queiro* tamén está estendida por todo o estado, ben como única resposta ben concorrendo con algunhas das formas compostas citadas.

Os dous dicionarios de referencia no Brasil fanse eco de *dente queiro*, salientando que é voz propia do portugués americano e que, dentro desta ampla área, é un rexionalismo ben localizado no NE. Ambos coinciden na localización posterior destas pezas dentais.

DENTE QUEIRO. Regionalismo: Nordeste do Brasil. m.q. *dente de siso* (HOUAISS, 2001: sv *dente*). Sinónimos: (*dente do*) *siso*, *dente queixeiro* [Nordeste], *dente do juízo*.


DENTE QUEIRO. 1. Bras. N.E. V. *dente do siso*. (FERREIRA, 2009: sv *dente*). Sinónimos: *dente de siso*, *siso* [Brasil], *dente queixeiro* [Brasil], *dente do juízo* [Brasil].

6. A escaseza relativa de datos portugueses desvirtúa a comparación, pois pode dar a falsa impresión de que hai máis coincidencia entre variantes do Brasil e de Galicia que entre o PT-BR e o PT-EU. A nosa presentación non pretende cuantificar a semellanza entre variedades, senón dar conta da similitude dos cambios tendo en conta os datos parciais con que contamos. Un corpus máis amplo faría aparecer sen dúbida moitas destas variantes tamén en Portugal. Tomando a xeito de proba *cancañar*, unha busca en internet dá como primeiro resultado o anuncio de “Protector de cancañar para calçado”, dunha casa comercial da contorna do Porto (<http://www.ortopediaportugal.pt>), que fala por si mesmo.


7. O dato procede de Beja, no Baixo Alentejo. En variedades do centro e sur de Portugal /'a/ palataliza en [] en contextos condicionados, entre outros trazos posibles, pola presenza dunha consoante palatal no ataque da sílaba (SEGURA / SARAMAGO, 2001: p. 226).

En galego tamén se rexistran *queiro - cairo* e *dente queiro - dente cairo* como formas sinónimas, xunto con *(dente) cabeiro*, *(dente) canteiro* e *(dente) canino* (esta máis propia de rexistros formais), e mais *agulla* (e o castelanismo *colmillo*, ALGa: V 23). Como ocorre na Bahía, a forma composta que nos ocupa oscila entre a locución *(dente queiro | dentes queiros, dente cairo | dentes cairos)* e o substantivo composto *(dentecairo | dentecairos e dentequeiro | dentequeiros)*, este tamén coa variante *dentiqueiro | dentiqueiros*). Dos sinónimos apuntados xa se deduce que en galego non se trata da ‘moa do siso’ (última peza), senón de ‘cada un dos dentes situados entre o incisivo e o primeiro molar, catro en total, que na maior parte dos mamíferos, sobre todo nos carnívoros, acaban en punta’ (DRAG: sv *queiro*). Nos mapas que seguen móstrase a localización do lema *DENTE QUEIRO* (mapa 1) e de *QUEIRO* (Mapa 2) no TLPGP, xunto coa isoglosa que se pode trazar a partir da presenza de *(dentes) queiros, dentes (cairos) e dentequeiros* no ALGa (V: 23); a liña punteada localiza a área en que se rexistra a solución *-airo*.

Mapa 1. *Dente queiro* (e variantes)



Mapa 2. *Queiro* (e variantes)



A presenza en Galicia, a forma das variantes documentadas e a súa localización territorial poden botar moita luz sobre a antigüidade da formación e sobre a súa etimoloxía. A explicación suxerida por HOUAISS (2001: sv *queiro*: “prov[avelmente] de *queixo + -eiro*, com síncope”) e por FERREIRA (2009: sv *queiro*: “Talvez de *queixeiro*, con síncope”) —talvez influídos pola sinonimia con *(dente) queixeiro*—, non parece aceptable, xa a primeira vista, pois semella moi estraño tal fenómeno nese contexto: *quei(xei)ro?*, *qu(eix)eiro?* Só se podería tomar en consideración se se puidesen aducir casos semellantes.

A variación galega entre *queiro* e *cairo* remite á monotongación dun hiato producido por queda dunha consoante intervocálica, na práctica totalidade dos casos unha consoante nasal: -A(N)ARIU > -*ãeiro - áairo* > -*eiro - airo* (cos correspondentes femininos), coma en *maceira* (~ *mazaira*) < MATTIANARIA, *abeleira* (~ *abelaira*) < ABELLANARIA, *pradairo* (~ *pradeiro*) < PLATANARIU, etc. (fronte a *pereira, figueira*..., sen máis solución no sufixo por non teren na súa evolución un hiato semellante); -A(L)ARIU > -*eiro - airo*, coma en *esqueiro* (~ *escairo*) < SCALARIU⁸. As dúas variantes están en distribución diatópica: -*airol-aira* ocupa unha ampla área oriental, de extensión variable segundo a historia de cada palabra (cf., como mostras, *pradairo*, ALGa VI: 204; *maceira*, ALGa VI: 238; *abeleira*, ALGa VI: 254), mais que parece estarse repregando cara ao sur. Polo tanto, hai base para postular que se trata dun derivado de CANIS, coa mesma motivación cá formación *(dente) canino*, existente tanto en galego coma en portugués, e en última instancia da voz *presa* moi difundida na Bahía (APFB: 54): así pois, CA(N)ARIU > *queiro - cairo* é inicialmente un adxectivo (coma *cabeiro*, de *cabo*; *canteiro*, de *canto*; *queixeiro*, de *queixo*; *canino*, de *can*...) que acompaña o xenérico *dente* para especificar de que tipo de peza se trata. Apoia a nosa hipótese etimolóxica a existencia de *canero* (~ *caneiro*) co mesmo significado como forma xeral no territorio leonés contiguo (LE MEN, 2002-2012: sv).

8. De forma excepcional, produce dúas solucións semellantes a evolución de lat. ARĒA, que divide o territorio galegófono en dúas partes de igual extensión: *eira* na metade occidental e *aira* na metade oriental (ALGa III: 90). No estado actual da lingua, a terminación -*airol-aira* non alcanza esta difusión en ningunha das palabras implicadas na variación.

Así pois, a significación galega é a que corresponde á formación etimolóxica inicial, que sufriu unha evolución semántica no Brasil (non só na Bahia; NOGUEIRA, 2012). Probablemente esta fose debida á perda da noción que a motivara inicialmente (*cão* ° *queiro*) e a unha nova relación nocional popular coa familia de *cu* —*recuar*, *recuo*..., que remite a ‘traseiro, retrasar...’—, explícita na solución (*dente*) *cueiro* (da que quizais tamén formen parte *denti-creio* e *dente de cueilo*).

Polas veras da semántica. O caso de *dorna*

O APFB (carta 49) recolle *dorna* ‘recipiente para água, álcool, cachaça, etc.’, amplamente documentada en 28 puntos espallados pola maior parte do estado. En nota figuran varias caracterizacións sobre o material (fundamentalmente, madeira), o feitío, utilidade, etc.; acompáñase dun debuxo, recollido nunha das localidades próximas á capital, en que se aprecia a forma troncocónica, apoiada sobre a cara de maior diámetro. A *dorna* que se describe no APFB non é ningún dos obxectos descritos polos dicionarios de referencia na lingua portuguesa nas acepcións máis próximas, que se repiten bastante; é só un recipiente que se lles asemella:

1. Rubrica: enología. Recipiente composto de *aduelas*, sem tampa e com boca larga, us. para pisar uvas, deixar fermentar o mosto etc. | 2 Receptáculo ger. grande e de uso doméstico que serve para tomar banho, lavar roupa etc. (HOUAISS, 2001: *sv dorna*).

Grande vasilha de aduelas, sem tampa, e destinada a pisar uva. (FERREIRA, 2009: *sv dorna*).

Vasilha formada de aduelas, de boca mais larga do que o fundo, onde se pisam as uvas e se conserva o mosto. (INFOPÉDIA: *sv dorna*).

1. [Enología] Recipiente de aduela, largo e sem tampa, para pisar as uvas para fazer vinho ou onde fermenta o mosto. | 2. Grande tonel. (DPLP: *sv dorna*).

Os datos do TLPGP van na mesma liña: a *dorna* é un recipiente —inicialmente de madeira— tanto en PT-EU canto en PT-BR, e alargan as súas utilidades. No Brasil confírmase o uso para a almacenar a *cachaça* e da descrición dedúcese que ten a forma do *balde* ou *sella* tradicional galega —recipiente troncocónico pousado pola parte máis ancha, feito de doelas, con aros de metal e con testro, usado antigamente nas casas para gardar a auga fresca—, mais cun tamaño moi superior, pois pode conter ata 4000 ou 5000 litros. En Portugal, a *dorna* ten feitío diferente, pois pousa pola cara de menor diámetro e queda aberta por arriba; serve para diversos usos segundo as localidades: para cargar uvas ata o lagar, para pisar as uvas, para conter o mosto, para salgar peixe, para tinguir as redes, para lavar a roupa, para curtir o coiro, etc.

O significado máis común en galego é ben diferente, pois non se trata propiamente dun recipiente, aínda que pode ter a orixe etimolóxica nese significado. A *dorna* é unha das embarcacións máis tradicionais de Galicia e esta é a única acepción que recolle o dicionario académico:

Embarcación pequena destinada á pesca, que xeralmente leva un mastro e pode ser a remo ou a vela e ten a proa redonda, a popa chata e a quilla pronunciada. *A dorna é unha embarcación típica das rías galegas*. CF. *bote2*. (DRAG: *sv dorna*).

Imaxe 1. *Dorna*, APFB



Imaxe 2. *Dorna*, Portugal



Imaxe 3. *Dorna*, Galicia



A maior parte dos rexistros galegos do TLPGP coinciden neste significado de *dorna*, mais nunha localidade do interior, raiana con Portugal, foi recollido *dorna* como ‘recipiente onde se pisa a uva’. Como veremos a seguir, non se debe á veciñanza cos falares portugueses, pois este significado estivo outrora moito máis estendido en galego. Unha visita ao TMILG (sv: *dorna**) ofrece 78 rexistros de *dorna* como recipiente de madeira usado na cultura do viño, localizados en todo o territorio galegófono meridional —ao S de Santiago e de oeste a leste: Santiago, Armenteira, Pontevedra, Salvaterra, Tui, Tebra, Vilasobroso, Oseira, Ribadavia, Ourense, Vilafranca do Bierzo—, con presenza nas áreas vitivinícolas máis importantes. Nos textos antigos ocorre con maior frecuencia na locución *á dorna*, para significar que as rendas en viño debían ser medidas en mosto, isto é, no líquido que se recollese no recipiente *dorna* ao espremer as uvas (p. ex.: “Et por esto Fernan Migellez et sua muler sobredita den en sua vida ao moesteiro cadá áno de conozenza *vno puçal de vino á á dorna*, et seus fillos daren *III puças á á dorna* cadá áno”, 1276 San Clodio do Ribeiro [Leiro-OU]); séguelle en orde de importancia a expresión *viño de dorna* ‘mosto’ (p. ex.: “somos entregos e pagados de vos Duran Fernandes (...) das oyto canadas de *vino de dorna* que vos aviades de dar e pagar cada ano”, 1420 Pontevedra).

No DdD —que reúne o fondo lexicográfico galego— hai referencias a *dorna* como denominación doutros tipos de embarcación moito máis simples, sen quilla e sen vela, usadas antigamente sobre todo nos ríos para transportar mercadorías (a forma lembra á dunha artesa). Mais tamén acolle *dorna* como un recipiente que se asemella ben ao descrito en Portugal e con usos semellantes: vasilla de madeira para recoller o mosto, para pisar a uva ou usada como medida para viño. Frei Martín Sarmiento (1746-1755c) recolle este significado en documentos pontevedreses antigos (“Medida áa *dorna* de Pontevedra en tempo novo”) e abóao en Pontevedra no século XVIII (fonte, DdD: sv *dorna*):

Es nombre de vasija o artesa de madera, pero en especial aquella tinaja que se pone en los lagares para recibir el vino exprimido. Y cuando la renta de vino se ha de pagar en mosto, se dice *pagar a dorna*. (Catálogo V: 267).

A orixe da voz *dorna* é controvertida. Coromines postula o céltico *D RNO-* como antecedente de castelán antigo e asturiano *duerna* ‘artesa’, portugués *dorna* [] ‘cuba para pisar/transportar uva’, occitano *dorna* [o] ‘xerro, ola da barro’..., todos recipientes de varios tipos, e mais de oc. *dorn* [o], fr. antic. *dour*, fr. dial. *dorne*, ‘medida de lonxitude’, “que pudo extenderse a una medida de capacidad, y luego a la vasija empleada para medirla” (COROMINES: sv *duerna*). Vistos os datos de que dispomos, podemos concluír que en todo o territorio do galego e do portugués a *dorna* foi, en principio, un recipiente de madeira estanco, acondicionado para conter líquidos, e que só a partir de aí comezou o proceso de diferenciación: sección circular e forma troncocónica ou sección cuadrangular e forma de tronco de pirámide; apoio pola cara máis ampla ou pola máis estreita; doelas de madeira ou outros materiais; reforzo con aros metálicos ou non; con tampa ou sen tampa... A desviación semántica máis acusada é a da *dorna* galega máis común: a súa estanquidade serve para que non entre auga nel, de modo que o recipiente se converte nunha embarcación. Mais repárese en que esta relación semántica non é infrecuente: outros nomes de embarcacións seguiron o mesmo camiño, como gal. e port. *bote* (en galego mantén os dous significados) e gal. *gamela* (< CAMĒLLA ‘recipiente de madeira’); doutra parte, *barca/barco* * *barcal*, *nave* * *naveta*, etc.

Irmandade mar por medio. O caso da *marola*

Entre as formas recollidas no APFB (cartas 16 e 16R) para ‘onda de río’ chamou a nosa atención *marola* [], unha das menos utilizadas, circunscrita no mapa ao SE do estado da Bahia, non sabemos se con continuidade nos estados veciños. Na mesma carta figuran como sinónimas as variantes *mareta*, *maleta* e *maré*. Os dicionarios de referencia da lingua portuguesa que inclúen *marola* acóllena como brasileiroismo:

9. En portugués mantense como recipiente: “Vasilha de madeira ou de barro, de vários tamanhos, em forma de alguidar ou quadrilonga, us. para dar de comer aos porcos, para banhos, lavagens e outros fins” (HOUAISS: sv *gamela*). “Recipiente de madeira, em forma de tigela ou retangular, em que se dá de comer aos porcos e a outros animais; escudela grande” (INFOPÉDIA: sv *gamela*). En galego, en cambio, é infrecuente o uso como recipiente (ver, con todo, TLPGP: lema *GAMELA*); o significado común é o único que recolle do dicionario académico: “Pequena embarcación que se usa na pesca de baixura e como barco auxiliar doutro maior, xeralmente de fondo plano, chata na proa e na popa, que pode ser movida a remo, aínda que tamén pode levar vela ou un pequeno motor. *Cada barco de pesca ten a súa gamela no peirao*. CF. *bote2*, *chalana*.” (DRAG: sv *gamela*).

Regionalismo: Brasil. 1. Ondulação natural na água do mar | 2. Regionalismo: Brasil. Onda pequena. | 3. Derivação: sentido figurado. Estado de tumulto; alvoroço, agitação. (HOUAISS, 2001: sv *marola*).

[Brasil] Agitação ordinária da água de mar. | 2. [Brasil] Onda pequena. | 3. [Brasil, Figurado] Agitação, alvoroço, tumulto. (DPLP: sv *marola*).


O TLPGP (lema MAROLA) confirma no Brasil ambos os dous significados básicos que constan nos dicionarios: ‘onda’, do mar ou da lagoa, no Rio de Janeiro; e ‘confusão’ no Mato Grosso.

O significado común en galego, recollido como única acepción no dicionario académico, é en certo modo unha combinación de ambos os significados brasileiros, ‘ondas + axitación’:

Estado de axitación violenta do mar, formando grandes ondas. *Hoxe non saíron pescar porque había marola.* (DRAG: sv *marola*).

Pero, ademais, o TLPGP mostra que o termo *Marola* forma parte de expresións, que no norte de Galicia teñen bastante uso: *Vaillo contar ao mar da Marola, Vaillo contar á Marola* ‘non creo nada do que me dis; vaillo contar a outro, que eu non che fago caso’; *Se non te coñecera, mar da Marola!* e *Xa te vexo, mar da Marola!*, usadas como defensa ante embustes e enganos. ¿Cal é logo esa Marola e cal o mar da Marola presente nestas expresións?

No norte de Galicia, no chamado golfo Ártabro, conflúen as bocas das rías de Ferrol, Ares e Betanzos, e, un pouco máis ao oeste, a ría do Burgo e a enseada da Coruña. Fronte aos cantís de Dexo (no lugar marcado cunha estrela no mapa), entre o abrigo das rías e o mar aberto, levántase a pena da Marola, nun lugar de tránsito para os barcos pesqueiros coñecido e temido polas dificultades de navegación. Por iso non hai que fiarse do mar da Marola, e por iso tamén un coñecido refrán mariñeiro di que *Quen pasou a Marola, pasou a mar toda*. Os accidentes costeiros, as fortes rompentes, as correntes mariñas e os ventos fixeron a Marola tristemente famosa polos seus naufraxios e, en compensación, déronlle un lugar propio na literatura e pintura galegas.



REFERENCIAS

- ALGa III = GARCÍA, C.; SANTAMARINA, A. (Dir.). **Atlas Lingüístico Galego**. Vol. III: Fonética. [Coord. M. González, con T. Vidal Figueroa]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, 1999.
- ALGa V = GARCÍA, C.; SANTAMARINA, A. (Dir.). **Atlas Lingüístico Galego**. Vol. V: O ser humano (1). [Coord. R. Álvarez, F. X. Dubert García e X. C. Sousa Fernández]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, 2005.
- ALGa VI = GARCÍA, C.; SANTAMARINA, A. (Dir.). **Atlas Lingüístico Galego**. Vol. VI. Léxico. Terra, plantas e árbores. [Coord. F. Fernández Rei]. Santiago de Compostela: Fundación Barrié; Universidade de Santiago de Compostela.
- APFB = ROSSI, N.; ISENSÉE, D. M.; FERREIRA, C. **Atlas Prévio dos Falares Baianos**. Rio de Janeiro: INL, 1963-1965.
- COROMINES, J.; PASCUAL, J. A. **Diccionario Crítico Etimológico castellano e hispánico**. Madrid: Gredos, 1980-1991.
- DdD = SANTAMARINA, A. (ed.): **Diccionario de diccionarios**. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <<http://sli.uvigo.es/DdD>>. Acceso en: maio 2016.
- DPLP = **Dicionário Priberam da Língua Portuguesa** [em linha], 2008-2013. Disponible en: <<https://www.priberam.pt/DLPO>>. Acceso en: 24-06-2016.
- DRAG = **Dicionario da Real Academia Galega**. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en: <<http://academia.gal/dicionario#inicio.do>>. Acceso en: maio 2016.
- FERREIRA, A. B. de H. **Novo dicionário eletrônico Aurélio versão 6.0**. Curitiba: Positivo (edición electrónica), 2009.
- GONZÁLEZ SEOANE, E. Aspectos metodolóxicos do deseño e elaboración do *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués (TLPGP)*. In: CASTRO, O.; GARCÍA LIÑEIRA, M. (eds.). **Trama e urda**. Contribucións multidisciplinares desde os estudos galegos. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, p. 45-60. <doi:10.17075/tucmeg.2015.003>.
- HOUAISS, A.; VILLAR, M. de S. et alii. **Dicionário Houaiss da língua portuguesa**. Rio de Janeiro: Objetiva (versión electrónica), 2001.
- Infopedia. Dicionários Porto Editora**. Disponible en: <<http://www.infopedia.pt>>. Acceso en: xuño 2016.
- LE MEN LOYER, J. **Léxico del leonés actual**. I-VI. León: Centro de Estudios e Investigación San Isidoro / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2002-2012.
- MOTA, J. A. A Dialectología na Bahia. In: AGUILERA, V. A. **A Geolingüística no Brasil: trilhas percorridas, caminhos a percorrer**. Londrina: EDUEL, 2005. p. 13-44.
- NOGUEIRA, F. M. S. B. *Dente queiro, dente do siso ou dente do juízo?* O que revelam os dados dos Atlas Lingüísticos de Sergipe e do Paraná. In: XXIV JORNADA NACIONAL DO GRUPO DE ESTUDOS LINGÜÍSTICOS DO NORDESTE - GELNE, 2012, Natal. **Anais...** Jornada do Grupo de Estudos Lingüísticos do Nordeste, 2012.
- SEGURA, M. L. / J. SARAMAGO. Variedades Dialectais Portuguesas. In: Mateus, M. H. M. (coord.). **Caminhos do Português**. Exposição comemorativa do Ano Europeu das Línguas. Lisboa: Biblioteca Nacional / Ministério de Cultura, 2001. p. 221-237.

OS VARIADOS USOS DOS VERBOS DAR E TOMAR NOS PRIMEIROS SÉCULOS DO PORTUGUÊS

ELISÂNGELA SANTANA
UNEB

INTRODUÇÃO

Busca-se, neste trabalho, analisar a polissemia dos predicadores verbais *dar* e *tomar* em textos escritos nos primeiros séculos da língua portuguesa, levando em consideração os mecanismos conceptuais que estão envolvidos na formulação de seus sentidos. Pretende-se evidenciar, por meio da análise dos diferentes usos dos referidos verbos, que a polissemia é um fenômeno cognitivo, de categorização prototípica, o qual reflete a forma como o homem percebe e interpreta a realidade que o circunda. Desse modo, admite-se que o significado é perspectivista, subjetivo, enciclopédico, flexível e deve ser examinado em situações reais de uso.

Parte-se do pressuposto de que os valores semânticos dos verbos *dar* e *tomar* organizam-se em rede, em torno de um ou mais centros prototípicos, dos quais outros usos derivam, por meio de transformações de esquemas de imagens e de extensões metafóricas¹. Para confirmar tal hipótese, aplica-se uma análise qualitativa a algumas ocorrências extraídas de textos constantes do *Corpus Informatizado do Português Medieval* – CIPM.

Considerando-se que, ao estudar a plurissignificação de categorias linguísticas, está se estudando a polissemia, buscar-se-á, inicialmente, discutir o que se entende por esse fenômeno semântico, à luz do que preconiza a LC, para, em seguida, verificar os usos dos dois verbos citados em textos escritos, compreendidos entre os séculos XIII e XIV, levando-se em conta as dimensões semântico-sintáticas que fundamentam a sua rede de significação, assim como alguns fatores sócio-históricos e culturais que podem ter contribuído para as conceptualizações encontradas.

1. ALGUMAS QUESTÕES SEMÂNTICAS E OS SEUS REFLEXOS NO ESTUDO DA POLISSEMIA

Ainda que o interesse pelo estudo da multiplicidade de sentidos exista desde a Antiguidade Clássica², o conceito aparentemente simples de polissemia, na atualidade, denota colocações polêmicas e perguntas ainda sem respostas, evidenciando o caráter inconcluso desse tema. Não sem razão, Silva (2003) afirma que a noção de polissemia está longe de sua aparente e intuitiva simplicidade. Segundo esse mesmo autor, “a definição geralmente aceita de associação de dois ou mais sentidos relacionados numa única forma linguística encerra complicadas questões práticas, metodológicas e teóricas”. (SILVA, 2010, p. 353).

De modo geral, considera-se que uma palavra ou construção são polissêmicas, quando se identificam sentidos relacionados entre si para as mesmas. No entanto, posicionamentos divergentes têm resultado em dois problemas:

1. Faz-se oportuno destacar que a natureza polissêmica dos verbos *dar* e *tomar* já havia sido detectada em estudo realizado por Barreto (1996), na *Carta de Caminha*, e por Santos (2003), em sua dissertação de Mestrado. Tal constatação despertou o interesse em investigar os fatores linguísticos, cognitivos e sócio-históricos que poderiam estar relacionados à conceptualização dos variados sentidos desses itens lexicais em diferentes períodos da língua portuguesa, culminando na elaboração da tese intitulada *A polissemia do verbo tomar ao longo da história da língua portuguesa: um estudo à luz da Linguística Cognitiva*, também defendida por Santos (2011). Mais tarde, em pesquisa realizada sobre o verbo *dar*, entre os anos de 2013-2014, foi novamente atestada a polissemia desse predicador verbal em textos da primeira fase da língua portuguesa.

2. Silva (2010, p. 357) afirma que “o critério da definição, informalmente apresentado por Aristóteles em *Segundos Analíticos* (II, xiii), diz que uma palavra possui mais do que um significado se para ela não se puder encontrar uma definição minimamente específica que cubra toda a sua extensão, e que essa palavra possui tantos significados diferentes quantas as definições maximamente genéricas necessárias para dar conta de toda a sua extensão”.

um que se refere aos tipos de relações entre sentidos e a diferença de saliência entre os sentidos e efeitos de prototipicidade, e um outro que se situa na própria definição de polissemia. Sobre esse último problema, considerado o mais complicado, Silva (2010) adverte que a busca por soluções para distinguir os conceitos de polissemia e monossemia ou vagueza e de polissemia e homonímia tem levado à realização de testes de diferenciação sem resultados eficazes, culminando em abordagens minimalistas ou monossemistas, por um lado, peculiares das teorias formalistas, e maximalistas ou polissêmicas, por outro, redundando em exageros, tais como a “falácia da polissemia” ou a “polissemia infinita”, conforme adverte Silva (2003, p. 148; 2010, p. 355)³.

Vale ressaltar que o estudo da polissemia, baseado no enfoque conceptualista e experiencialista da linguagem, não visa a saber quantos sentidos tem uma palavra, já que o significado está no uso e, portanto, não é fixo nem predizível. Examinar um uso polissêmico extrapola, pois, a mera pesquisa ao dicionário da lista de significados de uma palavra, uma vez que o estudo da significação pressupõe investigar os sentidos de um determinado item num contexto real de uso, levando em conta as possíveis motivações que culminaram na sua diversidade, multiplicidade, sem que isso represente algo caótico ou dissociado das necessidades sociocomunicativas dos seus falantes e da sua capacidade cognitiva. Não se pode esquecer que, no léxico de qualquer sistema linguístico, há, de um lado, convenções que garantem a sua estabilidade ou continuidade, e, de outro, a sua variabilidade e mutabilidade decorrentes de fatores sociais, culturais, cognitivos. Dito de outro modo, ao lado da flexibilidade inerente ao significado, há forças que neutralizam a sua instabilidade, permitindo que novos sentidos coexistam ao lado de sentidos já existentes, promovendo uma estabilidade na ampliação da variação e um equilíbrio da mudança semântica.

É ponto pacífico que a origem etimológica de polissemia deriva de *polys* e *seméion*, palavras gregas que designam “numeroso” e “significação”, respectivamente. É ponto pacífico, também, que todas as línguas naturais apresentam categorias linguísticas polissêmicas em alguma medida. Mas, nem mesmo o surgimento da Semântica, enquanto ciência linguística, no século XIX, nem os estudos empreendidos por algumas das principais correntes teóricas que predominaram no século XX conseguiram chegar a um consenso quanto à definição e à compreensão do que é e de como se constrói o significado e, por conseguinte, a polissemia. O rumo multifacetado que a Semântica assumiu (o que não representa, necessariamente, um problema para o seu desenvolvimento), desde o seu surgimento, contribuiu para isso e se refletiu não apenas na diversidade de conceitos atribuídos ao significado, mas na variedade de enfoques também dados à polissemia. Mas, não se pode esquecer que os estudos sobre a significação passaram a ter maior visibilidade, em fins do século passado e no início do século XXI, impulsionados, sobretudo, pela Semântica Cognitiva. Ademais, como já observou Silva (2006), o interesse antigo pela mudança semântica e, também, pela polissemia, metáfora, metonímia, está sendo, hoje, revalorizado pela Linguística Funcionalista e, sobretudo, pela Linguística Cognitiva (LC), tanto do ponto de vista sincrônico, como diacrônico, o que justifica os vários estudos semânticos acerca de estágios pretéritos da língua portuguesa. Em síntese, a LC constitui-se como um modelo teórico que coloca em cena elementos da análise linguística, a exemplo da subjetividade, da historicidade e da corporalidade na construção dos sentidos, até então obliterados por modelos teóricos vigentes no século passado e ainda hoje atuantes.

Para a LC, a polissemia é interpretada como “um fenômeno de categorização *prototípica*, o que quer dizer que os vários usos de um item estão organizados à volta de um centro prototípico e por *pareceças de família* com esse centro e entre si”. (SILVA, 2003, p. 153, grifos do autor). Nessa abordagem, o significado é entendido como produto da conceptualização humana e a linguagem é vista como uma faculdade integrada à cognição. Logo, ao se adotar uma perspectiva cognitivista/experiencialista para o estudo do significado e, por conseguinte, para o estudo da polissemia, costuma-se defender uma concepção sócio-interacional, uma vez que se leva em conta a integração entre significado, cognição e experiências corpórea, social, cultural e histórica.

A causa para a ligação entre os vários sentidos de um item lexical polissêmico bem como a identificação dos seus diferentes graus de saliência e de semelhança, segundo a teoria cognitiva da linguagem, decorrem dos diferentes modelos conceptuais formulados pelos usuários da língua, isto é, dos *idealized cognitive model* (ICM) ou modelos cognitivos idealizados (MCI), responsáveis por estruturar o pensamento humano e embasar a formulação de conceitos. Tendo em vista que o sistema conceptual e várias categorias geradas pelo ser humano são cognitivas e

3. Os que defendem o posicionamento mimimalista vão dizer que os diferentes sentidos de um item lexical não passam de interpretações contextualizadas de um valor semântico único. Já os que defendem a tese maximalista consideram que os múltiplos valores semânticos designam diferentes entidades de uma mesma categoria polissêmica, mas exageram ao puxarem muito “os significados para baixo”, na tentativa de encontrar múltiplas acepções para um mesmo item lexical.

culturais, esses modelos são também entendidos como culturais. Nesse caso, os usos prototípicos e não prototípicos de verbos como *dar* e *tomar* refletem a flexibilidade do significado e a sua intrínseca relação com as transformações sócio-históricas e culturais do mundo.

2. A POLISSEMIA DOS VERBOS *DAR* E *TOMAR* EM TEXTOS DO CORPUS INFORMATIZADO DO PORTUGUÊS MEDIEVAL – CIPM

Pode-se dizer que tanto o verbo *dar* quanto o verbo *tomar* integram uma categoria de nível básico, por designar atos da experiência humana, como deslocamento espacial, contato físico, força e transferência de posse, dos quais outros sentidos derivam, por projeções metafóricas.


Conforme ressaltam Cuenca e Hilferty (1999, p. 42-44), as categorias desse nível estruturam-se como prototípicas e são mais propensas ao fenômeno da polissemia e à construção de metáforas primárias, segundo a definição de Grady (2007, p. 193), uma vez que emergem diretamente da experiência humana, ao contrário das metáforas consideradas complexas. Observa-se que as ocorrências desses verbos no *corpus* evidenciam a conceptualização de deslocamento físico de um sujeito (animado, agentivo), com vistas a efetuar a manipulação direta de algo (animado ou inanimado), para exercer sobre ele algum tipo de força que resultará na transferência de posse de um objeto para outrem (*dar*) ou para o próprio sujeito (*tomar*). Ao que parece é esse o modelo conceptual construído pelos usuários da língua portuguesa ao longo dos séculos para esses dois verbos.

Tais usos básicos podem ser projetados metaforicamente para domínios abstratos da experiência humana. Para ilustrar tais colocações, apresentam-se, a seguir, alguns usos físico-espaciais e extensões metafóricas dos verbos *dar* e *tomar* identificados nos contextos examinados.

A expressiva diversidade de sentidos de *dar* e *tomar* é documentada desde os mais antigos dicionários do português, como o de Moraes Silva (1813, 1817, 1878), até alguns mais recentes, como o de Houaiss (2004), dentre outros. Nos primeiros séculos da língua portuguesa, esses predicadores já apresentavam variação de sentidos e empregos⁴.

Os esquemas de imagens configurados pelos atos de *dar* e *tomar* evidenciam uma estreita relação, já que ambos expressam transmissão de posse. Sendo assim, pode-se destacar o esquema origem-percurso-meta ou *trajector*, o contato, a dinâmica de forças e o *container* ou recipiente. O conceito de “esquemas” surge, na década de 70, a partir das pesquisas sobre relações espaciais, desenvolvidas por Talmy e por Langacker. Todavia, foi no ano de 1987, que a designação “esquemas de imagens”, tal como se conhece em Semântica Cognitiva, apareceu simultaneamente, nos livros *The body in the mind*, de Johnson, e *Women, fire, and dangerous things*, de Lakoff, despontando como um tema de grande importância. Alguns estudos, e mais precisamente os realizados por Johnson (1987), sugerem que diferentes esquemas de imagens e várias de suas transformações aparecem regularmente no pensamento e na imaginação das pessoas, motivando a sua forma de raciocinar e de imaginar. Tais rotinas envolvem a coordenação de múltiplos atos de sentir, perceber, mover, conceptualizar. A figura 1 visa a representar as sobreposições dos esquemas imagéticos relacionados aos verbos *dar* e *tomar*, conforme se pode observar a seguir:

FIGURA 1 - ESQUEMAS ORIGEM-PERCURSO-META, CONTATO, FORÇA E CONTAINER DOS VERBOS *DAR* E *TOMAR* (SANTOS, 2011)



Fonte: Dados do corpus

4. No português atual, além de conservar alguns dos significados encontrados nos séculos XIII e XIV, os predicadores *dar* e *tomar* ampliaram ainda mais a sua rede de significação, dando origem a sentidos mais abstratos, por meio de processos metafóricos e metonímicos.

A configuração e a perspectivização desses esquemas nos diferentes domínios da experiência humana, em associação às dimensões (tipo de movimento, comportamento do sujeito, natureza do objeto, modo de interação entre sujeito e objeto ou causatividade e tipo de controle e de posse do objeto) que fundamentam as relações semânticas dentro da categoria dos verbos de movimento e posse, são os grandes responsáveis pela polissemia de *dar* e *tomar* na língua portuguesa, no decorrer da sua história.

Em face da complexidade semasiológica dos verbos em questão e da possibilidade de explicar a sua polissemia, segundo os pressupostos teórico-metodológicos da Linguística Cognitiva, adota-se, neste trabalho, o modelo baseado no uso, uma vez que as ocorrências destacadas se encontram em textos reais e não forjados, para as quais se aplicam o método de análise qualitativa. Tem-se por objetivos principais: a) destacar as prováveis tendências de uso dos referidos verbos no período já citado, com vistas a detectar os valores semânticos mais prototípicos; e b) discutir os mecanismos cognitivos possivelmente envolvidos na conceptualização dos sentidos identificados.

Salienta-se que a prototipicidade desses usos deve-se não apenas à elevada frequência no *corpus*, mas ao fato de que refletem experiências perceptuais e esquemas de imagens primários que servem de base conceptual para construção de sentidos físico-espaciais e para projeções metonímicas e/ou metafóricas em diferentes domínios abstratos da experiência humana, ao longo da história da língua portuguesa. Conforme destaca Silva (1999, p. 66): “Adaptamos as categorias a novos contextos e interpretamos novas realidades com base no conhecimento já existente. Os protótipos são, assim, modelos de *interpretação*”. (Grifo do autor).

Acredita-se, portanto, que os usos experientialmente básicos de *dar* e *tomar*, aqueles que remetem a experiências físico-motoras e servem de base conceptual para explicar e compreender outros sentidos, estruturam-se em cinco domínios também básicos interligados entre si, que funcionam como domínios-origem para projeções semânticas desse verbo. Trata-se dos domínios espacial, da força, do interesse humano, do controle e da posse. É perceptível que o verbo *dar*, ao mesmo tempo em que reflete atos de significados funcionais na sociedade humana, desde tempos remotos, demonstra grande complexidade semântica na sua estrutura interna, a partir das suas extensões de usos. O mesmo ocorre com o verbo *tomar*.

Entre os sentidos do verbo *dar* identificados no *corpus*, sobressai-se *Transferir a posse de bens materiais para outrem (por dever, em troca de algo ou por algum motivo)*. Acredita-se ser esse o uso prototípico de *dar* nos séculos XIII e XIV, conforme atestam alguns exemplos:

Mando ainda q(ue) a raina e meu filio ou mia filia q(ue) no meu logar ouuver a reinar se a mia morte ouuver reuora e meus uassalos e o abade d'Alcobaza sen demorancia e sen (con)t(ra)dita lis **den** toda mia meiadade e todas as dezimas e as out(ra)s cousas suso nomeadas [...] E ssi a dia de mia morte meu filio ou mia filia q(ue) no ((L024)) meu logar ouuver a reinar nõ ouuver reuora, mãdo aq(ue)les cauleiros q(ue) os castelos teen de mi en'as t(er)ras q(ue) de mi teem os me(us) riquos omees q(ue) os **den** a esses meus riq(uo)s omees q(ue) essas t(er)ras teiuere. E os meus riquos omees **den**'os a meu filio ou a mia filia q(ue) no ((L025)) meu logar ouuver a reinarq(uan)do ouuver reuora, assi como os **dariã** a mi [...]. (TA).

E nos porem mandamos e stabellecem(os) p(or) semp(re) que todos os omees dos noss(os) reynos **den** seu dizimo a N(ost)ro Senh(ur) (con)p(ri)damente e **d(e)** pan e **d(e)** uinho e **d(e)** gaadoos e de totalhas outras cousas q(ue) deuem a **dar** dereytamente segundo o que manda a S(an)c(t)a Eygreja. (FR).

E mãdo q(ue) **den** a meu senior o papa #MMM m(o)r(auidiis), a Alcobaza #MM m(o)r(auidiis) por meu añiu(er) sario, a Santa Maria de Rocamador #MM m(o)r(auidiis) por meu añiu(er)sario ((L011)) a Santiago de Galicia #MM #CCC m(o)r(auidiis) por meu añiu(er)sario, ao cabidoo da Se'e' da Idania mill(e) m(o)r(auidiis) por meu añiu(er)sario, [...] (TA).

[...] costume e' q(ue) p(er) q(ue)n sse chama na vila p(er) esse sse deue a chamar na aldeya & o pignorado deue seer entregue pelo porteyro dos Aluazi'j's. & deue-lhj a **dar** hu-u s(o)l(do)pela legua & outro pela ui-jda. (CS).

Outrosi q(ua)ndo o quiserõ temptar os judeos q(ue) lhy d(e)mandará se **dariã** a Cesar seu tributo e seu peyto, [...] e el entendendo os seus pensamentos maus respõdeu e disselles: **dade** a Cesar os se(us) dereyos q(ue) son de Cesar e a D(eu) s os que son de Deus, dezimas e p(ri)miças. (FR).

Observa-se, nos excertos transcritos, que o verbo *dar* indica uma ação que envolve um sujeito agente que se movimenta numa trajetória espaço-temporal, com início e fim, para transferir a posse de um objeto inanimado, de valor monetário para a época, na maioria das vezes, para outrem. Trata-se de um uso recorrente do qual derivam outros sentidos abstratizados também encontrados no corpus.

No que se refere ao verbo tomar, destacam-se dois usos mais prototípicos: *Pegar algo tangível, disponível ou alguém, para uma finalidade prática e provisória* e *Apropriar-se de algo tangível, alheio, por tempo indeterminado, para exercer sobre ele poder e/ou direito*, conforme se seguem respectivamente:

[...] e estes am a d'ir deant(e) cõ candeas e cõ enc ssayros a q(ue) chamã tori[b]olos dizendo estas palau(ra)s cãtando q(ue) disse N(ost)ro Senhor Ih(es)u Cr(ist)o eneste dia aos se(us) dicipolos q(uan)do **tomou** o pã e o beezue e q(ue)brantou e disse q(ue) aq(ue)l era o sseu corpo q(ue) por nos seerya traudo. (PP).

Entam **tomou** Boorz o cavalo do cavaleiro porque era ja' o seu cavalo morto e o cavaleiro nem havia mester cavalo. Depois perguntaram a Queia porque matara o cavaleiro. (DSG).

Desses usos derivou diretamente um outro, também, físico-espacial: *Subtrair algo tangível, alheio, ilicitamente*:

E se p(er) uent(ur)a alg a besta y morrer ou boy, peyte out(ra) tal e tan boa a seu dono e a p a suso d(i)ta c el ou o p(re)ço q(ue) ualer. E se non morrer e alguu mal ou dano p(re)nder, peyte o dano q(ua)l for cõna pea do m(a)r(auidi). E esta meesma p a aia quem **tomar** bestcha alhea por carrear ou por leuar alg a cousa s mandado do seu dono que o nõ demandou. (FR).

É interessante notar que as construções sintáticas em que se encontram os dois verbos estudados estão imbricadas com a sua rede de significação, conforme atesta a citação a seguir:

Enquanto em construções com “dar”, “presentear”, “oferecer”, dentre outros predicadores verbais transitivos, o movimento é unidirecional e paradigmático, porque o objeto é, prototipicamente, deslocado pelo sujeito até um alvo ou *landmark*, representado sintaticamente pelo objeto indireto, que é a meta da ação (Sujeito Agente – Objeto1 = Alvo – Objeto2 = Meta), em construções com os verbos “tomar”, “pegar”, “roubar”, “colher”, dentre outros, ocorre uma inversão de perspectiva desse movimento, que passa a ser bidirecional ou, como denomina Fernandes (2000, p. 213), configurado por uma trajetória de tipo “vai-vem”, uma vez que a ação parte do sujeito agente, em direção ao objeto a ser tomado, alvo do seu deslocamento, e volta para o próprio sujeito, que, nesse caso, é também destinatário da sua ação, ou seja, sua meta final, e, por conseguinte, beneficiário e experienciador dos seus efeitos (Sujeito Agente - Objeto = =Alvo/Meta 1 - Sujeito Beneficiário Experienciador = Meta 2). (SANTOS, 2011, p. 120).

Vale lembrar, também, que o ser humano, desde sempre, cobiçou mercadorias, honra, poder e foi movido pelo interesse em adquirir, manter, trocar e aumentar propriedades. Esse comportamento marcou não apenas as sociedades feudais, como se expandiu nas sociedades capitalistas, e tem, como essência, a busca ou transferência de posses (coisas, bens monetários, pessoas etc.), impulsionadas pela visão mercantilista de geração, acúmulo de capital, concentração e/ou divisão de riquezas.

Os bens concretos que normalmente são dados ou tomados têm utilidade e/ou *valor econômico, sendo, em muitos casos, suscetíveis de apropriação ou de transferência para outrem. A busca por esses bens ou sua doação, de modo geral, é instigada pelo valor material que possuem. Assim, os sujeitos, motivados* pelas qualidades ou propriedades funcionais e financeiras dos objetos (moedas, animais, alimentos) se movem até esses, a fim de trazê-los para a esfera de seu controle, com diferentes finalidades: usá-los rapidamente, usufruí-los por um determinado período, adquiri-los permanentemente (*tomar*) ou deslocar-se ou deslocar uma parte do corpo para doá-los para outrem, a fim de que esses se beneficiem da sua posse. Nesses casos, os sujeitos tanto podem manifestar uma simples vontade ou uma necessidade de possuir momentaneamente esses objetos, como podem apropriar-se deles ou, ainda, transferir a posse deles para alguma finalidade.

No entanto, esse interesse muda, segundo a época e a sociedade, pois o que poderia ser um bem valioso em um determinado contexto sócio-histórico, pode não o ser em outro. A *besta*, por exemplo, para o homem medieval era um bem que poderia despertar-lhe cobiça e talvez, por isso, apareça em textos do período medieval, como objeto de

posse, conceptualizado como uma propriedade almejada pelo sujeito, devido ao valor social, utilitário e comercial que dispunha na Idade Média.

Como se pode observar, na primeira fase da língua portuguesa, os valores semânticos mais salientes dos verbos *dar* e *tomar* são físico-espaciais e as extensões metafóricas resultam da projeção dos domínios básicos físico-espaciais para domínios alvos não físico-espaciais, como o moral-religioso, o da linguagem, o mental ou epistêmico, o das relações sociais, dentre outros. Nesses casos, têm-se novos sentidos, mantendo-se a mesma base conceptual, a mesma construção sintática e os mesmos esquemas de imagens:

E depouys resucitou se en carne e amostrouse aos se(us) dicipulos e (co)meu (con) elles e leyxous (con)firmados en sa fe s(an)cta catholica e subyo aos c(eos) en corpo en dignidad(e) e ende uerra na cruz eneste mundo **dar** juyzo aos boos e aos maos. (FR). (*Transmitir um saber, um voto*)

[...] e p(er)a os liuros e p(er)asustentação e gouernho dos bispos que preegem a ffe e p(er)a os outros cl(er)rigos p(er) que sum **dados** os sag(ra)mentos da S(an)c(t)a Eyg(re)ya e toda a cristaydade. (FR). (*Transmitir um saber, um voto*)

E sse o assy mostrar recebanno por p(es)sueyro, (er)go se for p(re)yto que caya ou seya en justiça do corpo ou membro, [e] en todo p(re)yto possa **dar** uozeyro o dono da uoz o[u] p(e)ssueyrop(er) sy. (FR). (*Permitir que alguém fale*)

E por esto [vos] chamamos nós “o das duas espadas”, ((V35)) porque sempre as tragedes agudas e amoadas, com que fendedes as penas, **dando** grandes espadadas. (CEM). (*Realizar uma ação, um evento*)

As di(c)tas erdades sen feu n foro q(ue) se delas Page despos elle ueerem q(ue) n ca lhe seiam demádadas ((L013)) en Juizo n ffora de Jujzo nẽ os Jujzes nõ posam **toma(r)** conheçjmẽto de ((L014)) tal ff(ei)to [...] (DN). (*Adquirir um saber*)

[...] & por çerto que lhe nom sera muy grave dacabar, caa se, amdando o nosso rrey nas suas guerras p(ri)meiras, **tomava** os lugares alheos por comtinuaçom de çercos & fortalleza de emgenhos na comarca dos naturais daquelles çercados [...] (CDPM). (*Assumir poder sobre algo*)

E fez muy grande guerra a Roma e trouxe muy mal o ãperador Agustodulo e **tomou** delle per força toda a terra de Ytallia, segundo adyante ouvyredes, e a cidade de Egipciana; e foy ende senhor della sem nem huã contenda (CGE). (*Assumir poder sobre algo*)

[...] Vossa ExCelenCia á Vis-|ta do Sumário, **tomará** a DeliberaÇão, | que lhe pareCer mais Conforme ao Real | DeCóro,e aos Comuns Interesses da NasÇão, e d'esta Colônia. Bahia 8 de Julho de 1788. (CBS, 59). (*Considerar, interpretar, julgar algo*)

Filho- Muito desejo eu trazer na memória um cavide d'armas avangélicas, pera lançár mam délas ou élas de mi, ao tempo da tentaçám. F (filho) - E quando alguém, mostrando zelo de minha honrra, me quisér provocár a **tomár** algũa vingança? (OPJB). (*Experienciar sentimentos e estados psicológicos*)

Esses usos não físico-espaciais evidenciam pontos de convergência, a partir de uma rede de sentidos flexíveis, mas, ao mesmo tempo, estáveis, relacionados direta ou indiretamente entre si e com os sentidos físico-espaciais considerados prototípicos, corroborando a polissemia dos dois verbos. Observa-se que a noção de transferência de posse de um objeto concreto para algo ou para alguém dá lugar, nesses exemplos, a uma transferência de posse nocional de um objeto abstrato, tanto nas ocorrências com o verbo *dar* quanto nas ocorrências com o verbo *tomar*. Trata-se de um mapeamento de um domínio fonte para um domínio alvo, mantendo-se os mesmos esquemas de imagem (*origem-percurso-meta, força, contato e container*). Têm-se, portanto, as metáforas do “Recipiente” e da “Estrutura dos Eventos como Objetos”. (LAKOFF; JOHNSON, 1999).

Em síntese, a metáfora conceptual subjacente a todos esses usos, ao que parece, pode ser descrita como: AÇÓES, EVENTOS, SENTIMENTOS, ESPAÇOS, LUGARES SÃO OBJETOS DISPONÍVEIS, MANIPULÁVEIS, DESLOCÁVEIS E PASSÍVEIS DE TRANSFERÊNCIA DE POSSE PARA ALGUÉM E/OU DE APROPRIAÇÃO POR ALGO OU POR ALGUÉM.

CONSIDERAÇÕES FINAIS

Diante do exposto, pode-se afirmar que, ao examinar a polissemia dos verbos *dar* e *tomar*, em situações reais de uso, percebeu-se que ambos refletem aspectos importantes da experiência humana, uma vez que as conceptualizações estudadas partem da noção de que o corpo funciona como um recipiente que ocupa um lugar no espaço e que se desloca de um ponto a outro de uma trajetória para transferir a posse de algo, seja para o próprio sujeito, seja para uma outra entidade.

A partir dos resultados encontrados, foi possível observar, também, que a polissemia desses verbos é decorrente de transformações de esquemas de imagens e de projeções metafóricas, evidenciando uma complexa rede de sentidos flexíveis e, ao mesmo tempo, estáveis e relacionados direta ou indiretamente entre si.

REFERÊNCIAS

- BARRETO, Therezinha M^a Mello. **Predicadores e argumentos**. In: MATTOS E SILVA, Rosa Virgínia (Org.). *A Carta de Caminha: testemunho lingüístico de 1500*. Salvador: EDUFBA, 1996. p. 119-133.
- CUENCA, Maria Josep; HILFERTY, Joseph. **Introducción a la Linguística Cognitiva**. Barcelona: Ariel, 1999.
- GRADY, Joseph. Metaphor. In: Geeraerts, Dirk, Cuyckens, Hubert (Ed.). **The Oxford handbook of cognitive linguistics**. New York: Oxford University Press, 2007.
- HOUAISS, Antonio. **Houaiss da língua portuguesa**. Rio de Janeiro: Objetiva, 2004.
- JOHNSON, Mark. **The body in the mind**. The bodily basis of meaning, Imagination, and reason. Chicago: The University Chicago Press, 1987.
- LAKOFF, George; JOHNSON, Mark. **Metaphors we live by**. Chicago: The University of Chicago Press, 1980.
- LAKOFF, George; JOHNSON, Mark. **Philosophy in the flesh: the embodied mind and its challenge to western thought**. New York: Basic Books, 1999.
Por tanto, *cuita* é unha variante endóxena en galego-portugués –de feito, a esperable segundo as regras de evolución fonética normal–, e a súa presenza nos cancioneros debe ter fundamento na súa circulación nalgunha variedade dese dominio. Viterbo dá noticia de *cuyta*, *cuytado* e *cuytoso* na documentación portuguesa dos séculos XIII e XIV (1965-1996, II, pp. 112-13), mentres que o *corpus do portugués* rexistra *cuytado* nos séculos XIV a XVI (*Crónica Geral de Espanha* de 1344, *Demanda do Santo Graal*, *Cancioneiro Geral* de García de Resende, Gil Vicente, entre outros), e *cuita/cuyta* nos séculos XV e XVI (*Demanda do Santo Graal*, *Menina e moça* de Bernardim Ribeiro, entre outros). Na maior parte do territorio galego, como xa dixemos, a tendencia predominante xa desde a idade media foi a xeneralizar [oj] a custa de [uj], aínda que tamén hai áreas que tenderon a manter a distinción entre ambos os dous ou mesmo a xeneralizar [uj] a custa de [oj] (*nuite*, *cuiro*, *cuidar* fronte a *noite*, *coiro*, *coidar*) (MAIA, 1986, pp. 556-568). Na actualidade, as dúas últimas solucións danse en áreas marxinais no dominio lingüístico galego, pois abranguen o extremo occidental da provincia ca Coruña (xeneralización de [uj]), o recanto sudoccidental de Galicia e a área oriental, incluíndo as comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora (mantemento dos resultados distintos). Véxase o mapa que acompañamos⁹.

8. As tres últimas están documentadas na lírica trobadoresca: *moito* en Johan Ayras de Santiago (B 1551), Martin Moxa (B 917 / V 504, na mesma cantiga aparece *moi*), Ayras Nunez (B 881 / V 464, tamén aparece *moi*), Pedro Amigo de Sevilla (B 1595 / V 1127 e B 1593 / V 1125, na segunda tamén *moi*) e Afonso Eanes do Coton (B 1616 / V 1149, só *moi*); *ascoitar* en Osoyro Eanes (B 41), Johan Soarez Somesso (B 115 / A 22), Roy Fernandez de Santiago (B 912/ V 516) e Pero Martiz, nunha tenzón con Vasco Gil (V 1020); *coitelo* rexístrase na obra de Afonso Eanes do Coton (B 1580 / V 1112) e mais nas *Cantigas de Santa Maria*. Salvo Pero Martiz, de quen ignoramos a identidade, temos a certeza de que todos os demais trobadores citados son galegos. Nas *Cantigas de Santa Maria* tamén se le nunha ocasión *moitas*, rimando con *coitas* e *doitas* (METTMAN, I, p. 49).

9. Para interpretalo, téñase en conta que só se indican os puntos en que se rexistran as variantes *multo* e *truita* (con subvariantes que non fan a caso: *muto* e *truta*, *mutio* e *trutia*, etc.) e que, dentro destas, só se salientan con cadansúa icona os puntos en que se rexistran *cuidar* e *entruído*. Téñase en conta, asemade, que en todos os puntos en que se rexistra *cuidar* tamén se rexistra *entruído* e que a área de distribución de *multo* e *truita* (coas súas variantes) é case completa, salvo excepcións puntuais irrelevantes para o noso asunto.

MAPA: DISTRIBUCIÓN DAS VARIANTES MUITO, TRUITA, CUIDAR E ENTRUIDO NO GALEGO ACTUAL. SALIENTAMOS A ÁREA DO SUDOESTE DE GALICIA (PONTEVEDRA-TUI) QUE NOS INTERESA DIRECTAMENTE



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Atlas Lingüístico de Galicia.

Fernández Rei (1990, pp. 48-51) define seis subsistemas dialectais en galego en función das distintas solucións dadas a estes ditongos. Entre estes, cómpre salientar os que el denomina C-E-F dunha banda e D doutra, que corresponden respectivamente a boa parte do oriente de Galicia co galego estremeiro (C-E-F) e ao recanto sudoccidental da provincia de Pontevedra (D). En todos estes subsistemas tende a manterse a distinción entre os dous ditongos nos seguintes termos: dunha banda temos orixinariamente *muito*, *escuitar*, *luita* e *truita* (voces nas cales a vogal nuclear do ditongo procede dun [ũ] breve latino)¹⁰ e da outra *noite* e *oito* (onde a vogal nuclear do ditongo procede dun [õ] breve latino). Infelizmente, nin no traballo de Fernández Rei nin no ALGa se ofrecen exemplos de resultados de [õ] longo latino ante iode, pero si temos exemplos análogos, como xa vimos, de [ũ] breve e [ũ] longo latinos ante iode. En concreto, procede chamar a atención sobre a área sudoccidental (C), que abrangue aproximadamente as bisbarras ao sur da cidade de Pontevedra ata o río Miño (véxase o noso mapa). É a zona que corresponde, grosso modo, coa área de distribución das variantes *muito* e *truita* (FERNÁNDEZ REI, 1990, p. 50). Na actualidade, no interior desa área, segundo o ALGa, volume III, aparecen variantes como *enxuito* (P 22) – *enxuto* (mapa 5), *fruita* (P 19, P 32 e P 33) (mapa 6), *luita* (P 23) e *luta* (P 27) (mapa 7), *vutre* (P 25, P 27, P 31) (mapa 17), *cutelo* (P 33) e *cuitelo* (mapa 19), *entruído* (indicada no mapa) e, como antes sinalamos, *cuidar* (tamén indicada no mapa: P21 e P 32)¹¹. Tendo en conta os devanditos resultados, nesa área son esperables variantes de tipo *cuitado* e *cuita*. De feito, formas deste tipo están documentadas en textos galegos modernos desde o século XIX, nomeadamente, en autores procedentes desta área¹². Destarte, rexístranse nun autor tan confiable desde o punto de vista lingüístico coma o pontevedrés Xoán Manuel Pintos, que, pola contra, non rexistra en absoluto as variantes con <oi> (datos do TILGA).

10. En dous dos subsistemas indicados (E e F), correspondentes ás variedades orientais, verificouse unha evolución posterior a *mutu* ou *mutio*, *escutar* ou *escutiar*, *luta* ou *lutia*, *truta* ou *trutia*.

11. As formas actuais en [u], como *enxuto*, *luta*, *vutre* ou *cutelo* presupoñen unha fase previa en [uj], con posterior redución do ditongo, como se ve tamén no portugués xeral de hoxe.

12. Tamén, como é obvio, das outras tres que antes sinalamos: occidente da Coruña, nordeste de Lugo e oriente de Ourense co galego estremeiro.

Na xeneralización das variantes de tipo *cuidar* dunha banda e *coita* da outra no conxunto do *Cancioneiro da Ajuda* e no *Livro das Cantigas* de don Pedro de Barcelos puido influír o feito de que ambas eran moi frecuentes na lírica occitana, na cal, en troca, *coidar* era inexistente e *cuíta* gozaba dunha circulación moi escasa¹³. Se isto fose así, a preferencia por esas dúas variantes non ofrecería ningunha pista canto ao ámbito xeográfico ou cultural de confección *Cancioneiro da Ajuda*: Galicia, Portugal, a corte de Afonso X ou outra corte rexia de Castela¹⁴. Pola contra, a prezeza de ou a preferencia por variantes tipo *cuíta* no *Cancioneiro dos cabaleiros* ou un hipotético antecedente deste (véxase máis abaixo) e tipo <oi> de *coidar* na *Recolla dos trobadores* pode constituír indicios dunha radicación galega desas dúas colleitas, máis frouxo no caso do primeiro e máis sólido no caso da segunda. Se fose así, o hipotético *Cancioneiro dos cabaleiros* puido ser copiado nun ámbito nobiliar da área sudoeste de Galicia, na terra de Toroño ou, máis xenericamente, na diocese de Tui, incluíndo as bisbarras portuguesas entre Miño e Lima. A non menos hipotética *Recolla dos trobadores* puido ser confeccionada nunha corte nobiliar da Galicia central, ou ben por mans galegas traballando en Castela ou Portugal. É certo que a primeira hipótese resulta fráxil, entre outras razóns, porque *cuíta* é variante primitiva tamén en portugués. En troca, a variante <oi> de *coidar* apunta dun xeito máis consistente a Galicia, ou cando menos a mans galegas. En primeiro lugar, porque esa variante é allea ao castelán e descoñecida na lírica occitana¹⁵, polo que a súa difusión na lírica galego-portuguesa non pode atribuírse nin a unha copia en ambiente castelán nin á imitación da linguaxe dos *trobadors*. De certo, como xa vimos, non era descoñecida en Portugal (NUNES, 1975, p. 80 e nota 3), pero, ademais de ser a corrente en Galicia, é significativo que nos presuntos autores da dita *Recolla* vén asociada a outros trazos distintivamente galegos, por sinal, a elevada frecuencia relativa da variante {-o} da P3 dos perfectos fortes (*fezo, diso, quisso, prougo*), como decontado mostraremos.

TRAZOS GALEGOS NA *RECOLLA DOS TROBADORES*: JOHAN SOAREZ COELHO

En efecto, a maior parte dos autores que rexistran en *A* a variante {-o} da P3 dos perfectos fortes presentan tamén, con maior ou menor frecuencia, a variante en <oi> de *coidar*: Johan Somesso (xusto *A* 23 presenta as dúas variantes xuntas), Martin Soarez, Pero Burgales (cinco rexistros de *fezo*), Johan Coello (oito rexistros sumando *quisso* [3], *fezo* [4] e *disso* [1]), Ribela (tres rexistros de *fezo*), Ulloa (cadanseu rexistro de *quisso* e *prougo*), Chariño (sete en total: dous rexistros de *fezo*, catro de *disso* e un de *quisso*), Vello (*quisso*). Por outra banda, Talaveyra e Calvelo constitúen as únicas excepcións (véxase RAMOS, 2008, II, pp. 217-18). Cómpre subliñar que os dous autores con máis rexistros da variante {-o}, Burgales e Coello, se contán tamén entre os máis prolíficos da variante <oi> de *coidar*. Parece obvio, xa que logo, que a aparición desta última variante nos trobadores do ciclo da *Recolla* (de Burgales a Ulloa) debe atribuírse a un substrato galego, moito máis probablemente ca a un substrato portugués.

Poderá parecer paradoxal que propugnemos a radicación en Galicia dunha colectánea cancioneril en que precisamente o contributo de trobadores galegos ten un peso relativamente menor, pero debemos lembrar dunha banda que o trobadorismo galego-portugués descoñecía as fronteiras políticas (tanto é así, que varios dos trobadores portugueses da *Recolla* puideron atoparse uns con outros na corte de Afonso de León-Castela, infante e rei), e doutra, que varios dos trobadores portugueses en causa tiveron ligazóns con Galicia¹⁶. O caso de Johan Soarez Coello é ilustrativo: comezando por unha súa bisavoa que ao parecer era filla do conde galego Gomez Nunez de Pombeiro, casada con Lourenço Viegas (fillo de Egas Moniz), seguindo pola súa nai, Mor Mendez de Candarei, de probable

13. Ademais de *cocha* e outras variantes que non fan ao caso; véxase Raynouard (1844, II, pp. 425-26) e Levy (1894, II, pp. 272-273).

14. Endebén, xa Maria Ana Ramos (1988), a partir dunha sondaxe dalgunhas características paleográficas do *Cancioneiro da Ajuda* e dun dos códices das *Cantigas de Santa Maria*, mostrara que neles se empregaron diferentes sistemas de abreviaturas, regras da escrita gótica e siglas. No mesmo sentido, nós mostramos noutro escandallo que as pautas grafemáticas do manuscrito *To das Cantigas de Santa Maria* difiren das do *Cancioneiro da Ajuda* (MONTEAGUDO, 2008a).

15. Nesta, as variantes máis correntes son *cuidar-cujar* (verbo) e *cuida-cuja, cuit-cug* ou *cuidat* (substantivo) e non se rexistran variantes con [oj]. Véxase Raynouard (1844, II, pp. 429-3); Levy (1894, II, pp. 424-28) e Barsch (1904, p. 506).

16. Probablemente, Pero Garcia Burgales era castelán e Roy Queymado portugués; Fernan Garcia Esgaravuña, Vasco Gil e Johan Soarez Coello eran sen dúbida portugueses, unicamente Roy Paez de Ribela, Johan Lopez de Ulloa, Payo Gomez Chariño e Fernan Vello eran galegos (o segundo e o terceiro, con certeza, o primeiro e o último, por conxectura). De todos os xeitos, Fernan Garcia Esgaravuña e Vasco Gil eran fillos de nai galega (Elvira Gonçalves de Toroño e María Ayras de Fornelos respectivamente), mentres que Johan Soarez Coello tiña ascendencia e familia galega, como veremos.

orixe galega¹⁷, e rematando porque el mesmo casou cunha dama galega, Maria Fernandez, filla de Fernando Sanchez de Ordêes (MATTOSO, 1985, pp. 416-20). Deterémonos brevemente nel.

Johan Soarez Coello aparece por primeira vez na documentación histórica subscribindo un instrumento de que é titular o infante Fernando de Serpa, irmán do rei Sancho II de Portugal, datado 1235 en Serpa (Alentejo). O trobador non volve aparecer na corte portuguesa deica 1249, con Afonso III Bolonhês xa instalado no trono, ao abeiro de quen medrou, sempre da man do seu curmán o trobador Johan Perez de Avoin (quen, significativamente, está colocado onda Johan Coello en *A* e nas seccións de amigo e escarnio de *B* e *V*; véxase cadro nº 7)¹⁸. Nos últimos anos da década dos '30 e na maior parte década dos '40, Fernando de Serpa serviu na corte castelá e nela, con toda probabilidade, Coello trabou relación co círculo trobadoresco que por eses anos se congregou arredor do infante Afonso (futuro rei Sabio), onde se debeu de iniciar no mester lírico, que máis tarde exercería tamén na corte de Afonso III de Portugal¹⁹.

Non podemos deternos a estudar en profundidade os trazos lingüísticos especificamente galegos das cantigas de Johan Soarez Coelho; de todos os xeitos, na liña dos argumentos que estamos manexando, procede facer unha rápida referencia a eles. Ademais dos xa sinalados (tres rexistros de *fezo*, catro de *quiso* e un de *disso* en *A*, aos que hai que engadir un de *fezo* en *V*), podemos engadir algúns outros. Nuns casos, trátase de formas que son máis ou menos banais en *A* e incluso en *B/V*, como o adverbio *ar* (referíndonos sempre á obra de Coello: oito ocorrencias en *A* e nove en *B/V*, fronte a *er*, con só dúas ocorrencias en *B/V*), a preposición *ata*, as partículas comparativas *ca* e *come*, ou as abundantes formas palatalizadas da P1 do perfecto forte de *dizer*, *querer* e *pôer* (*dixi- dixe- dix'*, *quix* en rima con *fiz*, *pugi-pug'*) e do pronome átono de terceira persoa *xi-x'*. Centrando a nosa atención en *B/V*, rexistramos outras variantes que chaman máis a atención: tal é o caso da grafía con <ll> en *null'ome* (*B* 686 / *V* 288), da terminación en {-an} do nome *vilan* (*B* 1181 / *V* 786, tenzón co xograr galego Juyão Bolseyro) ou da variante *che-ch'* do pronome átono de P2 *te-ti* (*V* 1018, 1022 e 1025). Canto á rechamante variante *vilan* (fronte a *vilão*, esperable e máis corrente tanto nos cancioneros trobadorescos canto nas *Cantigas de Santa Maria* e mais nos textos en prosa), procede deixar constancia de que se rexistra tamén en Lopo Lias (*B* 1349 / *V* 956), Pay Soarez de Taveyros (*B* 144, tenzón con Martin Soarez), Pero da Ponte (*B* 1630 / *V* 1164) e un Rodrigo Eanes (Redondo?) que tenzoa co xograr Lourenço (*V* 1032). A asociación da variante con trobadores de orixe galega parece, pois, clara²⁰.

No que atinxe á serie de variantes palatalizadas do pronome átono de segunda persoa, *che-chi-ch'*²¹, ademais dos exemplos que acabamos de citar en Johan Soarez Coello, estas rexístranse en Afonso X (*ch'*: *B* 484 / *V* 67), Afonso Eanes do Coton (*ch'*: *B* 1583 / *V* 1115), o mesmo Coton ou Pero de Viviaz (*che*: *B* 1617 / *V* 1150, a atribución é dubidosa), Martin Soarez (*chos*, *che*: *B* 1365 / *V* 973), Roy Queymado (*cha*: *B* 1387 / *V* 996) e unha serie de trobadores que tenzoan co célebre xograr Lourenço: ademais do xa citado Coello (*ch'*: *V* 1022), Johan Perez de Avoin (*cho*: *V* 1010), o tamén amentado Rodrigo Eanes (*ch'*, *cho*: *V* 1032), Johan Vasquez [de Talaveyra] (*cho*: *V* 1035) e Johan Garcia de Guillade (*chi*: *B* 1494 / *V* 1105). Na listaxe non abundan os poetas de orixe galega (como Coton ou Pero de Viviaz) nin de conexión galega (como Martin Soarez e Afonso o Sabio) pero chama poderosamente a atención que boa parte dos rexistros aparezan en autores que probablemente formaron parte da hipotética *Recolla dos trobadores* (Martin Soarez, Queymado, Coello, Avoin e Guillade, e quizais tamén Talaveyra) e en tenzóns con Lourenço —de probable orixe galega— a pesar de que, curiosamente, as variantes en foco non aparecen nas intervencións deste, senón nas dos seus interlocutores.

17. Lémbrese o trobador Nuno Rodriguez de Canderei, fillo de Rodrigo Paez de Canderei e neto de Payo Sorredeia, tenente do castelo de Canderei, situado no occidente da Limia (MONTEAGUDO, 2008b, pp. 142-44). Con estes, e quizais coa nai de Coello, debía porter “Don Meendo de Canderei”, amigo de Soutomaior, satirizado polo propio infante Afonso (*B* 474).

18. Johan Perez de Avoin era fillo de Maria Viegas Coello, tía paterna de Johan Soarez Coello. O *Cancioneiro da Vaticana* transmite dúas tenzóns entre ambos os dous: *V* 1009 e 1011.

19. As dúas cantigas da súa autoría datables con máis seguranza sitúanse nese período: *V* 1013, que estaría composta entre 1241 e 1244 (MI-CHAËLIS, 1990, II, p. 323), e *V* 1021, tenzón con Picandon, sogral do trobador Sordello, que residiu na Península entre 1237 e 1241 (LAPA, 1970, p. 367). Mattoso (1985, p. 425, nota) propón que unha cantiga satírica de Afonso o Sabio en que se menciona un Johan Coello (*B* 466 / *V* 358) —que identifica co trobador— sexa datada pouco despois de 1248 e inmediatamente antes da volta de Johan Soarez á corte portuguesa. Véxase Lapa (1970, pp. 65-67).

20. Corominas / Pascual (1983-84, V, p. 819b) sinalan que en castelán, a carón de *villano*, existiu unha variante apocopada *villán*, documentada xa en Berceo e que se substantivou en aragonés. A variante galega *vilan* pode reflectir un fenómeno similar. Procede lembrar aquí a variante *san* de *são* nunha cantiga de Martin Codax (*B* 1279 / *N* 2 / *V* 885).

21. Estas variantes son relativamente abundantes nas *Cantigas de Santa Maria* e os textos en prosa dos séculos XIV e XV (*Tradución Galega da Crónica Xeral, Historia Troyana, Crónica Troyana, Miragres de Santiago...*). Véxase TMILG.

Canto ao primeiro aspecto, a suxestión é que os textos atinxentes deberon formar parte da dita *Recolla*, e neste caso o carácter galego dela quedaría aínda máis de relevo. Canto ao segundo, diríase que o emprego das variantes de tipo *che* ten unha connotación festiva ou burlesca, probablemente porque soarían peculiares e algo estrañas a oídos portugueses e casteláns. Canto ao terceiro, pode ter unha explicación sinxela: Lourenço sempre trata os seus contenedores de *vós*, como corresponde á maior categoría social destes, mentres que eles o tratan de *tu*, como enfatizando o seu estatus social inferior. É de notar que, fóra das tenzóns, as variantes de tipo *che* que se rexistran no propio Coello (*cho*: V 1018; *ch'*, *che*: V 1025) e Martin Soarez, aparecen tamén en cantigas dirixidas a xograis; mentres que no caso das cantigas de Coton os pronomes se refiren a soldadeiras. Os condicionamentos pragmáticos para o emprego da serie pronominal de segunda persoa 'ordinaria' (non cortés) restrinxen a aparición destas variantes á sección satírica dos cancioneiros: a *señor* da cantiga amorosa sempre é tratada de *vós*, e este é tamén o tratamento que adoitan empregar entre si os interlocutores dos diálogos das cantigas de amigo.

En definitiva, parécenos que existen argumentos sólidos para postular que a hipotética *Recolla dos trobadores*, malia a importancia que teñen nela os trobadores de orixe portuguesa, foi compilada en ambiente galego ou por mans galegas.

REFERENCIAS

FONTES

- A = *Cancioneiro da Ajuda*. Véxase **Fragmento do Nobiliario do Conde don Pedro. / Cancioneiro da Ajuda**. Edición facsimilada do códice existente na Biblioteca Nacional. Lisboa: Távola Redonda / Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico – Biblioteca da Ajuda, 1994.
- B = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*. Véxase **Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci Brancuti). Cod. 10991**. Reprodución facsimilada. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional – Casa da Moeda, 1982.
- V = *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*. Véxase **Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803)**. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.
- N = *Martin Codax. Bañarnos emos nas ondas!* As sete cantigas / O Pergamiño Vindel [edición de Henrique Monteagudo]. Vigo: Parlamento de Galicia / Real Academia Galega / Xunta de Galicia, 2014.
- ALGa = **Atlas Lingüístico Galego**. Volume III. Fonética. [GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel, Ed.]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1999.

RECURSOS EN LIÑA

- Corpus do portugués = DAVIS, Mark / FERREIRA, Michael J. **O Corpus do Português**. United States National Endowment for the Humanities: <<http://corpusdoportugues.org/>>.
- DDGM = GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto (Coord.) & María ÁLVAREZ DE LA GRANJA & Ana Isabel BOULLÓN AGRELO. **Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval**. En liña en <<http://sli.uvigo.es/DDGM/>>.
- Diccionario de dicionarios do galego = SANTAMARINA, Antonio (Coord.). **Diccionario de dicionarios do galego**: <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.
- MedDB = BREA, Mercedes (Dir.), **Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa**. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: <<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=MEDDB2>>.
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (Dir.) (2004-). **Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega**. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega: <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.
- Projeto littera* = LOPES, Graça Videira; FERREIRA, Manuel Pedro et al. (2011-). **Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]**. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA: <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/>>.
- Índices do Atlas Lingüístico Galego* = SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio. *Índices do Atlas Lingüístico Galego*: <<http://ilg.usc.es/indices/>>.

EDICIÓNS E ESTUDOS

- COROMINAS, Joan; PASCUAL, José Antonio (1983-84). **Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico**. 6 vols. Madrid: Gredos.
- CUNHA, Celso Ferreria da (1957). **O cancionero de Martin Codax**. Rio de Janeiro: Imprensa Nacional.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990). **Dialectoloxía da lingua galega**. Vigo: Xerais.
- HUBER, Joseph (1986). **Gramática do portugués antigo**. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- LAPA, Manuel Rodrigues (1970). **Cantigas d'escarnho e de maldizer dos cancioneros medievais galego-portugueses**. Vigo: Galaxia.
- LEVY, Émil (1894). **Provenzalisches Supplement-Wörterbuch**. Vol. 1. Leipzig: O. R. Reisland.
- MACHADO, José Pedro (1977). **Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa**. 5 vols. Lisboa: Livros Horizonte.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986). **História do galego-português**. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- MATTOSO, José (1985). João Soares Coelho e a Gesta de Egas Moniz. En *idem*, **Portugal Medieval. Novas interpretações**. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda. pp. 409-435.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1976-1980). **Cantar de Mio Cid**. Texto, Gramática y Vocabulario. 3 vols. Madrid: Espasa Calpe.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1980). **Orígenes del español**. Madrid: Espasa Calpe.
- METTMANN, Walter (1981). Afonso X o Sábio. **Cantigas de Santa Maria**. 2 vols. Vigo: Edición Xerais de Galicia.
- MICHÄELIS DE VASCONCELLOS, Carolina (1990). **Cancioneiro da Ajuda**. Edição crítica e commentada. 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- MONTEAGUDO, Henrique (2008a). Ortografía *alfonsi*? Para a análise grafemática dos testemuños poéticos en galego da segunda metade do século XIII. En FERREIRO, Manuel; MARTÍNEZ PEREIRO, Carlos P.; TATO FONTAÍÑA, Laura (Eds.). **A edición da poesía trobadoresca en Galicia**. A Coruña, Baía Edicións. pp. 141-60.
- , (2008b). **Letras primeiras**. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- , (2013). «*Cuita grand'e cuidado*» (A 32) / «*Coita grand'e coyado*» (B 174). Estratigrafía da variación lingüística nos cancioneros trovadorescos. **Boletín da Real Academia Galega**, nº 374, pp. 207-299.
- , (2015). Variación scriptolingüística e estratigrafía comparada de A e B. Achegas á proto-tradición manuscrita dos cancioneros galego-portugueses. **Diacrítica**, vol. 29, 471-496.
- NUNES, José Joaquim (1975). **Compêndio de gramática histórica portuguesa**. Lisboa: Livraria Clássica.
- OLIVEIRA, António Resende de (1994). **Depois do espectáculo trovadoresco**. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV. Lisboa: Colibri.
- RAMOS, Maria Ana (1988). Tradições gráficas nos manuscritos ibéricos da lírica galego-portuguesa. **Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes**. Vol. VI. Tübingen: Max Niemeyer. pp. 37-48.
- RAMOS, Maria Ana (2008). **O cancionero de Ajuda**. Confecção e escrita. 2 vols. Lisboa: Universidade de Lisboa. Dissertação de doutoramento inédita. [Na rede: <<http://repositorio.ul.pt/handle/10451/553>>].
- RAYNOUARD, François (1844). **Lexique Roman ou dictionnaire de la langue des troubadours**. Vol. II. Paris: Chez Silvestre. Accesible en liña en: <<http://books.google.fr/books?id=Pz3WAAAAMAAJ&printsec=frontcover#v=onepage&q&f=false>>.
- RÜBECAMP, Rudolf (1933). A linguagem das Cantigas de Santa Maria, de Alfonso X o Sábio. **Boletim de Filologia** 1, 273-356.
- VASCONCELOS, José Leite de (1970). **Textos arcaicos**. Lisboa: Livraria Clássica Editora.
- WILLIAMS, Edwin B. (1986). **Do latim ao português**. Rio de Janeiro: Tempo brasileiro.

A POESIA DO OLHAR MEDIEVAL

THAYANE GASPAR JORGE
UERJ

INTRODUÇÃO

O motivo dos olhos é um tema bastante usado pelos poetas para falar de amor desde a Antiguidade, pelo fato de os olhos serem considerados responsáveis pelo nascimento amoroso. Na lírica galego-portuguesa, esse motivo é recorrente, sendo encontrado em 179 cantigas de amigo e cantigas de amor. Esses olhos são evocados como os olhos que choram, os olhos que não dormem, os olhos iluminados pela visão da amada, e também como os olhos que carregam a coita pela ausência dela. Geralmente, a ocorrência do tema do olhar é seguida pelas palavras “coração”, “coita” e “Deus”. O coração é o lugar onde o trovador guarda seu sofrimento e sentimento pela “senhor”, a coita é a consequência após o encontro visual e o impedimento de revê-la, e Deus é o culpado ou o responsável pela paixão que nasce entre os amantes.

O OLHAR NA SOCIEDADE MEDIEVAL

Não é por acaso que o olhar aparece como tema de um grande número de cantigas da lírica medieval. Segundo o historiador francês, Jacques Le Goff (*Uma história do corpo na Idade Média*, 2003), a visão foi o sentido mais predominante na Idade Média (foi nessa época em que a moda nasceu, e época também da invenção dos óculos). Para o imaginário daquela sociedade, cerceada pelo domínio e vigilância da Igreja Católica, os olhos faziam o trabalho de filtrar o bem e o mal (assim como a orelha e a boca), além de ficar na cabeça, lugar do corpo considerado nobre. Simbolicamente os olhos também estavam ligados ao coração, a segunda parte nobre do corpo humano.

A visão é considerada, por São Tomás de Aquino, o sentido mais espiritual e aquele mais apto para o conhecimento. A Igreja e seus preceitos cristãos vão atribuir à visão uma importância que começa na própria Bíblia. Por conta desse apreço em relação aos olhos, as lágrimas ganham sua relevância e são reaproveitadas pelo cristianismo que as transforma de um gesto de tristeza a um gesto de purificação, dando-lhes novo valor.

LÁGRIMAS

A sociedade medieval é feita de tensões: bem x mal, amor x morte, espiritual e carnal. O choro oscila dentro da tensão entre a carne e o espírito, significando tanto a renúncia à carne quanto a corporeidade de Cristo. O pranto é supervalorizado como forma de reduzir a quantidade de líquidos no corpo humano e a incitação ao pecado, evitando que esses líquidos sejam usados pelo corpo na sexualidade.

As lágrimas também vão representar a encarnação de Cristo no homem, Jesus chora em três episódios bíblicos em que as lágrimas terão uma interpretação positiva. Assim, as lágrimas serão um critério para a santidade (LE GOFF, 2003) e representavam a fecundidade de origem divina. Chorar significava permitir que Deus passasse pelo corpo, mobilizado, para então atingir o divino.

Santo Agostinho, em sua obra *Confissões* (398 d.c), discorre bastante sobre as lágrimas e dedica dois capítulos especialmente a elas: *O conforto das lágrimas* e *As lágrimas negadas*. No primeiro, Santo Agostinho (398 d.c, p. 29) fala das lágrimas que chora pela morte de um amigo, e pergunta a Deus porque existe doçura nesse ato em meio

à dor e adiciona: “Ou será que o pranto, que é amargo em si mesmo, se torna um deleite quando, pelo fastio, aborrecemos os prazeres que antes nos eram gratos?”, mostrando dessa forma o prazer e o conforto trazido pelo pranto.

Em *As lágrimas negadas*, o santo chora novamente pela morte, dessa vez de sua mãe, e vê suas lágrimas negadas por conta pela sua energia e pelo seu próprio coração. Entretanto, nessa passagem, Santo Agostinho se mostra preocupado com a interpretação que aquelas lágrimas poderiam ter sob outros olhos:

(...) E senti consolação em chorar diante de ti, por causa dela e por ela, e por minha causa e por mim. E deixei que as lágrimas reprimidas corresse à vontade, estendendo-as como um leito reparador sob meu coração. Teus ouvidos eram os que ali me escutavam, e não os de nenhum homem, que pudesse interpretar com soberba meu pranto.

E agora, Senhor, to confesso nestas linhas: leia-o quem quiser, interprete-o como quiser. E se alguém julgar que pequei nessas lágrimas, que derramei sobre minha mãe por alguns instantes, por minha mãe então morta a meus olhos, ela que me havia chorado tantos anos para que eu vivesse aos teus olhos, não se ria. Antes, é grande sua caridade, chore por meus pecados diante de ti, Pai de todos os irmãos de teu Cristo!”

Assim, as lágrimas apresentam um paradoxo e significam tanto fraqueza quanto uma resposta à devoção a Deus. É mais do que tudo, demonstram a sensibilidade e um certo prazer que havia no ato diante de situações amargas ao coração.

Para o professor e historiador Johan Huizinga, a receptividade, a facilidade de emoções, essa propensão às lágrimas são próprias da Idade Média. Por isso, em muitas cantigas nas quais aparece o termo “olhos”, há expressões comuns como, por exemplo: “*e choram olhos d’amor*”, “*chorando muito destes olhos meus*”, *destes meus olhos a coita que ham:choram e cegam, quand’alguém nom veem*”.

SONHOS

Outro tipo de visão passou pelo crivo e é codificação da Igreja Católica, a visão que enxerga o oculto e o futuro: o sonho. O sonho considerado “uma narrativa em que se vê” que consegue entrever uma verdade escondida (LE GOFF), e é demonizado pelo cristianismo, por conta de sua origem pagã e por estar ligado ao submundo.

O cristianismo reconhece a universalização dos sonhos – todo homem sonha –, mas permitia apenas que a elite (reis e santos) sonhasse. O sonho era considerado perigoso, pois podia ser falso ou premonitório, e o futuro só poderia pertencer a Deus. A Igreja também ensinava que era durante a noite que a carne despertava palpitante, por isso o gesto do sonhador é codificado pela religião cristã e há a criação de normas sobre a posição ideal para se dormir, a fim de se evitarem os sonhos.

Santo Agostinho escreve no capítulo XXX de sua obra um relato chamado *O sonho e a voluptuosidade*, pedindo a Deus que aperfeiçoe nele a resistência aos seus sonhos que provocam prazeres através de lembranças:

Mas em minha memória, de que falei longamente, vivem ainda as imagens dessas voluptuosidades que meus costumes de outrora ali gravaram. Sem forças diante de mim quando estou acordado, durante o sono, elas não somente suscitam em mim o prazer, mas o consentimento do prazer e a ilusão da ação.

Ainda que a Bíblia contenha algumas passagens referentes aos sonhos, a sociedade medieval tinha seus sonhos controlados, já que a forma corporal da tentação é a visão. Esse pensamento é refletido pelo baixo número de menções aos sonhos na lírica medieval galego-portuguesa, apenas 5 cantigas (de servintês moral, escárnio e maldizer e de amigo). A cantiga de João Mendes de Briteiros, trovador de nacionalidade portuguesa do século XII, mostra o plano onírico como o único plano possível para a realização amorosa neste exemplo:

Deus! que leda que m’esta noite vi,
amiga, em um sonho que sonhei,
ca sonhava em como vos direi:
que me dizia meu amig’assi:
“Falade mig’, ai meu lum’e meu bem”.

Nom foi no mundo tam leda molher
 em sonho, nen'ò podia seer,
 ca sonhei que me veera dizer
 aquel que me melhor que a si quer:
 “Falade migo, ai meu lum'e meu bem”.

Des que m'espertei, houvi gram pesar,
 ca em tal sonho havia gram sabor,
 com o rogar-me, por Nostro Senhor,
 o que me sabe mais que si amar:
 “Falade migo, ai meu lum'e meu bem”.

E, pois m'espertei, foi a Deus rogar
 que me sacass'aqueste sonh'a bem.

Nessa cantiga, a voz feminina se dirige a Deus e à amiga para narrar um sonho que a deixou muito alegre, ela sonhou que seu amigo demonstrou ter sentimentos recíprocos aos seus. Contudo, mesmo quando a voz feminina do eu lírico diz que ela foi a mulher mais feliz em sonho pela declaração do amigo, termina a cantiga falando do pesar que aquele sonho causou e roga a Deus que a tirasse daquele sonho por bem. Essa última cobra parece transformar o sonho, até mesmos os bons sonhos, em algo perigoso e a ser evitado. Nesta segunda cantiga de Briteiros, a conotação negativa da experiência onírica é reforçada:

Ora vej'eu que nom há verdade
 em sonh', amiga, se Deus me perdom,
 e quero-vos logo mostrar razom,
 e vedes como, par caridade:
 sonhei, muit'há, que veera meu bem
 e meu amig', e nom veo nem vem.

Ca nom há verdade nemigalha
 em sonho, nem sol nom é bem nem mal,
 e eu nunca ende creerei al,
 porque, amiga, se Deus me valha,
 sonhei, muit'há, que veera meu bem
 e meu amig', e nom veo nem vem.

Per mim, amiga, entend'eu bem que
 sonho nom pode verdade seer,
 nem que m'er pode bem nem mal fazer,
 porque, amiga, se Deus bem mi dê,
 sonhei, muit'há, que veera meu bem
 e meu amig', e nom veo nem vem.

E, pois se foi meu amig'e nom vem,
 meu sonh', amiga, nom é mal nem bem.

Nesse segundo exemplo, a mulher que sonha está confessando seu sonho irrealizado a uma amiga. Ainda que a voz feminina repita durante toda a composição que seu sonho não é mal nem bem, ela perde perdão a Deus por tê-lo sonhado. O sonho nessa cantiga parece fazer referência ao sonho que vê o futuro, o sonho premonitório, aquele que a Igreja não admite, pois prega que o futuro não pode ser conhecido pelos homens, apenas por Deus. Logo, a avaliação “bem e mal” não se refere ao sonho em geral, mas à premonição. Se o futuro visto em sonho não

se realizou, aquele sonho não pode ser bom nem ruim, perde seu rótulo de pecado, o sonhador se sente absolvido. Mas a voz parece agora acreditar, já que o sonho já foi há muito tempo sonhado e nada mudou na sua realidade, seu amigo não voltou. A irrealização agora a faz crer que os sonhos não podem ser reais, e que não o sendo, também não podem fazer mal a ela.

LUME

O lume se encontra na lírica medieval com duas conotações: a religiosa e a amorosa. No sentido religioso, a luz é citada em diversos textos bíblicos como essa afirmação na I Epístola de São João, 1,5: “Deus é luz”. Segundo a Bíblia, é a luz que garante as faculdades de ver e de conhecer. A teoria do astrônomo e matemático alemão, Johannes Kepler, afirma que há três luzes no mundo: Deus, o sol, e a alma humana.

Na conotação amorosa, a luz representa a ferida nos olhos causada pelo amor à primeira vista. No amor, a luz é um paradoxo, ela ofusca porque permite que se veja tanto, que já não dá mais para ver. O momento de luz é uma metáfora para o ápice do enamoramento.

Sendo assim, a luz se converte na metáfora da luminosidade do amado, a luz que faz os seres parecerem mais belos e os torna mais aptos para amar. Entretanto, a luz vai servir para representar também vida e morte. A vida é considerada um percurso de luz, então a morte é a escuridão, a perda do lume.

Até mesmo a sanidade será representada pela ausência ou presença de luz. Empregam-se palavras como lúcido e alucinado para se referir à loucura e à sanidade. A mesma coisa vale para a razão, o olhar e a luz se relacionam com a perspectiva da verdade, perder o lume é perder a razão.

Na cantiga de João Soares Coelho, trovador português do século XIII, a conotação amorosa da luz se faz presente:

Senhor e lume destes olhos meus,
per boa [fé], direi-vos ùa rem;
e se vos mentir, nom me venha bem
nunca de vós, nem d’outrem, nem de Deus:
dê’lo dia ‘m que vos nom vi,
mia senhor, nunca despois vi

prazer nem bem; nen’o ar veerei,
se nom vir vós, enquant’eu vivo for,
ou mia morte, fremosa mia senhor;
ca estou de vós como vos en direi:
dê’lo dia ‘m que vos nom vi,
mia senhor, nunca despois vi

per boa fé, se mui gram pesar nom;
ca todo quanto vi me foi pesar
e nom me soube conselho filhar.
E direi-vos, senhor, des qual sazom:
dê’lo dia ‘m que vos nom vi,
mia senhor, nunca despois vi,

nem veerei, senhor, mentr’eu viver,
- se nom vir vós ou mia morte - prazer!

A “senhor”, amada pelo trovador nessa poesia, possui a luz própria dos seres amados, porém nessa composição fica sugerida a ideia do amor que cega. “dê’lo dia ‘m que vos nom vi, mia senhor, nunca despois vi”. Não é o caso de uma cegueira como aquela quando o amor mostra tanto a ponto de ofuscar, mas ao contrário, sem a amada que é a luz dos olhos do trovador, ele não pode enxergar. Sem ver a amada, o trovador não vê mais nada, por isso ele precisa

vê-la desesperadamente para acabar com sua cegueira, e caso ele não o possa, prefere morrer, o que significaria dar as costas à luz.

Vejam mais uma cantiga em que o lume está presente:

Que prazer havedes, senhor,
de mi fazerdes mal por bem
que vos quig'e quer'? E por en
peç'eu tant'a Nostro Senhor:
que vos mud'esse coraçom
que mi havedes, tam sem razom.

Prazer havedes do meu mal
pero vos amo mais ca mi;
e por en peç'a Deus assi,
que sabe quant' é o meu mal:
que vos mud'esse coraçom
que mi havedes, tam sem razom.

Muito vos praz do mal que hei,
lume daquestes olhos meus;
e por esto peç'eu a Deus,
que sab'a coita que eu hei,
que vos mud'esse coraçom
que mi havedes tam sem razom.

E se vo-lo mudar, entom
poss'eu viver [e] se nom, nom.

Na cantiga acima de autoria do rei D. Dinis, trovador português do ano 1261, pode-se interpretar a ideia do amor como ferida dos olhos que se assenta no coração (PÉREZ BARCALA, 2004). Portanto, o trovador roga a Deus que tire de seu coração o amor que entrou pelos seus olhos, mas que durante a ausência da luz da amada e da própria amada, causa-lhe coita e mal. Outra noção que pode ser extraída nessa cantiga é a ideia filosófica da passividade do olhar. Segundo essa ideia, a atividade de olhar estaria nas coisas e na luz, e não nos nossos olhos. Santo Agostinho (*Confissões*, 398 d.c) também insinua essa passividade:

A própria rainha das cores, a luz que inunda tudo o que vemos, e onde quer que eu esteja durante o dia, acaricia-me de mil modos, mesmo quando estou ocupado em outra coisa e não lhe dou atenção. E ela se insinua tão fortemente que, se de repente me for tirada, a desejo, a procuro e, se sua ausência se prolonga, a alma se entristece.

AMOR À PRIMEIRA VISTA

O amor à primeira vista é a tradução dessa crença existente desde a Antiguidade de que o amor nasce do olhar, e que é muito explorada na literatura medieval e pela sociedade medieval. Essa ideia dos olhos como agentes do amor foi registrada no *Tratado do Amor Cortês*, de André Capelão, do século XII. Em seu tratado, o autor busca refletir sobre o amor e estipular regras a respeito do amor nobre e elevado.

Para Capelão, os cegos seriam pessoas incapazes de amar porque não possuíam o sentido responsável pelo amor. Os olhos receberam essa função, pois foi atribuída a eles a ideia de sinceridade, da verdade, do conhecer o outro. Os olhos são as janelas da alma, porque ao mesmo tempo em que permitem que vejam o seu interior, também veem o exterior: uma dupla função. Significa que o olhar é ao mesmo tempo sair de si e trazer o mundo para dentro de si (CHAUI, 1997). Capelão ainda firma mais a conexão entre o amor e os olhos quando ensina em seu tratado o que é a paixão:

Pois essa paixão é inata, e te mostrarei com clareza, se estiveres buscando escrupulosamente a verdade, por que ela não nasce de ação alguma, mas apenas da reflexão do espírito sobre aquilo que vê. Isto porque, quando se vê que uma mulher é digna de ser amada e convém a seu gosto, o homem logo começa a desejá-la em seu coração; (...). (CAPELÃO, *Tratado do Amor Cortês*, p. 8)

Nessa passagem, o autor demonstra porque a paixão nasce da visão, e ainda continua o trecho dizendo que o homem pode “ver” quando a mulher é digna de ser amada, sugerindo ainda que as características que compõem o amor são visíveis. No final, Capelão parece instruir o leitor ao caminho do amor: chega aos olhos, para só depois atingir o coração. Esse percurso pode ter sido aceito socialmente naquela época, porque como Frateschi (2009) mostra em seu artigo *Olhos e coração na lírica galego-portuguesa*, é comum encontrar esses dois vocábulos se relacionando nas cantigas.

A ideia dos olhos como agentes do enamoramento também foi proposta por Platão, que ainda atribuía ao olhar o ato de autoconhecimento. Para Platão, quando olhamos alguém nos olhos, o nosso rosto é refletido neles, dando a impressão de que para conhecer a si próprio, deve-se olhar para outra alma. Daí a ideia de que o olhar no amor geralmente possui dois poderes. No artigo *Os amantes contra o poder* (RIBEIRO, 1997), esclarece-se que aquilo que os amantes veem quando se olham é o próprio ver, e que se “ver” está dividido entre o olhar que extrai e arranca prazer do objeto e o olhar que revela e entrega.

Aos olhos também pertence a eloquência, uma linguagem própria; e uma autonomia que independe do observador. No caso nas cantigas medievais, é comum percebermos construções que demonstrem que o trovador é passivo no ato de olhar, e olhar a amada é algo que foge ao seu controle. Um exemplo disso são esses versos da cantiga de Airas Nunes, trovador provavelmente de origem galega, situado no século XIII: “*Mal dia foram meus olhos catar / a fremeura por que me matades!*”. Então, a linguagem do olhar é uma sinédoque do ser que sente e sofre com eles (SOUTO CABO, 1988).

O olhar também carrega uma função poderosa que é a de realização e de irrealização. Quando não se quer ver algo, fecham-se os olhos como se esse gesto fizesse aquele objeto ou situação desaparecer. Provavelmente por isso os trovadores pedem insistentemente nas cantigas que possam ver a amada, pois não a ver causa coita, e talvez uma certa ideia de ausência da reciprocidade de seu enamoramento.

Nas regras do Código do Amor Cortês no livro *Amor Sublime* (PÉRET, 1984), é expressa a regra de que o amor deve ser mantido em segredo, contudo em alguns tópicos o amor (abstrato) se torna visível aos olhos alheios. Um exemplo é o item 15 do código que diz “Toda pessoa que ama empalidece à vista do que ela ama.” e o 16: “À visão imprevista de quem se ama, treme-se.”, o que equivale concluir que o amor, mesmo que secreto, provoca reações visíveis nos apaixonados, e mais uma vez, o amor se liga à visão.

No item 23 do código, afirma-se que mal come e mal dorme aquele que ama, pois está sempre na companhia de pensamentos de amor. Assim, um exemplo disso é a cantiga de Bernal de Bonaval, trovador galego do século XIII, cujos versos falam dos olhos impedidos de dormir porque ele se separará de sua amada: “*e des quand’eu ora de vós partir los meus olhos nom dormirám.*”.

E, por fim, o número 30 exemplifica igualmente essa visibilidade do amor, uma vez que mostra a ideia do olhar e a memória do que se viu (a imagem) como uma ligação, que fica entendida na definição: “Uma pessoa que ama está ocupada assiduamente e sem interrupção pela imagem do que ela ama.”. Nessa cantiga de amor de D. Dinis, o trovador se mostra ocupado pela lembrança de quando viu sua senhor: “*– Des que vos vi e vos oí falar, [nom]vi prazer, senhor, nem dormi, nem folguei.*”

Por último, vale a pena refletir sobre uma incompatibilidade na história do olhar dentro da sociedade e da literatura medieval: por que há tantas menções ao olhar, à visão, se as características físicas nas cantigas são tão escassas? Numa sociedade de gestos artificiais, que foi ensinada a amar e admirar a Deus e não as coisas feitas por Deus, como o prazer estético se deixa ser tão explícito? Nas *Confissões* esse paradoxo aparece: “Meus olhos apreciam as formas belas e variadas, as cores brilhantes e amenas. Oxalá elas não me acorrentassem a alma! Oxalá ela só fosse presa pelo Deus que criou coisas tão boas: ele é meu bem, e não elas.” (AGOSTINHO, 398 d.c) e em D. Dinis, ao contrário, agradece-se a Deus pela formosura da amada: “E porque vos fez Deus melhor de quantas fez e mais valer”.

Uma hipótese poderia explicar o porquê dessa importância do olhar mesmo quando este está sob as rédeas da Igreja e da repressão: porque se falava através do olhar quando havia silêncio e opressão. O olhar e sua longa história de fonte de sinceridade, verdade, e eloquência talvez não tenha ficado mudo durante a Idade Média. Poderia se supor que essa era a linguagem dos amantes, já que as “senhores” eram mulheres casadas e precisavam cumprir um pa-

pel, recitar uma fala socialmente aceita. Seguindo esse raciocínio, o desespero dos trovadores para olharem nos olhos da amada poderia ser uma forma de saber seus reais sentimentos por eles. Como afirmou Alfredo Bosi em seu artigo *Fenomenologia do olhar* (1997): “O olhar é linguagem da vontade e da força antes de ser órgão do conhecimento.”.

CONSIDERAÇÕES FINAIS

Quando se entra em contato com a lírica galego-portuguesa, a repetição de imagens, símbolos e lugares-comuns tende a remeter ao imaginário coletivo daquela sociedade fechada em si mesma e ao discurso religioso da Igreja Católica. Entretanto, não se pode ignorar que algumas repetições ganham significados quando se conhece a história que serviu de base para essa manifestação literária. A visão e elementos que a tocam como a luz, os sonhos, as lágrimas e o amor à primeira vista dentro de uma sociedade, em que alguns desses elementos vêm desde a Bíblia, oscilando entre valorações diversas e até paradoxais, instigam a curiosidade do leitor que se depara com um número significativo de suas ocorrências nas cantigas de amigo e de amor.

Além disso, é importante refletir como a visão, a estética e a apreciação do belo conviviam com a repressão que o corpo sofreu pela Igreja, que o considerava impuro, um obstáculo entre o homem e Deus. E mais importante ainda, entender por que, dentre todas as partes do corpo, os olhos não ficaram de fora quando se tratava de amor. Sendo assim, os olhos foram estimados por mostrarem o que havia de verdadeiro dentro do artificialismo em que homens e mulheres foram sujeitos, o que vale imaginar que aqueles olhos falavam.

REFERÊNCIAS

- AGOSTINHO, Santo. **Confissões**. Lisboa: IN-CM, 2001.
- BOSI, Alfredo. Fenomenologia do olhar. In: NOVAES, A. **O olhar**. São Paulo: Companhia das Letras, 1997.
- BORNHEIM, Gerd A. As metamorfoses do olhar. In: NOVAES, A. **O olhar**. São Paulo: Companhia das Letras, 1997.
- CAPELÃO, André. **Tratado do Amor Cortês**. São Paulo: Martins Fontes, 2000.
- CHAUÍ, Marilena. Janela da alma, espelho do mundo. In: NOVAES, A. **O olhar**. São Paulo: Companhia das Letras, 1997.
- LE GOFF, Jacques; TRUONG, Nicolas. **Uma história do corpo na Idade Média**. 5. ed. Rio de Janeiro: Civilização Brasileira, 2014.
- LOPES, Graça Videira; FERREIRA, Manuel Pedro et al. **Cantigas Medievais Galego Portuguesas**. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA, 2011-. Disponível em: <<http://cantigas.fcsh.unl.pt>>. Acesso em: dez. 2014.
- MEIER, Harri. Os olhos verdes na literatura. In: —, **Ensaio de Filologia Românica**. Lisboa: Tipografia da Editorial, 1948. p. 191-206.
- MURICY, Katia. Os olhos do poder. In: NOVAES, A. **O olhar**. São Paulo: Companhia das Letras, 1997.
- NOVAES, Adauto. De olhos vendados. In: **O Olhar**. São Paulo: Companhia das Letras, 2003. p. 9-20
- PÉREZ BARCALA, Gerardo. “Ay lume d’estes olhos meus”. O lume, a descriptio amantium e o sofrimento amoroso na lírica galego-portuguesa”. In: BREA, Mercedes (Ed.). **O Cancioneiro da Axuda, cen anos despois**. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004. p. 595-626.
- RIBEIRO, Renato Janine. Os amantes contra o poder. In: NOVAES, A. **O olhar**. São Paulo: Companhia das Letras, 1997.
- SOUTO CABO, José Antonio. Aproximação ao motivo dos olhos nas cantigas de amor e de amigo. **Agália**, Santiago de Compostela, v.16, 1988, p. 401-420.
- VASCONCELOS, Carolina Michaëlis. “Olhos verdes ... olhos de alegria”. In: VIEIRA, Yara F. et al. **Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português**. Coimbra: Por Ordem da Universidade; Santiago de Compostela; Campinas: Editora da UNICAMP, 2004. p. 521-540.
- VEIRA, Yara Frateschi. **Olhos e coração na lírica galego-portuguesa**. Disponível em: <<http://periodicos.letras.ufmg.br/index.php/cesp/article/viewFile/6526/5528>>. Acesso em: dez. 2014.

A PERIFERIA BRASILEIRA DO SÉCULO XXI EN TEXTOS LITERARIOS DE FERRÉZ E ZÚÑIGA

NOA FERNÁNDEZ PAZO
USP

I PERIFERIA COMO ESPAZO URBANO E SOCIOECONÓMICO

No final do s. XIX producíronse as primeiras migracións do campo para a cidade, impulsadas pola economía cafeteira de São Paulo e as actividades comerciais desenvolvidas ao seu redor.

Desde a década de 30 do s. XX e até a Segunda Guerra Mundial, São Paulo asume un lugar hexemónico na economía do país, ao ser incentivado a través de investimentos estatais o desenvolvemento industrial que vai dominar durante todo o século.

Dáse así o inicio da configuración dunha sociedade urbana e industrial, que parte dunha combinación de crecemento urbano industrial con réximes arcaicos de produción agrícola, un “pacto estrutural” entre propietarios rurais e burguesía urbana para garantir as mudanzas sen romper a estrutura anterior (MARICATO, 1995, p.19).

Porén, na década de 50 será o momento no que se produce a transformación industrial nacional de maior relevancia, cando o presidente Justelino Kubitschek inicia a política económica do “50 anos em 5” por medio dunha masificación e diversificación da produción de bens de consumo, colocando o país nunha plena inserción dentro do sistema capitalista. Este proceso causa unha aceleración importante na urbanización dos dous principais núcleos urbanos, São Paulo e Rio de Janeiro, que pasan a ter máis dun millón de habitantes.

A expansión da cidade de São Paulo para acoller toda a masa operaria que estaba chegando foi feita en áreas suburbanas, non recoñecidas polo Estado como partes legais da cidade, e por medio da autoconstrución de parcelas, que eran “a única fórmula encontrada polo traballador para subsistir nunha situación na que o salario é menor que o custo de reprodución da forza de traballo” (TANAKA, 2006, p. 59).

A partir de 1964, ano do Golpe Militar e do inicio da ditadura, os problemas de infraestrutura urbana e a cuestión da vivenda gañan intensidade transformándose nun asunto de interese nacional. Segundo Gabriel Bolaffi, este conflito non foi formulado a partir de características intrínsecas ao problema, senón a partir das necesidades de estratexia do Poder. Realmente o Estado tería ignorado de forma consciente este tipo de crecemento urbano, porque era considerado como a solución para garantir a vivenda aos grandes continxentes de man de obra que estaban sendo atraídos para o desenvolvemento industrial. (BOLAFFI (1979), apud. TANAKA, 2006, p.70).

En consecuencia, foi activada unha campaña dende os medios de comunicación que marcou a imaxe da periferia como espazo caótico. Por un lado, foise diseminando a imaxe dunha periferia como lugar pobre da cidade, distante e mal formado, e por outro, fóronse asociando os problemas urbanos a un crecemento explosivo e á falta de planificación.

A partir da década de 80 foi implantado no país un modelo económico neoliberal e o Estado perdeu a súa condición de provedor, de modo que o investimento de capital nestas áreas pasa a ser feito polo mercado inmobiliario, coa aprobación por parte do Estado.

O espazo físico, polo tanto, pasa a facer parte dun proceso de creación de máis valía e o seu valor é determinado polos investimentos feitos por particulares, tendo como resultado máis inmediato a expulsión da poboación máis pobre para áreas onde aínda non entrara o capital inmobiliario, (LEFÉVRE, 1979 apud TANAKA, 2006, p. 64).

Á parte de todo o anterior, esta década vén acompañada dunha forte recesión económica no país, o que significou unha caída na renda das camadas populares, unha redución de recursos públicos para investimentos e un aumento do desemprego e do subemprego, abríndose así unha fenda social que se vai reflectir na estrutura da cidade no final da década de 80 e inicio da de 90.

Anúnciase, polo tanto, a “periferización” das metrópoles: por un lado, áreas periféricas de autosegregación, illadas e baseadas na construción de edificios de alta seguridade, e por outro, áreas periféricas con precariedade de bens públicos.

II A PERIFERIA COMO ESPAZO POLÍTICO-SIMBÓLICO

A segunda metade do s. XX vai marcar un momento decisivo na formación e estruturación dos movementos sociais e sindicais do Brasil. A pesar de que fose aprobado en 1968 o “Ato Institucional nº 5”, no cadro do Golpe Militar de 1964, establecendo a suspensión dos dereitos civís e o endurecemento das represalias políticas, os movementos operarios conseguen organizarse de forma efectiva na clandestinidade.

A mediados da década de 70 comezan a producirse con frecuencia manifestacións populares de protesta contra as condicións de vivenda das zonas da periferia organizadas por movementos sociais paulistas como o *Movimento Contra a Carestia* ou o *Movimento da Saúde*. Estes movementos sociais tiveron como actores principais moradores de periferia, articulados en organizacións de barrio, militantes sindicais sen espazo nos sindicatos verticais do Estado, operarios vinculados a organizacións católicas e militantes de esquerda. Esta composición fixo que fosen partícipes activos das grandes loitas populares como as folgas do metal, e tiveron unha importante influencia ideolóxica e programática sobre eles.

Tanto Eder Sader como Maria da Glória Gohn, apuntan que estes movementos, por un lado, se estarían constituíndo como un suxeito político colectivo e, por outro lado, estarían revelando un conflito de clases e un cuestionamento das relacións sociais vixentes a través da súa confrontación co Estado (TANAKA, 2006, p. 111-112).

Na década de 90, coa chegada ao Brasil do movemento *Hip Hop* dende os Estados Unidos, os produtores musicais das periferias paulistanas, moitos deles tamén produtores literarios, adoptan os seus discursos e a súa estética e entran a participar de accións de tipo cultural e educativo, como o proxecto Ação Educativa, buscando a transformación e visibilidade das súas comunidades. Así, no final do s. XX e no inicio do s. XXI nacen diferentes iniciativas, que van ter á parte da música, outras ferramentas de difusión como a literatura, entre as que destacan o proxecto “Todos um Pela Dignidade da Zona Sul” (1daSul), creado polo escritor Ferréz en 1999 ou “A Cooperativa Cultural da Periferia” (Cooperifa), organizada polos poetas Sérgio Vaz e Marco Pezão en 2001.

A intervención cultural vai pasar tamén polo uso dos medios de comunicación e das redes como plataformas de difusión, como o caso de Alessandro Buzo e Ferréz que participaron do Programa “Manos e Minas” da TV Cultura, presentando unha sección centrada en reportaxes e noticias de divulgación sobre as periferias da cidade, “Buzão circular periférico”, ou dos xornalistas Aline Rodrigues, Ana Paula Fonseca, Sueli Carneiro e Thiago Borges, moradores da zona sur de São Paulo, que puxeron en funcionamento en 2008 a páxina web “Periferia em Movimento”.

Todas estas iniciativas asócianse a un patrón de actuación moi próximo: un compromiso dos produtores artísticos cos moradores da periferia, promoción da cultura como alternativa e ferramenta de autoestima, traslado dos exemplos vitais dos produtores como camiño posible para o resto dos moradores da zona, visibilidade e dignificación da historia de líderes negros e populares cos que os moradores se poderían sentir identificados, e un incentivo ao acceso aos bens culturais e sociais en barrios que estaban excluídos dende o punto de vista cultural (NASCIMENTO, 2009, p. 127).

III REPRESENTACIÓNS DA PERIFERIA NA LITERATURA: A CIDADE DE ESCENARIO DE CONCORDIA A ESCENARIO DE CONFRONTO

As revolucións industriais que se expandiron por diferentes países europeos durante a segunda metade do s. XIX e o inicio do s. XX, e que tiveron como resultado desprazamentos masivos de poboación dende as áreas rurais para as urbanas, así como novos modelos de estruturación urbana, colocaron a cidade como foco de atención, despertando o interese da literatura.

A literatura brasileira non quedou fóra deste proceso. Nun primeiro momento, entre o final do s. XIX e o inicio do XX foi representada preferentemente a “cidade oficial”, onde vivían as clases privilexiadas e que daba conta dos avances socioeconómicos do país. As poucas ocasións nas que os espazos que ocupaban as clases baixas eran escolli-

dos como espazo narrativo, como o caso de *O cortiço* (1890) de Aluísio de Azevedo, a representación era feita dun modo paternalista, como modelo de convivencia e cordialidade, practicamente libre de conflitos sociais.

A partir da segunda metade do s. XX, como vimos no epígrafe anterior, o Brasil sufriu unha transformación económica radical que tivo os seus efectos principais na taxa de poboación que se desprazou para as áreas urbanas, pasando dende 1965 ao ano 2000 de 45% a 81% do total da poboación. Esta modificación na composición territorial do país tivo un importante impacto na reformulación das representacións do espazo urbano na literatura.

Se nas primeiras décadas do século pasado a literatura rexionalista tiña como foco discutir a confrontación entre dous sistemas simbólicos de organización, un global e moderno, representado polo ámbito urbano, e outro integrado por sistemas locais, representado polas zonas rurais, no final do mesmo século, a confrontación quedou plenamente situada no espazo urbano, entre o polo da orde e da legalidade, a “cidade oficial”, e o polo da cidade fóra da lei ou con lei propia, a “cidade marxinal” (PEREIRA, 2011, p. 6).

A imaxe desta “segunda cidade” foi impregnada a partir de 1965 dun carácter conflictivo resultante das ondas de violencia urbana naquela altura, que pasaran a ser consideradas “problema nacional”, e tiñan a súa orixe nesta parte da cidade.

É así como o parámetro da violencia social vai facer parte indisoluble da caracterización na literatura das áreas habitadas polas clases baixas até case finalizado o século.

IV RETRATOS DA PERIFERIA

1. Ferréz: *Capão Pecado* (2000) e *Ninguém é inocente em São Paulo* (2006)

Analizaremos a seguir dúas obras de Ferréz, pseudónimo de Reginaldo Ferreira da Silva, un dos produtores literarios que ten alcanzado gran relevancia dentro do panorama da actual literatura brasileira e tamén dentro da literatura internacional das últimas décadas. Ambos textos ficcionais, unha novela e unha colección de textos breves, están inspirados en historias da vida diaria do barrio do Capão Redondo, da periferia de São Paulo, de onde o autor é morador dende a infancia, combinando ficción con reflexións sobre cuestións sociais e políticas que atinxen aos seus moradores e expostas polo autor nunha mestura de denuncia social e autocrítica.

1.1 Periferia como espazo urbano

O espazo colocado como contexto nas dúas obras pertence á zona Sur da cidade de São Paulo, concretamente ao barrio do Capão Redondo, unha das zonas de maior índice de violencia na metrópole. Este espazo narrativo vai ser confrontado sistematicamente de forma directa co resto da cidade, especialmente co centro, proxectando a imaxe dunha cidade dividida en partes diferenciadas dende o punto de vista tanto económico como social, pola precariedade e o abandono institucional, marcas que están presentes na vida diaria das personaxes, tanto de forma física, como nas reflexións sobre o que observan ao seu redor.

Sem pretensão, a gente aqui do Capão nunca ia conseguir chamar a atenção do resto do mundo, porque da ponte João Dias pra cá é outro mundo, tá ligado? (...). Capão Redondo é a pobreza, injustiça, ruas de terra, esgoto a céu aberto, crianças descalças, distritos lotados, veículo do IML subindo e descendo pra lá e pra cá, tensão e cheiro de maconha o tempo todo. São Paulo não é cidade maravilhosa e o Capão Redondo, no lado sul do mapa, muito menos. (FERRÉZ, 2000, p. 23-24).

Con todo, a periferia non deixa de ser un espazo de afectos, o lugar onde naceran e co que se identifican as personaxes, unha circunstancia que aparece de forma explícita nos “anexos” que acompañan o libro, véxase o caso de Mano Brown: “Mas aí! Eu amo essa porra! No mundão eu não sou ninguém, mas no Capão Redondo eu tenho meu lugar garantido, moro mano?” (FERRÉZ, 2000, p. 24).

Neste sentido, as veces que a acción é colocada no centro da cidade é feito de forma conflictiva, é dicir, o paso dos moradores polo centro implica unha sensación de incomodidade, de estar fóra de lugar.

– Ah mãe, você sabe que não gosto de trocar idéia com esses playboys, e ainda mais receber. (...). Ele tinha nojo daqueles rostos voltados para cima, parecia que todos eles eram melhores que os outros. (...). Pegou o primeiro ônibus, desceu no terminal Capelinha e lá pegou o Jd.Comercial. Conforme o ônibus avançava ele se sentia melhor, se sentia mais em casa. (FERRÉZ, 2000, p. 36-37).

Sen embargo, o espazo da periferia tamén está envolto en matices negativos, non só polas súas características internas vinculadas á precariedade, senón polo que significa socialmente en relación ao centro: “Morar em periferia sempre me prejudicou, esgoto, bebedeira, tiro, e principalmente para se candidatar a algum emprego. É do Capão? Então não emprega.” (FERRÉZ, 2006, p. 17).

1.2 Personaxes-moradores

Non sería posible entender de forma completa a representación da periferia se non é por medio da imaxe dos seus moradores, que nestas obras son personificados en diferentes grupos:

a) Traballadores

Existe un amplo perfil de personaxes que representan os traballadores, pero a súa significación está sempre exposta a través do conflito de clase coas camadas medias e altas, que precisamente acompaña a ruptura socioeconómica entre a periferia e o centro urbano.

Cada grupo está situado nun espazo totalmente diferenciado e con papeis sustentados nunha relación de dominación e subordinación. Esta polarización é incluso materializada no nome que é atribuído aos membros de cada grupo: por un lado os “manos”, membros e representantes da periferia, e por outro lado os “playboys”, antítese dos membros da periferia e que teñen como ámbito de acción o centro urbano.

b) Os mozos: discursos entre o ben e o mal

En *Capão Pecado* a representación dos máis novos está organizada entre un polo positivo, no que se sitúa o protagonista, caracterizado como unha personaxe diferenciada do resto, por medio da afección á lectura, da conciencia crítica, do afastamento sistemático de aqueles que se envolven no mundo das drogas ou no crime, e un polo negativo, no que son situadas o resto das personaxes, que non cren máis en que algo poida ser mudado e, polo tanto, apostan polo enriquecemento rápido mesmo a pesar de súas propias vidas e a das súas familias.

Por isso que eu falo, truta, eu quero continuar a estudar, e se Deus permitir, mano, eu quero ter um futuro melhor. E o pior é que, se você analisar os fatos, vai notar que de todos os trutas só um ou dois patrícios tão querendo algo. (...). Tá certo, cê vê o Alaor ta na correria, o Panetone e o Amaral também tão dando mó trampo, mas o resto, mano, na moral, tão vacilando. (...) esses aí vão ser engolidos pelo sistema; enquanto eles dormem até meio-dia e fica rebolando no salão até de manha. (FERRÉZ, 2000, p.119).

1.3 Violencia: múltiples axentes

A violencia retratada nas dúas obras non só se mostra localizada na periferia, senón tamén no sistema social, que a través da discriminación laboral, racial e de clase exerce formas de violencia tan graves como os crimes cometidos polas personaxes, que son vítimas e verdugos a un tempo.

a) A violencia da explotación laboral

Por un lado, nestas obras atopamos a óptica da explotación laboral que sofren os moradores das periferias, así como os enganados aos que son sometidos os traballadores pasando por traballos temporais e de baixísima calidade.

Trabalhei até 11 horas. Estava quase desmaiando de fome, o mercado cheio de comida, tudo que é tipo de alimentação, mas se nos virem comendo é justa causa. (...). Uma vez um menino foi mandado embora, devia ter uns 18 anos e tinha um filho recém-nascido. Pegaram ele comendo uma goiaba, ele foi mandado por justa causa. (FERRÉZ, 2006, p. 30-31).

A consciencia das carencias sociais e laborais está presente en todas as personaxes, e é iso o que as leva a ter unha actitude de confrontación co outro, o *playboy* ou o burgués, retratado como un sector que ten posibilidade de acceder a todo tipo de melloras, aínda que para eles nunca sexa suficiente.

Uma vez, o segurança pegou um velhinho que estava roubando uns chocolates finos. (...) O segurança foi mandado embora no outro dia, o velhinho era gente bacana, cheio de grana, e nessa gente nossa gente não encosta, (...) Só os pobres não têm o mesmo tratamento. (FERRÉZ, 2006, p. 31).

b) A violencia do prexuízo

A violencia que xera o prexuízo é denunciada en diversos textos nos que vemos aparecer diferentes prexuizos acerca dos moradores das periferias, como o uso de drogas de forma xeral, medo ao “outro”, ou o crime como consecuencia da precariedade.

E você, neguinho o que tá olhando aí, decorando minha cara para me matar, é? Você pode até tentar, mas a gente volta aqui, põe fogo em criança, queima os barracos e atira em todo mundo nessa porra. (...) Você é lixo, olha suas roupas, olha sua cara, magro que nem um preto da Etiopia, vai roubar, caralho, sai dessa.

Sou trabalhador.

Trabalhador o caralho, você é lixo, lixo. (FERRÉZ, 2006, p. 12-13).

c) A violencia policial

A actuación da policía é un dos principais axentes de violencia nos textos de Ferréz, nos que é posible observar como as detencións e agresións por parte das forzas de seguridade do Estado fan parte da vida diaria dos moradores das periferias. A represión policial é exercida aleatoriamente, tanto na xente moza como en adultos, chegando mesmo a asasinar e roubar, e ten como consecuencia que a policía pase a ser un inimigo máis dos moradores da periferia.

Tinha um som enfrente ao bar do Quitos, tinha noite que chegava a ter mais de duas mil pessoas curtindo o baile, o som já tinha mais de anos e era muito difícil sair alguma confusão, até que numa sexta-feira, quando o som estava lotado, uma viatura da Rota veio em toda velocidade e partiu por meio do povão, sem mais nem menos. Mais de dez pessoas foram atropeladas e muitas acabaram com contusões, pois foram pisoteadas na correria. (FERRÉZ, 2000, p. 35-36).

Rematando a acción do texto transcrito coa seguinte frase da canción “Homem na estrada”, do grupo Racionais MC’s: “Não confio na polícia, raça do caralho”. (FERRÉZ, 2000, p. 36).

2. Iolanda Zúñiga: Periferia (2010)

Publicada en 2010 pola editorial Xerais e gañadora do *Premio Xerais* do mesmo ano, foi a primeira obra de Iolanda Zúñiga deste xénero. Así como ela ten afirmado nalgunhas entrevistas, non podemos dicir que esta obra se encadre plenamente no xénero da novela, porque a narración está baseada nunha mestura de materiais de diferente tipo, como titulares de prensa, letras musicais ou datos culturais, socioeconómicos ou políticos do Brasil, da metrópole paulistana e das periferias desta cidade, a causa do que é difícil dicir onde comeza a narración ficcional e onde o ensaio. A obra foi cualificada como o retrato das ruínas da cidade (MARTÍNEZ, 2010), das cinzas que deixa a destrución provocada pola maquinaria do capitalismo.

2.1 O espazo

O espazo periférico descrito por Iolanda Zúñiga inscribítese dentro da metrópole de São Paulo. Unha cidade devastadora, inxusta, contraditoria, case rozando a esquizofrenia. A imaxe dunha cidade partida onde a vida se torna difícil, pero non para todos, é dicir, cun centro da cidade que é o pulmón do desenvolvemento capitalista da América do Sur e unhas áreas exteriores que, a pesar de ser unha fábrica de capital humano para ese desenvolvemento económico, son esquecidas polas institucións públicas.

É SP (...) Unha engranaxe labiríntica, económica e humana, perversa. *Toda a cidade é un labirinto esconderijo, encruzilhada de ninguém com todo o mundo, pode tudo, fica nada*. Apilada, desigual, mentreira (...). (ZÚÑIGA, 2010, p. 48).

Son analizadas as mudanzas históricas da periferia, dende a década de 50 do s. XX até a actualidade, por medio do percorrido vital das súas personaxes principais, conforme analizado na primeira parte deste artigo. Non obstante, para xustificar os elevados prezos alcanzados pola vivenda nestas zonas externas da cidade e a intervención do mercado, é mencionado o factor da “seguridade”, é dicir, canto menos perigosa fose percibida a área pola sociedade, maior o valor dos inmobles. Entra entón aquí a falta de seguridade a facer parte da caracterización da periferia, pois é definida na novela de maneira xeral como altamente perigosa, facendo referencia á etiqueta de “Triángulo da morte”, para alén de estar sumida nunha precariedade absoluta, onde a dignidade e os afectos non teñen lugar.

Na favela *Morro do Piolho* vivir tamén doe. Ás veces, mata. No extremo sur da cidade, onde os distritos do *Jardim São Luís*, *Campo Limpo* e *Capão Redondo* conflúen, os habitantes aprenden a sublevarse antes de deixar de mamar. Chámano o *Triângulo da Morte*. (ZÚÑIGA, 2010, p. 88).

O principal factor de inseguridade é vinculado á guerra entre policía e narcotraficantes, da que os moradores son as principais vítimas e que dá lugar a que a periferia sexa considerada o principal espazo de desenvolvemento de actividades criminosas e do narcotráfico, chegando mesmo a representar unha escola de deformación para as novas xeracións. En definitiva, “*A periferia traballa. Ou rouba. Ou mata*”. (ZÚÑIGA, 2010, p. 74).

2.2 Os moradores

No escenario analizado no punto anterior, os moradores retratados nesta novela están involucrados de forma permanente nun ambiente de violencia do que dificilmente conseguen fuxir. De forma xeral, é posible observar unha división entre personaxes representantes da clase traballadora, maioritariamente formada polos inmigrantes que chegaron a São Paulo nas décadas de maior impulso industrial, e de personaxes-criminosos, grupo composto polas novas xeracións das que Luciana e Brown, os protagonistas, son paradigmas.

a) Personaxes pertencentes á clase traballadora

Son apenas protagonistas do percorrido histórico que é feito sobre a formación da periferia, pero non teñen entidade propia no enredo. A violencia impregna tamén o día a día deste grupo como marca inherente ás súas historias familiares. Neste sentido, son ilustradores relatos nos que os celos dentro dos matrimonios desatan agresións de todo tipo.

Mãe e padrasto atendían do único xeito lícito que coñecían. Mas a *mãe* brindábase suculenta a apagar os lumes dos homes que a procuraban. O marido soubera do engano permanente e proxectara o mais perverso plan lastrado de odio que nunca se escoitara naquel perímetro da comunidade. Fora unha vinganza burda.” (ZÚÑIGA, 2010, p. 122).

b) Personaxes criminosos

Son os máis novos os principais integrantes deste grupo, que será o actor principal de gran parte dos episodios narrados. Estas novas xeracións están caracterizadas pola ausencia de ambicións laborais ou académicas e teñen un só obxectivo, gañar diñeiro de forma rápida e fácil. A falta de recursos é vinculada frecuentemente ao uso de drogas e da violencia como único camiño posible.

Os comezos foron doados. Porque cada mañá sentía a ambición escaldándolle a gorxa, tiña sede de medrar, afán por prosperar dentro daquela comunidade con guiño predestinado. (...) Luciana pensaba: *do jeito que vai isto vô ficar rica rapidinho, logo vai ter neguinhos fazendo fila na porta da minha casa... estou começando como falcão e vô terminar comandante-em-chefe* (...). (ZÚÑIGA, 2010, p. 132).

Así e todo, non son simplemente os actos os que anuncian a ausencia de futuro, é tamén a voz narradora, apuntando en todo momento que non existe esperanza para estes mozos e, de feito, os axentes que representan o polo positivo, aqueles preocupados co seu futuro ou coa súa formación, practicamente non teñen voz e, se apareceren

nalgún momento, son presentados como elementos extraordinarios e moi pouco frecuentes dentro da comunidade: “De entre o batifondo nacente na liña 637A con dirección á Terminal Bandeira destaca un episodio atípico. Un *moleque*, que aínda non se barbea, le.” (ZÚÑIGA, 2010, p. 20).

2.3 A violencia

Os axentes da violencia nesta novela son todos os moradores, as familias, como víamos anteriormente, as redes de tráfico e os mozos que están dentro delas, así como tamén a policía e o Estado.

A UNESCO alertara de que a guerra amortallada que se desenvolvía nas periferias do país deixara no mesmo período de tempo catro veces máis mortos que no conflito mediatizado palestino-israelí e superara en número de vítimas, nunha década, a vinte e tres conflitos armados do mundo. (ZÚÑIGA, 2010, p. 216).

a) A violencia do tráfico de drogas

Os máis novos, e mesmo os nenos, son relacionados en todo momento á posesión de armas e á execución dunha violencia sen límites, moitos deles vinculados a grupos de maior alcance que o do espazo da periferia, asociando a actividade do tráfico de drogas con grupos como o PCC ou as FARC. En vista disto, convén tomar en conta que a vinculación da periferia con este tipo de grupos foi e continúa sendo utilizada con moita frecuencia para xustificar actuacións policiais nestes espazos que atentan contra os dereitos dos seus moradores e que teñen como consecuencia a degradación da súa imaxe así como a súa criminalización.

E porquenuncasesabeirmão, por dentro dos *jeans* pistolas autóctonas Taurus PT-92 calibre 9 mm e semiautomática Beretta 92-FS, tamén 9mm, e granadas de man argentinas FM-K2 nos petos, innegables símbolos de status con alto valor disuasorio engadido. (...) Mais hai criaturas sedentas de ambición ás que tanto chumbo non lles sacia. Ansían unha Magnum-357 que exacule precoz, prohibida e prohibitiva, con balas de penetración profunda. (ZÚÑIGA, 2010, p. 220).

b) A violencia policial

Ao lado da violencia exercida polos moradores, a policía aparece tamén na novela como axente de conflitos e brutalidade indiscriminada. Son relatados diversos episodios relacionados coas forzas de seguridade brasileiras como a ROTA e a Policía Militar, de São Paulo, ou o BOPE, do Rio de Janeiro.

c) A violencia do sistema

Xunto coa policía, os medios de comunicación ou as políticas de Estado tamén son apuntados como xeradores de violencia social. É destacado o notable desinterese en relación á periferia por parte dos medios e dos poderes públicos, excepto cando acontece algún ato de relevancia política, como o caso dos coñecidos paseos do Papa Xoán Pablo II polo barrio do Vidigal do Rio de Janeiro en 1980. Un desinterese que por parte dos medios tamén acontece en relación á discriminación racial e laboral, feito que provoca un efecto alienador sobre a poboación da periferia.

A dicir verdade, ao lector poucas veces se lle informa das baixas humanas por asinatos nas 1.565 *favelas* de *São Paulo*. *A carne mais barata do mercado é a negra*. Sen aviso previo, cadáveres negros obstrúen os camiños. *A carne mais marcada pelo estado é a negra* (...) 60% dos jovens de periferia sem antecedentes criminais já sofreram violência policial; a cada 4 pessoas mortas pela polícia, 3 são negras; nas universidades brasileiras apenas 2% dos alunos são negros; a cada 4 horas um jovem negro morre violentamente em São Paulo. (ZÚÑIGA, 2010, p. 86).

V CONSIDERACIÓNS FINAIS

Á vista do camiño que foi percorrido neste traballo, é posible chegar a diferentes conclusións en relación á formación da periferia brasileira, especialmente da cidade de São Paulo, e da súa representación nas obras analizadas.

Quedou en evidencia que a conformación espacial e socioeconómica da periferia de São Paulo non foi simplemente resultado dun proceso de estruturación urbana sen planificación, senón ao contrario, é posible entender que foi tamén unha estratexia do Estado para o éxito e bo rendemento, dende o punto de vista económico, do proceso

de industrialización iniciado na década de 30, que pretendía nun primeiro momento a acumulación dunha gran masa de forza traballadora ao mínimo custo, e posteriormente a explotación económica das terras ocupadas polos obreiros, transformando o dereito á vivenda nun produto de rendemento do capital.

A subida dos prezos dos terreos e das vivendas, xunto con políticas de creación de áreas residenciais para a clase media e alta, provocou a división socioeconómica e a homoxeneización dos espazos urbanos, quedando por un lado áreas constituídas por poboación de baixa renda que sufriron un importante abandono por parte das políticas públicas e, por outro lado, zonas pechadas por edificios de alta seguridade que recibiron de entidades públicas toda a infraestrutura necesaria para a súa manutención.

Durante a Ditadura, a percepción dos desequilibrios do investimento público nas áreas habitadas por poboación de baixa renda fronte ás de poboación de clase media e alta abre o camiño para a reacción popular, organizada nun primeiro momento en torno a movementos sociais e de barrio e posteriormente aliados con grupos políticos, co fin de reivindicar melloras nas condicións de habitación e implementación de infraestruturas, pero tamén facilidades no acceso á sanidade ou unha mellora salarial, entre outras. Sen embargo, co final da Ditadura e coa integración dos grupos políticos na estrutura do sistema democrático, os movementos sociais da periferia rompen as alianzas co sector político e inician unha reformulación que non pasa pola despoltización, senón por incorporar as artes como ferramentas de loita, entendidas como estratexias comunicativas e cun alto valor instrumental para as reivindicacións sociais e políticas das periferias.

Para alén do valor instrumental das reivindicacións, a combinación das loitas políticas coa creación artística permite tamén combater o imaxinario sobre a periferia deseñado especialmente na literatura e que foi construído por unha elite cultural, fixando diferentes estereotipos: nun primeiro momento, sustentando a imaxe do morador da periferia no mito brasileiro da convivencia pacífica e, posteriormente, presentando o espazo da periferia dentro dun contexto de confronto no que os moradores eran os principais axentes de violencia.

No final da década de 90 e inicio do s. XXI, aparecen diferentes movementos socioculturais promovidos por escritores da periferia como Ferréz, idealizador de 1daSul, ou Sérgio Vaz, responsable da Cooperifa, que van combinar o activismo cultural e o social co obxectivo de crear lazos entre o ámbito cultural e a poboación da periferia, historicamente distanciada do acceso a este tipo de bens, e que permitirían traballar en favor da autoestima dos moradores, fomentando o autoconecemento a través da historia social e cultural das periferias e das clases populares brasileiras.

A produción literaria, vista como ferramenta básica para facer chegar a súa mensaxe fóra dos lindes da periferia, integrará os principios ideolóxicos destes movementos socioculturais, por un lado, colocando novas perspectivas sobre o espazo da periferia, novas personaxes vinculadas a ela, novos discursos en relación á realidade diaria das comunidades e, por outro, incluíndo unha finalidade pedagóxica fundamental que ten como propósito a formación da poboación, periférica ou non, como único camiño posible para a dignificación da colectividade. Esta creación literaria será incorporada aos procesos culturais, como editoriais ou premios, que anteriormente os excluíran, retomando a voz para elaborar un contradiscurso e pasando, polo tanto, de ser observada e medida segundo parámetros externos a ser a propia periferia a que crea e fai circular o seu discurso e o seu autorretrato, así como reelaborando a noción de cultura popular ao engadirlle un carácter social e espacial determinado coa creación de diferentes etiquetas como “literatura marxinal”, “literatura da periferia” ou “literatura periférica”, para rotular estas novas producións.

A novela *Capão Pecado* e a colección de textos *Ninguém é inocente em São Paulo* de Ferréz son reflexo deste novo enfoque e do uso da literatura como vehículo transmisor das propostas sociais e culturais dos movementos da periferia de São Paulo desta última década, diverxendo de forma importante coa visión do espazo, dos moradores e da violencia dada pola novela de Iolanda Zúñiga.

1. O espazo da periferia

Mentres en Ferréz apenas encontramos un único espazo periférico delimitado pola distancia espacial e socioeconómica co centro urbano, en Iolanda Zúñiga encontramos dúas periferias, unha no propio centro da metrópole e a outra nas marxes.

En relación ao espazo periférico das contornas da cidade, en *Periferia* está caracterizado a través da imaxe dun ambiente absolutamente pechado, onde predomina a violencia e a falta de esperanza, mentres nas obras de Ferréz aparece un espazo co que os seus moradores establecen vínculos afectivos e identitarios. De forma mais concreta, en Ferréz non é o espazo da periferia o vinculado á falta de oportunidades, senón ao contrario, é na periferia onde

as súas personaxes experimentan relacións de irmandade e solidariedade, así como onde tamén conflúen diferentes discursos e perspectivas de futuro, que finalmente son bloqueadas pola presión que exerce o outro espazo en confronto con ela, o centro, representante do sistema socioeconómico.

2. Personaxes

O abano de personaxes presentados polos dous autores tamén contrasta dende o punto de vista da variedade representativa dos seus moradores. Mentres en *Periferia* a maior parte das personaxes se identifica con actividades vinculadas ao tráfico de drogas e ao crime organizado, unha imaxe que estende a sombra da criminalización sobre a comunidade periférica como colectivo, nas obras de Ferréz personaxes deste tipo únense a outras cun perfil ben diferente, como o da clase traballadora, existindo un equilibrio notable entre os dous tipos, que trae consigo unha multiplicidade de discursos que van dende un ollar crítico co papel de pasividade dos moradores diante da situación social na que viven acompañado de expectativas sobre a posibilidade de mudar esa realidade por medio da formación até outros discursos que representan a resignación e a renuncia a calquera tipo de activación política ou cultural dentro da comunidade. No caso de *Periferia*, predominan discursos en favor do lucro económico da forma máis rápida e a calquera prezo, dando a sensación de que ese raciocinio é o único posible debido ás condicións de precariedade ás que está sometida a periferia, podendo ser asumida, polo tanto, a falsa vinculación entre precariedade como causa e crime como resultado, unha relación que non encontramos en ningún momento nas obras de Ferréz. Ao contrario, o envolvimento en actividades criminosas dalgúns personaxes das súas obras é explicado con base nunha falta de formación e de visión crítica, así como tamén nunha ambición económica producida por unha alienación social, cuxo principal responsable son os medios de comunicación.

3. A violencia

As situacións de violencia descritas en *Periferia* son relacionadas con dous axentes principais, o sector envolvido no narcotráfico, que aplica un regulamento propio baseado na resolución dos conflitos por medio da violencia, e os corpos de seguridade, que exercen unha represión indiscriminada contra as poboacións de baixa renda baixo a xustificativa de terminar co tráfico de drogas, do que parte deles son partícipes.

Aínda que o sistema socioeconómico sexa apuntado tamén como axente de violencia e de discriminación, en *Periferia* o seu tratamento non deixa de ser só contextual, sen atinxir un lugar tan destacado como en *Capão Pecado e Ninguém é inocente em São Paulo*, obras nas que o sistema, xunto coa policía, é o principal culpado pola situación de violencia das periferias. As personaxes destas dúas obras viven de forma permanente baixo agresións laborais, clasistas e raciais cometidas polos representantes das clases privilexiadas e polas forzas de seguridade do Estado; de feito, en todo momento existen por parte das personaxes discursos críticos en relación a estas agresións e os seus axentes, que, de forma máis ou menos consciente, colocan á vista un conflito de clases.

En definitiva, Ferréz rompe co retrato das periferias que viña sendo habitual dentro da literatura, non só por ser os moradores dese espazo que, en palabras do autor, “mudamos o foco e tiramos nós mesmos a nossa foto” (FERRÉZ, 2005, p. 9), senón tamén por poñer enriba da mesa novas personaxes e un discurso crítico sobre a periferia, dende o punto de vista político e social, que diverxe de forma importante co discurso crítico tradicional, que poñía os ollos apenas nas consecuencias como a violencia ou a precariedade –do que é, nalgúns aspectos, continuadora a representación feita en *Periferia*– e nunca nas causas, é dicir, no sistema socioeconómico como causante principal desa precariedade así como da criminalización das clases populares.

REFERENCIAS

- BENEVENUTO, S.J. **A escrita como arma**: uma análise do pensamento social na Literatura Marginal. 2010. Tese de Mestrado Faculdade de Filosofia e Ciências – Universidade Estadual Paulista “Júlio Mesquita Filho”, São Paulo, 2010.
- FELTRAN, G.S. **Vinte anos depois: a construção democrática brasileira** vista da periferia de São Paulo. **Lua Nova, São Paulo**, n. 72 p. 83-114, 2007.

- FERRÉZ. **Capão Pecado**. Lisboa: Palavra, 2005.
- FERRÉZ. **Ninguém é inocente em São Paulo**. Rio de Janeiro: Objetiva, 2006.
- MARICATO, E. **Metrópole na periferia do capitalismo** – desigualdade, ilegalidade e violência. São Paulo, junho 1995. Disponível em: <http://www.fau.usp.br/deprojeto/labhab/biblioteca/textos/maricato_metrperif.pdf>. Acesso em: 15 março 2013.
- MARQUES, L.A. **Pacto em Capão Pecado**: das margens para o centro do texto, do texto para o interior do homem. Tese de Mestrado – Faculdade de Filosofia, Letras e Ciências Humanas, USP, São Paulo, 2010.
- MARTÍNEZ, I. As palavras em ruínas. **Revista Protexta, Tempos Novos**, nº 16, p. 5, outono 2010.
- NASCIMENTO, E.P. **Vozes marginais na literatura**. Rio de Janeiro: Coleção Tramas urbanas, 2009.
- NICOLÁS, R. **Iolanda Zúñiga**: “Os tempos son chegados, tamén para a ficción”. Disponível em: <<http://xerais.blogaliza.org/2010/09/20/iolanda-zuniga-%C2%ABos-tempos-son-chegados-tamen-para-a-ficcion-%C2%BB/>>. Acesso em: 14 março 2013.
- OLIVEIRA, R.P. Literatura marginal: questionamentos à teoria literária. **Ipotesi**, Juiz de Fora, v. 15, n. 2 – Especial, p. 31-39, jul./dez 2011.
- PEREIRA, E.R. Espaço Urbano e Violência na narrativa brasileira contemporânea. **Revista Línguas & Letras**, vol. 12, nº 22, p. 1-11, 2º semestre 2011.
- REQUEIXO, A. **Iolanda Zúñiga**: Existe mundo alén dos clásicos da literatura universal que, a risco de caer en herexía, non me alimentaron máis que o cine, a música ou os videoxogos. Disponível em: <<http://blog.xerais.es/2013/iolanda-zuniga-existe-mundo-alen-dos-clasicos-da-literatura-universal-que-a-risco-de-caer-en-herexia-non-me-alimentaron-mais-que-o-cine-a-musica-ou-os-videoxogos/>>. Acesso em: 14 março 2013.
- SANTOS, C.C. **Capão Pecado e a construção do sujeito marginal**. Tese de Mestrado – Faculdade de Filosofia, Letras e Ciências Humanas, USP, São Paulo, 2008.
- SOUZA, R. **O ‘caso ferréz’**: um estudo sobre a nova literatura: um estudo sobre a nova literatura marginal. Tese de Mestrado, Faculdade de Ciências e Letras de Assis – Universidade Estadual Paulista “Júlio de Mesquita Filho”, São Paulo, 2010.
- TANAKA, G.M.M. **Periferia**: conceito, práticas e discursos. Tese de Mestrado, Faculdade de Arquitetura e Urbanismo, USP, São Paulo, 2006.
- TAPAJÓS, R. **A luta do povo. Brasil 1980**, 30’. Disponível em: <<http://www.videotecas.armazemmemoria.com.br/Video.aspx?videoteca=Mg==&v=MTIx>>. Acesso em: 2 xuño 2013.
- VILLARINO PARDO, M. C. A massa ainda comerá do biscoito fino que fabrico: entre a Semana de Arte Moderna e a Semana de Arte moderna da Periferia. In: RIBEIRO, E. (Org.). **Modernidades Comparadas**: Estudos literários/Estudos culturais revisitados. Humus, p.161-172. Minho: Centro de Estudos Humanísticos da Universidade do Minho, 2013.
- ZÚÑIGA, I. **Periferia**. Vigo: Xerais, 2010.

OS SEIS POEMAS GALEGOS DE FEDERICO GARCÍA LORCA: TRADUCCIÓN CULTURAL E INTERCOMPRESIÓN LINGÜÍSTICA

FRANCISCO JAVIER CALVO DEL OLMO
UFPR

1. O PROCESO DE CREACIÓN DOS *SEIS POEMAS GALEGOS* E A SÚA PUBLICACIÓN

Entre 1932 e 1934, Federico García Lorca compuxo seis poemas en lingua galega titulados *Madrigal á cibdá de Santiago*, *Romaxe de Nosa Señora da Barca*, *Cántiga do neno da tenda*, *Noiturno do adolescente morto*, *Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta* e *Danza da lúa en Santiago*. Os *Seis Poemas Galegos* (en adiante SPG) apareceran publicados no día 27 de decembro de 1935 pola Editora Nós, no volume LXXIII da homónima revista, baixo a dirección de Ánxel Casal, en Santiago de Compostela. García Lorca, nado nunha pequena localidade andaluza, Fuente Vaqueros, desenvolveu toda a súa produción poética na súa lingua materna: o castelán; aínda que, se cadra, tivese algún coñecemento doutras linguas europeas¹. Así, esas seis composicións ocupan unha posición particular dentro da produción lorquiana por estaren escritas en galego e non en castelán.

Staiger (1975, p. 22) afirma que “o valor dos versos líricos é justamente essa unidade entre a significación das palabras e a súa música”; parece así tarefa complicada que un poeta se lance a escribir nunha lingua allea. A composición debe obedecer, por tanto, a unha vontade firme, realizada seguindo un proceso non exento de dificultade, desde a idea primordial do poema na mente (hispano falante) do escritor até a súa forma definitiva en galego. Eduardo Blanco Amor, quen tivo unha intervención crucial nese proceso de composición, non deixaba de admirarse ao se preguntar como o andaluz Federico atangueu unha expresión poética de tan alto nivel nunha lingua que non era a súa. Boa parte da produción poética (e tamén dramática) de Lorca sintetiza e reformula a tradición popular da súa Andalucía natal. En contraste, os SPG recrean a Galiza como terra das paisaxes verdes, dos matices da chuvia e do neboeiro, das cidades de musgo e pedra e do océano bravío. Motivos que nos SPG adquiren unha dimensión mítica. O propio Lorca definiu a lingua galega como “fala de luces grises, deshuesada” fronte ao “resplandor hiriente”, ao “idioma tigre” con que el definía a súa voz en español.

Así, para realizar a homenaxe que o granadino se propuña facer á Galiza, cumpriulle aprender a lingua do país, pulila dos inevitábeis castelanismos, adaptar a propia voz a ritmos e sons diferentes preservando a súa identidade indiscutibelmente lorquiana. Dese modo, o proceso de creación non pode ser entendido como algo automático e debemos considerar os fins que levaron ao poeta a escoller o galego, cales foron os factores e os actores que o acompañaron e, por último, se estas seis composicións continúan unha tradición lírica en lingua galega ou se, polo contrario, penetran como un corpo estraño, como se fosen literatura traducida pertencente a outra tradición cultural, lingüística e literaria².

En primeiro lugar, cabe dicir que a ligazón de Lorca coa Galiza non se debe á ascendencia familiar, mais xorde da experiencia persoal, das viaxes que realizou a esta terra e dos encontros que na Galiza ou algures tivo coas súas xentes, co seu idioma e mais coa súa cultura. Non é posíbel aquí, por causa da extensión, alongarnos na exposición e análise das viaxes e das trocas entre o poeta granadino e a Galiza e só apuntaremos algúns dos fatos que os bibliógrafos de Lorca habitualmente destacan³. Os primeiros contactos do poeta con esa terra remóntanse a 1916, Federico, daquela moi mozo, visita o país por primeira vez; no ano seguinte, en 1917, ingresa na Residencia de

1. En 1930 residiu unha tempada en Nova York, cidade que lle inspirou para compor *Poeta en Nueva York*; é de imaxinar que daquela adquirise certo coñecemento da lingua inglesa.

2. A discusión que propomos entra dentro daquelas que examinan autores e obras plurilingües como, por exemplo, as pezas teatrais en francés do irlandés Samuel Beckett.

3. Cf. Gibson (1998) e para unha exposición pormenorizada das viaxes Cf. Pérez Rodríguez (1998, p. 19-76).

Estudiantes de Madrid onde coñece a Xesús Bal e Gay, musicólogo galego da Residencia interesado no estudo da etnografía e do folclore. A partir desa relación, Lorca achégase á música popular galega e, de feito, incorpora cantigas de Afonso X no repertorio dos concertos que ofrecía na casa familiar de Granada pola festa de Reis⁴. Por outra banda, Federico era admirador de Rosalía de Castro, tamén lera a poesía de Pondal e de Curros Enríquez e amais coñecía os clásicos portugueses Gil Vicente, Sá de Miranda e Camões. Alén diso, na súa conferencia sobre Góngora de 1926, fixo referencia aos tres cancioneiros que recollen a meirande parte da lírica medieval conservada: o *Cancioneiro da Vaticana*, o *Cancioneiro Colocci-Brancuti* e o *Cancioneiro de Ajuda*. En 1928, un Lorca que está atinxindo a súa plenitude como escritor e intelectual dedica unha conferencia ás cancións de berce, onde menciona a presenza de innúmeras músicas de procedencia galega e asturiana en Granada, herdanza da colonización da Serra das Alpujarras, ao final da Reconquista. En suma, a tradición literaria popular e culta escrita en galego e en portugués en varias épocas históricas contribuíu na formación intelectual de García Lorca como demostran as referencias que a ela fixo en diversas ocasións.

Coa bagaxe cultural que brevemente esbozamos, Federico realiza tres viaxes á Galiza durante o ano de 1932. A primeira, que corresponde á súa segunda visita, é feita por petición dos Comités de Cooperación Intelectual da República. A segunda vez, ou terceira visita, acontece en agosto; nese momento, vai como director do grupo de teatro La Barraca. Finalmente, o granadino retorna por terceira vez, na cuarta visita, en novembro; chega no día 19 á cidade de Pontevedra e de novo participa en conferencias e reunións coa xuventude intelectual do país. Pérez Rodríguez (1998) engade unha quinta visita de Lorca á Galiza, non á Galiza peninsular, senón á Galiza da diáspora, dos emigrantes que vivían a ambas as marxes do Río da Prata cos que o poeta andaluz tivo oportunidade de conversar por mor da súa viaxe a Bos Aires e Montevideo en 1933⁵. Alén das mencionadas experiencias, o poeta de Fuente Vaqueros coñeceu toda unha xeración de destacados escritores e artistas galegos coma Álvaro Cunqueiro, Feliciano Rolán, Arturo Cuadrado, os irmáns Dieste, Luís Seoane, Carlos Martínez Barbeito, Suárez Picallo e Castelao.

Ora ben, o proceso de escritura dos poemas recibe a influencia fundamental de dous amigos de Lorca: Ernesto Pérez Guerra (Ernesto Guerra da Cal), e o xa citado Eduardo Blanco Amor. En principio, semella que o desexo de escribir unha poesía dedicada á cidade de Santiago de Compostela xurdiu na mente de Federico durante a súa terceira viaxe a Galiza, cando foi con La Barraca no verán de 1932. Segundo Gibson (1998), non parece que pensase facelo en galego pero, ao volver a Madrid, falou do asunto co Ernesto Pérez Guerra, tamén poeta, nacendo daquela a idea de compor xuntos un poema na lingua da cidade visitada. Anos máis tarde, Blanco Amor reiteraba a influencia que Ernesto, asumido nacionalista galego, exerceu sobre Federico. Pérez Rodríguez (1998, p. 80) di que Ernesto se deixaba acompañar habitualmente polo tamén galego Serafín Ferro e que, nese contexto, Lorca escoitou as conversacións dos dous. Podemos considerar como hipótese que por esa vía entraron os sons, descoñecidos e doces, dese idioma no entorno madrileño de Federico. En todo caso, o primeiro dos seis poemas, *Madrigal á cibdá de Santiago*, aparece publicado pola revista Yunque no número de decembro de 1932. No ano seguinte, 1933, o propio Ernesto Pérez Guerra presentou Lorca a Eduardo Blanco Amor, que daquela traballaba como correspondente en Madrid do xornal arxentino *La Nación*.

Após a viaxe á Arxentina, Lorca retomou a composición destes poemas coa colaboración de Pérez Guerra, tarefa que se viu interrompida pola redacción de *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*. Ao final de outubro de 1934, os cinco poemas engadidos ao *Madrigal á cibdá de Santiago* estaban prontos e, así, durante a primavera de 1935, un tenaz Blanco Amor consegue que Lorca lle entregue os manuscritos; cabe dicir, escritos con letra de Ernesto Pérez Guerra, xunto ao recorte de xornal do *Madrigal á cibdá de Santiago*. Blanco Amor interveu na edición dos seis poemas facendo a revisión ortográfica dos mesmos, a corrección de certos castelanismos e algunhas outras modificacións nos títulos; alteracións que o andaluz aceptou. Na súa tarefa, o escritor ourensán tamén suprimiu a dedicatoria da *Cántiga de neno da tenda* a Ernesto Pérez Guerra, do cal tampouco se menciona a participación. Alén diso, Eduardo escribiu o prólogo para a primeira edición onde relata como chegaron até el os seis poemas⁶: “Federico García Lorca me llegó, un día cualquiera de nuestra amistad, con un puñado de versos gallegos. Todavía traían en lo tierno de su blandor recién modelado, el movimiento arbitrario de una grafía nerviosa de tachones, curvas y añadidos.”

4. Noutras ocasións, interpretou cancións populares como *Nosa Señora da Barca* ou *Asubía, que fai vento* e inclusive cantigas de amigo de Martín Codax.

5. A Sociedade de Amigos da Arte fixolle o convite para dar conferencias sobre literatura e a viaxe, prevista para unha semana, terminou se prolongando varios meses: desde 13 de outubro de 1933 até o 27 de marzo de 1934. Esa pasaxe non pode ser omitida xa que serviu de inspiración para o poema *Cántiga do neno da tenda*.

6. Os parágrafos do prólogo de Blanco Amor foron extraídos de Pérez Rodríguez (1998, p. 146-148).

E explica cal foi o mandato que Lorca lle deixou: “Debes ser tú, por lo tanto, quien ordenes éstos y quien los edite y quien los prologue. Y ya está. Y ya se acabó. Y no me hables más de esto hasta que me traigas el libro”. Dando continuidade ao prólogo, Blanco Amor cualifica os poemas non de “versos eruditos elaborados, por virtuosismo y presunción, en lengua prestada,” senón “tan naturales, tan irremediables y tan ‘inspirados’ como los que le saen en su idioma de siempre”. Tamén fala da calidade do galego como lingua de cultivo lírico e da inmensa capacidade artística de Lorca, unha voz fresca e espida de pedantismo que lle permitiu penetrar “en el paisaje espiritual [gallego], que es la saudade” así como “en el paisaje de nuestro pasado, que son las ciudades santas”. Finalmente a publicación dos poemas foi anunciada pola revista *Nós*, no seu número correspondente a maio-xuño de 1935, entre as “novas obras publicadas” pola editora.

Como escritor alófono, Lorca non é o primeiro a usar o galego para compor lírica, senón que retoma unha tradición peninsular común durante o Medievo. Asunto ao que Blanco Amor dedica a última parte do prólogo dos *Seis Poemas Galegos*:

En el siglo XV un castellano, El Marqués de Santillana, escribía al Condestable de Portugal una carta de información literaria. Y en ella: «No ha mucho tiempo cualesquier dezidores e trovadores de estas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua galaica o portuguesa». Y terminando el XVI un sevillano, Argote de Molina, continuaba: «Si a alguno le pareciera que Macías era portugués, esté advertido que hasta los tiempos de Enrique III todas las coplas se hacían comúnmente en lengua gallega». Y en el XIX Menéndez y Pelayo, concluía: «No se puede desconocer que el primitivo instrumento del lirismo peninsular, no fue la lengua castellana, ni la catalana tampoco, sino la gallega que, indiferentemente para el caso, (en aquella época eran la misma) podemos llamar gallega o portuguesa». Los Cancioneros todos, desde el de Resende hasta el de Baena, que es el de divisoria o deslinde, están llenos de poetas de otras tierras y lenguas –el Rey don Alfonso, el propio Santillana, Villasandino– que usaron con amorosa afición la de Galicia. Federico García Lorca viene a ella con la gravitación natural de otros grandes de otros tiempos. (BLANCO AMOR apud PÉREZ RODRÍGUEZ, 1998, p. 148)

Existe unha relación máis estreita entre a lírica de Federico García Lorca e a tradición poética galega moderna, encarnada na súa máxima figura, Rosalía de Castro. Tanto un como a outra compartiron un interese polas voces populares; *Cantares Gallegos* de Rosalía está impregnado das tradicións da súa terra de forma, en certa medida análoga, ao ambiente e tradicións da Andalucía que transpira o *Romancero gitano*. A influencia desa tradición é forte tamén nos seis poemas:

Lorca, nestas cantigas, segue fundamentalmente o ronsel dos Cancioneiros e de Rosalía de Castro. Os santuarios e as romarías (pretexto e contexto para o encontro dos amantes), preto do mar (as nosas barcarolas), son reelaborados poeticamente polo bardo granadino. (PÉREZ RODRÍGUEZ, 1998, p. 158)

No nivel formal, os *Seis Poemas Galegos* presentan similar extensión (entre os quince e trinta versos aproximadamente) e estruturas métricas tradicionais. Lorca non recorre ao verso libre da súa época de Nova York e prefire empregar esquemas de repetición e estruturas paralelísticas. Así, por exemplo, na *Danza da lúa* hai un diálogo dunha meniña coa súa nai, motivo común nas cantigas de amigo medievais. E con esa mesma palabra –*amiga*– o poeta interpela a Rosalía de Castro morta para que volva á vida: “Érguete miña amiga!”, no poema que lle dedica.

Verbo dos temas desas composicións, Lorca inicia e fecha a serie de poemas con dúas homenaxes á cidade de Santiago de Compostela. No primeiro, *Madrigal á cibdá de Santiago*, as pedras milenarias da cidade deséñase baixo a chuvía de maneira case impresionista. O segundo, *Romaxe de Nosa Señora da Barca*, canta unha das romarías máis tradicionais do país; tema de carácter popular, anteriormente abordado por Rosalía⁷. O terceiro, a *Cántiga do neno da tenda* capta a imaxe da Galiza na diáspora, situando a epopea da emigración no espazo concreto da rúa Esméralda, onde traballa un emigrante galego, Ramón Sismundi, que, na súa saudade da terra, ouve a gaita e o son da muiñeira *d’ágoa*, entoado polas augas do Río da Prata. Os tres últimos poemas traen como tema central a morte e o sobrenatural. No *Noiturno do adolescente morto*, o río Sil leva o adolescente afogado cara ao mar, cara á morte

7. Pérez Rodríguez (1998, p. 159) sinala o paralelismo entre esa romaría e a romaría da *Nosa Señora da Franqueira*, á cal Ramón Cabanillas dedicou un poema. Esa coincidencia temática podería revelar a influencia das conversas entre intelectuais galegos no Café Regina, ás cales Federico asistía en compañía de Ernesto Pérez Guerra. É posíbel que Ramón Cabanillas contase a Federico, entre outras moitas lendas e historias populares, a romaría da Nosa Señora da Barca e a da Nosa Señora da Franqueira.

definitiva. Na *Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta*, Lorca dedica á poeta que el admira unha canción de berce. Por fin, no sexto, a *Danza da lúa en Santiago*, a lúa, elemento fundamental na poética lorquiana habitualmente asociada coa morte, baila na praza da Quintana, do lado da Catedral, onde La Barraca representou as pezas teatrais na súa pasaxe pola cidade.

Os SPG permiten múltiples liñas de análise que, certamente, non se esgotan no breve espazo que lle dedicamos neste traballo. A nosa intención era apenas salienta como Federico García Lorca bebe da tradición poética galega para compor unha serie de poemas que se insiren nela sen violentala e sen que o poeta perda a súa identidade. Xulgamos que nesas pezas o poeta andaluz aborda e recrea temas, motivos e formas propios da literatura galega aos que adapta a propia voz nun proceso creativo híbrido. A integración plena dos SPG na esfera cultural da Galiza prodúcese progresivamente cando xeracións posteriores de escritores e escritoras, de artistas, de críticos e de pescudadores os adopten no marco desa tradición poética.

Unha vez esbozado o contido da obra e o seu encadramento no ámbito literario galego, dedicaremos a segunda parte do traballo a expor as posibilidades de lectura e tradución dos poemas no vasto ámbito das linguas, culturas e literaturas que integra a Lusofonía.

2. LER E ESCRIBIR OBRAS EN GALEGO NA ESFERA DA LUSOFONÍA

Nas últimas décadas do século XX, desenvolvéronse organizacións de cooperación internacional que tomaron a lingua como *patria común* dos países e pobos que as integran; a Francophonie e a Commonwealth serven como exemplos. Como Tabucchi apuntou verbo da Lusofonía, estas organizacións poden responder a proxectos neocoloniais “pelo fato de o país, tendo perdido o seu império e as suas colônias, encontrar nela ‘terreno fértil para uma invenção meta-histórica como esta, que funciona como sucedâneo, no imaginário coletivo’” (CRISTOVÃO, 2005, p. 654). Para alén de críticas como esa, é posíbel presentar a Lusofonía como unha “esfera de comunicação e de comprensión determinada pelo uso da língua portuguesa,” (CRISTOVÃO, 2005, p. 654), “uma realidade em crescimento todos os dias, a partir daquilo que, em qualquer fonia, é básico e essencial: a comunicação e o diálogo, que aproximam as pessoas e as instituições” (ibid., p. 652). Este continente inmaterial localízase nos varios continentes do globo:

Os oitos países que têm o português com sua língua materna, oficial ou de patrimônio (Angola, Brasil, Cabo Verde, Guiné, Moçambique, Portugal, São Tomé e Príncipe e Timor) e regiões que pertencem a outros países e culturas, mas com as quais partilhamos ou partilhámos a Língua e a História. Embora em situações diversas, e em inúmeros lugares da diáspora, falam ou falaram português, suas variedades ou crioulos, a Galiza, Casamansa (no Senegal), Ilha de Ano Bom, Ajudá (no Benim), Goa, Damão, Diu, Mangalor, Mahé, Fort Cochim, Tellicherry, Chaul, Korlai, Coromandel. (CRISTOVÃO, 2005, p. 654)

A Galiza e a súa lingua ocupan unha posición particular dentro deste ámbito lingüístico e cultural, xa que logo foi alí (xunto co norte de Portugal, até o río Mondego) onde se formou a lingua. Porén, nese territorio a evolución dos usos do galego, vinculados ás vicisitudes históricas do país, sufriu a presión dunha lingua veciña: o castelán⁸. A partir do século XVI, os gramáticos portugueses xulgaron os falares galegos arcaicos e provinciais. “É assim é que o galego, que nas origens da língua tanto contribuiu para definir a norma literária, veio a encontrar-se no polo oposto desta mesma norma. A rusticidade da Galícia opõe-se, agora, à urbanidade de Lisboa” (TEYS-SIER, 2007, p. 34). **É necesario considerar que daquela** Portugal vivía un período de expansión colonial e de consolidación como reino independente que debía se lexitimar e afirmar a súa identidade e “o carácter, independente e soberano da ‘língua portuguesa’, (...) sem vínculo com o galego, pobre linguajar entregue à própria sorte como falar regional, submerso numa permanente diglossia, relegado aos usos menos prestigiados” (BAGNO, 2012, p. 37-38). Actualmente, os termos *português* e *galego* identifican dúas linguas; unha e outra diferenciadas principalmente por factores socioculturais e históricos. Posner (1998, p. 257) trae a distinción que a sociolingüística fai entre lingua *Abstand* e de la lingua *Ausbau* para demarcar unha separación na esfera das linguas neolatinas:

8. Monteagudo (1999) expón de maneira detallada a historia social do galego.

Aunque los dialectos locales y similares puedan ser considerados también “lenguas históricas”, sería útil distinguir el exclusivista “club” románico, formado por las lenguas nacionales y literarias, de la numerosa “familia” románica, con sus prolíficas ramificaciones, que se extienden desde la unidad nuclear, que vive en el sur de Europa, hasta los miembros más lejanos de la familia, fruto de la emigración a los límites de los antiguos imperios. (POSNER, 1998, p. 67)

Consideramos que a proposta da autora expresa unha concepción xerárquica das linguas: aínda que todas procedan do latín, só aquelas que atangueron prestixio cultural e político, fundamentalmente as linguas nacionais, poden pertencer ao *club*. Dese modo, establece unha distinción entre a *Romania Maior*, correspondente ao club románico, e a *Romania Minor*, conxunto da ampla familia de linguas, dialectos e falares espallada polos cinco continentes; cada membro da familia gozaría dun grao de codificación, historicidade e vitalidade diferente. O portugués, como lingua internacional, adscribíse á *Romania Maior* en canto o galego, cooficial na Galiza desde 1981, entra na *Romania Minor*. A diferenza entre un e outro é metalingüística e a fronteira vén trazada, en grande medida, polos “domínios de uso de determinada ortografía e gramática normativa, ou seja, às linguas padrão” (FINBOW, 2011, p. 96).

Fronte a esta separación de natureza política, cultural, económica e ideolóxica, e sen negar o impacto deses procesos históricos, o Premio Nobel de Literatura José Saramago defendeu que “não existe uma só língua portuguesa, mas sim, várias línguas em português”. Idea moi suxestiva que non deixa de ser a formulación literaria do concepto de linguas pluripolares, aquelas que reúnen variedades históricas, xeográficas e sociais non necesariamente intelixíbeis⁹. Bagno (2012, p. 39) utiliza a etiqueta *portugalego* para se referir a ese grupo.

O galego, ou se se prefire a variante do grupo portugalego falada na Galiza, encontrase hoxe nunha situación de conflito lingüístico, ameazado pola concorrencia co castelán que se impón nas cidades e entre as xeracións máis novas. Nese contexto, o uso normativo da lingua tórnase unha cuestión fundamental e a produción dunha norma para a lingua da Galiza ocupa unha posición central nos debates académicos e tamén na sociedade civil:

A norma é ela própria motivo de incontáveis conflitos, pois o processo de elaboração linguística diz respeito à identidade da língua, à sua continuidade histórica, à sua possibilidade de existir como realidade diferenciada ou como variedade reconhecida de alguma outra língua, à delimitação, enfim, do seu espaço de ação de sua área de influência. (LAGARES, 2011, p. 173)

Conscientes da importancia de apertar os lazos lusófonos para fortalecer o galego, todos os proxectos de padronización tomaron como referencia o portugués en diversos graos “quer como padrão ortográfico ou como modelo (certamente indefinido) de ‘língua culta’ (...), quer como referência constante na elaboração de terminologias ou na adoção de padrões morfológicos” (LAGARES, 2011, p. 189). E, de feito, a Real Academia da Lingua Galega (RAG) avoga nas súas *Normas Ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* por “unha lingua común asentada na fala, mais depurada de castelanismos, supradialectal, enraizada na tradición, coherente e harmónica coas demais linguas de cultura” (RAG, 2005, p. 6). Con ese obxectivo cómpre, por unha banda, fuxir da dependencia do castelán e, por outra, non recorrer nin ao arcaísmo nin á hipercharacterización do idioma; o portugués serve como mediador entre eses dous extremos.

Após a nosa exposición sucinta da normativización da lingua na Galiza e as súas principais dificultades, habemos de lembrar que os SPG foron compostos décadas antes da normativización. Tamén non debemos esquecer, como xa dixemos, que Federico García Lorca non era falante de ningunha variedade de portugalego, mais un escritor andaluz que optou por empregar o galego para compor seis poemas levado polos factores examinados no epígrafe precedente. Nesta altura, cabe presentar a Lusografía definida como “o espaço escrito da língua portuguesa. Escrito, ou seja, não falado como o de Lusofonia, ao qual se não opõe, mas do qual se distingue” (CRISTÓVÃO, 2005, p. 656). Aquí é relevante distinguir entre a lingua escrita e a lingua falada por teren usos non enteiramente coincidentes. Lorca foi un poeta lusógrafo sen ser un poeta lusófono; foi un escritor en galego sen necesariamente ser falante efectivo deste idioma. Por outra banda, “há de fato duas lusografias: a que é obrigatória, política, administrativa, e uma outra, bem diferente, que corresponde a uma escolha” (CRISTÓVÃO, 2005, p. 656). Na segunda, por tanto, é onde se encadra o traballo de Federico.

Se asumimos os dous axiomas, presentados en cadanseu epígrafe, que, primeiro, os SPG pertencen a tradición poética e literaria do galego e que, segundo, ese ámbito lingüístico e cultural participa da Lusofonía (entendida

9. O caso non é exclusivo do portugués e así outros idiomas, como o árabe ou o chinés, tamén responden a ese mesmo perfil glotopolítico.

como conxunto de polisistemas¹⁰ de lingua e cultura portugalesos e non vinculada necesariamente a un proxecto político), os SPG intégraranse no patrimonio lusógrafo, nos “milhões de textos, um sem-número de palavras, escritos em língua portuguesa desde a noite dos tempos, em Portugal, nos espaços colonizados, lusitanizados, o mesmo é dizer, o mundo inteiro” (CRISTÓVÃO, 2005, p. 656). Como escritor lusógrafo, Lorca permite unha lectura directa polo público letrado en lingua portuguesa? Cales mediacións cómpre facer ao tradutor, ao editor e mesmo ao lector nese contexto? As posibilidades abertas polo estudo dos SPG serían válidas para discutir outras producións literarias compostas en situacións semellantes? Dedicaremos a última parte do nosa exposición ao debate destas cuestións.

3. OS SEIS POEMAS GALEGOS: TRADUCIÓN INTERCULTURAL E INTERCOMPREENSIÓN ENTRE LINGUAS ROMÁNICAS

Federico García Lorca representa un dos principais autores do século XX, non só nas literaturas en español, mais na literatura universal, como demostra que a súa obra estea traducida en numerosas linguas, entre as cales, os principais idiomas europeos de cultura coma o alemán, o francés, o inglés, o italiano, o ruso e, certamente, o portugués. Segundo Staiger (1975, p. 51), “a poesía autenticamente lírica é singular e irreproducíbel”. Esa calidade dos SPG formula un problema para a súa lectura quer entre a comunidade hispano falante, quer na lusófona. Obviamente, o público hispano falante acede á poética lorquiana na lingua orixinal, con excepción dos SPG, que, nunha versión monolingüe, deben producir certo estrañamento para o lector que non teña familiaridade coa lingua e a cultura da Galiza¹¹. Por outra banda, a editorial brasileira Martins Fontes publicou a *Obra poética completa* de Lorca en 1999, onde presenta os poemas en edición bilingüe castelán e portugués como *texto a fronte*. Os SPG foron editados seguindo o mesmo criterio, no caso orixinal galego e a fronte a tradución en portugués. Esas dúas edicións reproducen unha situación característica das chamadas linguas minoritarias, ou non hexemónicas, que, para se relacionaren con outras comunidades lingüísticas e culturais, precisan recorrer á interposición ou mediatización dunha lingua hexemónica, entorno da cal orbitan como satélites.

Desde a súa experiencia como pescudador e falante de gaélico irlandés, Cronin (1998) formula algunhas cuestións que xorden ao traducir desde, para e entre linguas minoritarias. Así, por exemplo, as/os poetas de lingua gaélica que desexen traducir escritoras/es de Estonia invariabelmente pasarán polo filtro do inglés, idioma que as dúas partes coñecen. Feito que supón que as/os escritoras/es dunha lingua minoritaria frecuentemente sexan traducidos –ou se autotraduzan– nunha lingua maioritaria creando unha literatura pensada, desde a súa xénese, para a tradución. Deste modo, no actual proceso de mundialización, as linguas minoritarias poden se transformar en espellos dunha lingua maioritaria, importando masivamente estruturas léxicas, sintácticas e semánticas alleas. Por outra banda, poetas e escritoras/es que, fronte á asimilación, busquen diferenciarse ou reafirmar a identidade lingüística e cultural de seu, reafirmando os trazos autóctonos máis característicos, corren o risco de crear unha obra tamén especular: diametralmente oposta aos modelos da lingua maioritaria, o que pon de manifesto a dependencia e subordinación ás linguas ás cales pretendían se contrapor. En síntese, as diferenzas de poder económico, demográfico, cultural e político entre as *grandes* linguas centrais e as linguas *minoritarias* ou *minorizadas* periféricas xeran diferenzas nas traducións entre unhas e outras. Avanzando na súa argumentación, o investigador irlandés denuncia a falta dun foco teórico específico dentro dos Estudos da Tradución para estas linguas, feito que provoca que “speakers of minority languages looking into the disciplinary mirror of translation studies can also experience the troubling absence of the undead” (p. 250). Porén, son as linguas minoritarias as que máis precisan da tradución como vía para recibir e incorporar as producións estranxeiras e exportar o propio patrimonio.

No caso do SPG, se a mediatización pasar pola tradución para o español, caeríase na contradición da vontade do poeta: para Lorca nada era máis simples que usar a propia voz andaluza á hora de cantar a Galiza, pero a súa vontade fixo que tomase emprestada a lingua galega a través da colaboración de Guerra de Cal e Blanco Amor. Por súa vez, a mediatización do portugués podería pasar por un arranxo da ortografía para as convencións ortográficas actuais desta lingua e a substitución de certos castelanismos, arcaísmos, vulgarismos e dialectalismos. Esa solución corre o risco de deturpar a musicalidade e a rima da obra.

10. Verbo da teoría dos polisistemas, pódese consultar Lambert (1997).

11. Obsérvese a edición da obra completa de Lorca publicada pola editora madrileña Akal (LORCA, 2008).

Fronte a esas dúas posibilidades que traen perdas no contido e na formulación poética dos SPG, presentamos outra alternativa. O texto orixinal en galego permite unha lectura multicultural e bilingüe afastada do canon, onde se xustapoñen a lingua e a cultura da Galiza, integradas no amplo espazo do portugalego, e as culturas que se expresan en español. Descóbrese así un espazo literario que transborda as fronteiras dos espazos lingüísticos, literarios e culturais estritamente delimitados pelos estados nacionais e descritos pola lingüística e a filoloxía do comezo do século XX. Deste xeito, trázase unha ponte sobre as fronteiras lingüísticas da *Romania*, ou sexa, do territorios onde son faladas as linguas románicas ou neolatinas (BADIA I MARGARIT, 2007). Esa lectura establece un diálogo como espazo común intrarrománico que outra importante escritora galega en castelán, Emilia Pardo Bazán, formulou xa hai máis dun século: “Portugal es para mí como la América latina. Algo que tengo que reconocer, política y geográficamente, por extranjero, pero que moralmente, afectivamente sobre todo, continúa formando parte de mi patria” (PARDO BAZAN, apud HERRERO FIGUEROA, 2007, p. 153).

En definitiva, os SPG, como talvez boa parte da literatura contemporánea galega, son barcas que navegan e beben de dous océanos contiguos: o lusófono portugalego e o hispánico. Por iso, consideramos que as estratexias e cuestións verbo da súa tradución e lectura, ás cales dedicamos estas páxinas, poden servir para outras pescudas que se propoñan traballar coa produción, lectura e difusión da literatura galega nesas dúas comunidades veciñas, de forma que a diversidade e a variación non sexan dificultades a seren superadas, mais constitúan a base e a potencia destas obras.

REFERENCIAS

- BADIA I MARGARIT, A. Génesis de la Romania y genio de la romanística. In: GARGALLO GIL, J; REÍÑA BASTARDAS, M. (Coords.) **Manual de lingüística románica**. Barcelona: Ariel, 2007.
- BAGNO, M. **O portugués não procede do latim**: Uma proposta de classificação das línguas derivadas do galego. Disponível en: <http://www.editorialgalaxia.es/imxd/libros/doc/1320761642191_Marcos_Bagno.pdf>. Acceso en: 26 jun. 2015.
- CRISTOVÃO, F. et al (Org.). **Dicionário temático da Lusofonia**. Lisboa/ Luanda/ Maputo/ Praia: Texto Editores, 2005.
- CRONIN, M. The Cracked Looking Glass of Servants: Translation and Minority Languages in a Global Age. **The Translator**, Manchester, vol. 4, n. 2, p. 145-62, 1998.
- FINBOW, T. A formação dos conceitos de “latim” e de “romance”. In: LAGARES, X; BAGNO, M. (Org.). **Políticas da norma e conflitos linguísticos**. São Paulo: Parábola, 2011.
- GARCÍA LORCA, F. **Federico García Lorca**: Obra Completa. Madrid: Akal, 2008.
- , **Obra poética completa**. São Paulo: Martins Fontes, 1999.
- , **Seis poemas galegos de Federico García Lorca**. Edic. Fac-símile. Santiago de Compostela: Biblioteca facsimilar do Consorcio da cidade de Santiago, 1996.
- GIBSON, I. **Vida, pasión y muerte de Federico García Lorca (1898-1936)**. Barcelona: Plaza-Janés Editores, 1998.
- HERRERO FIGUEROA, A. Sobre a discutíbel lusofilia de Pardo Bazán ou de como D^a Emilia non é propiamente Maria Guavaira. In: VII CONGRESO INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS, 2007, Barcelona. **Anais...** Sada: Edicións do Castro, 2007. p. 143-154.
- LAGARES, X. Minorías linguísticas, políticas normativas e mercados uma reflexión a partir do galego. In: LAGARES, X; BAGNO, M. (Orgs.). **Políticas da norma e conflitos linguísticos**. São Paulo: Parábola, 2011. p. 169-192.
- LAMBERT, J. Itamar. Even-Zohar’s Polysystem Studies: An Interdisciplinary Perspective on Culture Research. **Canadian Review of Comparative Literature / Revue Canadienne de Littérature Comparée**, Calgary, XXIV, n. 1, p. 7-14, 1997.
- MONTEAGUDO, H. **Historia social da lingua galega**. Vigo: Galaxia, 1999.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, L. **O pórtico poético dos Seis Poemas Galegos de F. García Lorca**. Santiago de Compostela: Consello de Cultura Galega, 1998.

POSNER, R. **Las lenguas romances**. Madrid: Cátedra, 1998.

REAL ACADEMIA GALEGA INSTITUTO DA LINGUA GALEGA. **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2005.

STAIGER, E. **Conceitos fundamentais da poética**. Rio de Janeiro: Tempo brasileiro, 1975.

TEYSSIER, P. **História da língua portuguesa**. São Paulo: Martins Fontes, 2007.

OS POEMAS GALEGOS DE LUCIANO MAIA DENDE O UNIVERSO LORQUIANO

ELENA VEIGA RILO
CELGA / UFBA

INTRODUCCIÓN

Federico García Lorca influenciou a moitos autores do século XX e do actual século XXI. Hoxe queremos facer unha aproximación a un exemplo de como un autor brasileiro como Luciano Maia interiorizou e compartiu o amor por Galicia que tiña o poeta granadino, antes mesmo de visitala. Prodúcese nos dous casos un ollar estranxeiro pero agarimoso da terra galega que analizaremos a través dunha análise contrastiva pero simbiótica.

OS SEIS POEMAS GALEGOS DE FEDERICO GARCÍA LORCA

Federico García Lorca, poeta da *Generación del 27*, foi un dos maiores escritores do século XX no Estado Español. Sería no 1932 cando volvese entrar en contacto con Galicia, despois dunha primeira aproximación no 1916 como estudante, o que repercutiría posteriormente na súa literatura. Nese ano 1932, como apunta Martínez-Barbeito, organizáranse en Compostela os Comités de Cooperación Intelectual análogos aos que xa funcionaban noutros lugares do Estado Español formando:

Núcleos de escritores, artistas y hombres de espíritu que tenía(n) por objeto promover empresas de cultura y muy especialmente hacer posible el desplazamiento de conferenciantes y concertistas de relieve por toda la península. (MARTÍNEZ-BARBEITO, 1974, p. 90).

García Lorca chegou a Santiago de Compostela o 5 de maio do 1932 para impartir unha conferencia sobre a guitarra e entrou en contacto cos integrantes dos citados Comités de Cooperación Intelectual composteláns. Neste encontro, Lorca falou de como Rosalía, Curros, os Cancioneiros galego-portugueses do ciclo trobadoresco e a paisaxe galega influirían na súa obra e posteriormente tivo oportunidade de coñecer as rúas de Santiago de Compostela.

Durante el recorrido alrededor de la catedral, su pasmo no tuvo límites ante las grandiosas plazas barrocas flanqueadas de próceres edificios y sumidas en la niebla nocturna que les hacía parecer aún más fantasmales. Su admiración culminó en la Quintana, que él debía cantar más tarde en uno de sus Seis poemas galegos. Tan cerrada, íntima y acabada le pareció, que la llamó “plaza-butaca” en la que hubiera querido -dijo- quedarse a reposar toda la vida. (MARTÍNEZ-BARBEITO, 1974, p. 93).

Federico García Lorca, como conta Martínez-Barbeito, desfacíase en eloxios de cada recanto da cidade de Compostela, e facíao moitas veces relacionándoa historicamente con Granada (de onde el era orixinario), aludindo á colonización galega que na súa cidade se fixo ao final da Reconquista, “y de la que quedan curiosos vestigios topográficos y temperamentales” (MARTÍNEZ-BARBEITO, 1974, p. 94). No ano seguinte (1933) volvería a Galicia e continuaría inspirándose para crear os seus *Seis poemas galegos*. Estes foron publicados en 1935 en Santiago no obradoiro da Editorial Nós.

As seis composicións do poeta granadino están escritas en galego, aínda que Martínez-Barbeito apunte a unha posible tradución do castelán para o galego de Eduardo Blanco Amor (quen fixo o prólogo do libro). Escríbese Lorca

ou non os versos en galego orixinariamente, o feito de que estes acadasen un éxito sen precedentes fixo que o galego fose dotado de prestixio en ámbitos dos que non gozaba del:

Álvaro Cunqueiro, Antón Villar Ponte, Ánxel Fole, Luís Manteiga, Roberto Blanco Torres, Augusto María Casas e trabalhos anónimos na prensa [...] valorizan que Lorca utilizase o galego como grande axuda para prestigiar o idioma autóctone, que ocupava espazos pouco significativos na comunicación social, no ensino e no ámbito institucional. Davam-lhe destaque, xuntamente com o rei Afonso X, dentre as persoas não galegas que poetaram no idioma. (TORRES FEIJÓ e GÓMEZ, 2013, p. 222).

Son poemas que deixan ver as influencias que o poeta tiña confesado anteriormente nas súas viaxes a Galicia e, por exemplo, as formas paralelísticas denotan o coñecemento de Lorca das cantigas galego-portuguesas. Así, entre esas seis composicións encontramos:

Madrigal á cibdá de Santiago

Chove en Santiago,
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brila entebrecida ó sol.
Chove en Santiago
na noite escura.
Herbas de prata e de sono
cobren a valeira lúa.
Olla a choiva pola rúa,
laio de pedra e cristal.
Olla no vento esvaído,
soma e cinza do teu mar.
Soma e cinza do teu mar,
Santiago, lonxe do sol;
ágoa da mañán anerga
trema no meu corazón.

Poema que posteriormente gañaría popularidade ao ser musicado polo grupo Luar na Lubre. Como se apunta no título do poema, estamos ante un madrigal¹ no que Lorca realiza un canto a Compostela, a cidade que tanto o “engaiolaba”, como el mesmo comentaba e á que tamén lle dedicaría o último poema da serie (“Danza da lúa en Santiago”), do que falaremos. O poema presenta unha estrutura e construción simple, de fácil comprensión, no cal a choiva é o tópico sobre o que xira a composición. É o único poema que xa fora publicado anteriormente, tendo sido incluído este na revista “Yunque”, de Lugo, como apunta Blanco Amor no prólogo da obra.

Romaxe de Nosa Señora da Barca

¡Ay ruada, ruada, ruada
*da Virxen pequena
e a súa barca!*

A Virxen era pequena
e a súa coroa de prata.

1. Un madrigal é unha composición de tres a seis voces sobre un texto secular, normalmente en italiano. Compostos normalmente para voces a capella e, nalgúns casos, con instrumentos dobrando as partes vocais. Dita composición debe combinar versos heptasílabos e hendecasílabos, pero neste caso Lorca adapta o seu madrigal para que presente versos pentasílabos e octosílabos.

Marelos os catro bois
que no seu carro a levaban.

Pombas de vidro traguían
a choiva pol-a montana.
Mortos e mortas de néboa
pol-as congostas chegaban.

¡Virxen, deixa a túa cariña
nos doces ollos das vacas
e leva sobr'o teu manto
as froles da amortallada!

Pol-a testa de Galicia
xa ven salaiando a i-alba.
A Virxen mira pr'o mar
dend'a porta da súa casa.

¡Ay ruada, ruada, ruada
*da Virxen pequena
e a súa barca!*

Lorca fai alusión neste poema á devoción que rodea a lenda do santuario de Nosa Señora da Barca, na que o apóstolo Santiago tería chegado á beira do mar en Muxía, vencido polas dificultades que atopara na evanxelización de Galicia. Sería neste lugar onde viu chegar unha barca de pedra que traía á virxe. Feal Deibe (1971, p. 562) apunta a influencia de Rosalía, sobre todo do seu Canto VI:

Nosa Señora da Barca
ten o tellado de pedra;
ben o pudera ter d'ouro
miña Virxe, si quixera.

Por outro lado, a alusión inicial á ruada² fai que nos situemos nun ambiente nocturno pero iso non quere dicir que escuro; ben contrariamente: chama á animación.

Cántiga do neno da tenda

Bos Aires ten unha gaita
sobro do Río da Prata,
que a toca o vento do norde
coa súa gris boca mollada.
¡Triste Ramón de Sismundi!
Aló, na rúa Esmeralda,
basoira que te basoira
polvo d'estantes e caixas.
Ao longo das rúas infindas
os galegos paseiaban
soñando un val imposibel
na verde riba da pampa.
¡Triste Ramón de Sismundi!

2. A ruada é unha reunión de xente, polo xeral pola noite, para divertirse con cántigas, bailes, etc.

Sinteu a muiñeira d'agoa
mentras sete bois de lúa
pacían na súa lembranza.
Foise pra veira do río,
veira do Río da Prata.
Sauces e cabalos míos
creban o vidro das ágoas.
Non atopou o xemido
malencónico da gaita,
non víu o imenso gaiteiro
coa boca frofida d'alas;
triste Ramón de Sismundi,
veira do Río da Prata,
víu na tarde amortecida
bermello muro de lama.

Federico García Lorca consegue plasmar a desesperanza da emigración galega na Arxentina, chegando o triste Ramón de Sismundi a cometer suicidio. Fálanos, polo tanto, da traxedia da emigración. Non esquece facer alusións a lugares concretos de Bos Aires como o Río de la Plata ou a rúa Esmeralda, que el coñecía dende que visitara Arxentina. A gaita vai funcionar como elemento que nos trae a idea da morriña, inseparable da emigración, e o emigrante aparece separado da súa alma, como un morto en vida. O poema é un romance, que presenta ton narrativo e ausencia de división en estrofas.

Noiturnio do adoescente morto

Imos silandeiros orela do vado
pra ver ó adoescente afogado.

Imos silandeiros veiriña do ar,
antes que ise río o leve pr'o mar.

Súa i-alma choraba, ferida e pequena
embaixo os arumes de pinos e d'herbas.

Ágoa despenada baixaba da lúa
cobrindo de lirios a montana núa.

O vento deixaba camelias de soma
na lumieira murcha da súa triste boca.

¡Vinde mozos loiros do monte e do prado
pra ver ó adoescente afogado!

¡Vinde xente escura do cume e do val
antes que ise río o leve pr'o mar!

O leve pr'o mar de curtiñas brancas
onde van e vén vellos bois de ágoa.

¡Ay, cómo cantaban os albres do Sil
sobre a verde lúa, coma un tamboril!

¡Mozos, imos, vinde, aixiña, chegar
porque xa ise río m'ó leva pra o mar!

Se atendemos á técnica paralelística, é o poema que máis claramente deixa ver o coñecemento de Lorca das Cantigas da lírica galego-portuguesa. Ao contrario do que pasaba no “Romaxe da Nosa Señora da Barca”, neste caso a noite si que se asocia coa morte. É un dos poemas que máis se podería relacionar coas outras obras de Lorca, pola constante aparición de afogados e de símbolos que presaxian a morte, como é a lúa.

Canzón de cuna pra Rosalía de Castro, morta

¡Érguete, miña amiga,
que xa cantan os galos do día!
¡Érguete, miña amada,
porque o vento muxe, coma unha vaca!

Os arados van e vén
dende Santiago a Belén.
Dende Belén a Santiago
un anxo ven en un barco.
Un barco de prata fina
que trai a door de Galicia.
Galicia deitada e queda
transida de tristes herbas.
Herbas que cobren teu leito
e a negra fonte dos teus cabelos.
Cabelos que van ao mar
onde as nubens teñen seu nidio pombal.

¡Érguete, miña amiga,
que xa cantan os galos do día!
¡Érguete, miña amada,
porque o vento muxe, coma unha vaca!

Neste poema aténdese ao tema da dualidade vida-morte e a resurrección tamén vai ser fundamental para comprender esta composición que lle dedica a unha das autoras que máis tiña influenciado a Lorca: Rosalía.

Danza da lúa en Santiago

¡Fita aquel branco galán,
olla seu transido corpo!
É a lúa que baila
na Quintana dos mortos.

Fita seu corpo transido
negro de somas e lobos.

Nai: a lúa está bailando
na Quintana dos mortos.

¡Quén fire potro de pedra
na mesma porta do sono?

¡É a lúa! ¡É a lúa
na Quintana dos mortos!

¿Quen fita meus grises vidros
cheos de nubens seus ollos?

¡É a lúa! ¡É a lúa
na Quintana dos mortos!

Déixame morrer no leito
soñando con froles dóuro.

Nai: a lúa está bailando
na Quintana dos mortos.

¡Ai filla, co ar do céo
vólvome branca de pronto!

Non é o ar, é a triste lúa
na Quintana dos mortos.

¿Quén brúa co-este xemido
dímenso boi melancónico?

¡Nai: É a lúa, a lúa
coronada de toxos,
que baila, e baila, e baila
na Quintana dos mortos!

Comentamos anteriormente o funcionamento da lúa como símbolo na poesía de Lorca, símbolo que se establecerá como unha constante e que representa unha morte que neste caso se acepta. Sitúanos Federico García Lorca, de novo, na cidade de Santiago de Compostela. Funciona a lúa como galán, producíndose así a súa masculinización. Lembra este poema tamén ás cantigas galego-portuguesas, xa que existe un diálogo entre nai e filla. Porén, a filla nesta composición é a confidente, e non ao contrario, como adoita ser habitual.

García Posada (1982) divide os poemas en tres parellas, atendendo á súa temática: dos dous primeiros (*Madrigal á cibdá de Santiago* e *Romaxe de Nosa Señora da Barca*) apunta “una cierta esperanza, pese a la hostil presencia de elementos oscuros”. O segundo grupo estaría formado por *Cántiga do neno da tenda* e *Noiturnio do adolescente morto*, que tratan da morte de dous rapaces. Por último, temos os dous poemas finais: *Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta* e *Danza da lúa en Santiago*, que estarían “enlazados claramente por una común presencia femenina”.

LUCIANO MAIA E A BAGAXE EDITORIAL DOS SEUS *POEMAS GALEGOS*

Luciano Maia, titular da cadeira 23 da Academia Cearense de Letras, ten máis de 20 libros publicados, así como varios estudos na área da Lingüística Románica. É membro da Academia de Letras e Artes do Nordeste – ALANE, da Academia Limoeirense de Letras, da Academia Cearense de Literatura e Jornalismo e da Associação Brasileira de Bibliófilos.

Traduciu varios poetas da Romanía, país que representa en Fortaleza na calidade de Cónsul Honorario, e do cal é tamén Comendador da Ordem Nacional. Moitos dos seus poemas foron escritos en romanés e noutras linguas románicas, incluíndo o portugués (a súa lingua materna), o español e o galego.

Pero hoxe interézanos pola súa obra *Aldea Lonxana* (2015), publicada pola Asociación Cultural Eira Vella e presentada o 8 de xaneiro do 2016 no Edificio Liceo de Betanzos, onde o autor inclúe dez Poemas Galegos. Centrarémonos fundamentalmente nos cinco Poemas Galegos que xa tiña escrito anos atrás (a pesar de que tamén atenderemos a algún dos cinco poemas posteriores), como explicaremos, inspirándose nos *Seis Poemas Galegos* de Federico García Lorca.

Anteriormente, como avanzabamos, no 1984, xa tiña publicados cinco Poemas Galegos como parte do libro *Sol de Espavento*, tamén incluídos na súa segunda edición de 2013. Foron tamén publicados no libro *Rostro Hermoso*, do 1997, así como na súa segunda edición do 2013. Formaron, ademais, parte da segunda edición (2002) de *As tetas da Loba*.

Segundo o propio Luciano Maia comenta no seu prólogo á obra que hoxe nos ocupa (*Aldea Lonxana*, 2015), sentiu a necesidade de escribir primeiramente cinco Poemas Galegos sen coñecer Galicia e, posteriormente, cinco máis ata completar os seus dez Poemas Galegos, despois de ter participado no 1997 no Curso de Lingua e Cultura Galegas en Santiago de Compostela. Nese mesmo prólogo argumenta a necesidade de escribir eses cinco primeiros poemas. Entre os motivos apunta a proximidade existente entre dúas linguas irmáns que son o portugués e o galego: “Sempre me fascinou os sons dese idioma gêmeo do portugués, na verdade nascido antes do noso e de onde o noso provém” (MAIA, 2015, p. 6).

Outro motivo fundamental para a creación deses iniciais cinco Poemas Galegos foi a admiración que o autor profesa por Federico García Lorca e polos seus *Seis Poemas Galegos*, que calaran fondo na súa sensibilidade, como explica.

OS POEMAS GALEGOS DE LUCIANO MAIA NO UNIVERSO LORQUIANO

Como apunta Xesús Torres Regueiro no seu “Unhas verbas para os dez poemas galegos de Luciano Maia” incluído en *Aldea Lonxana* (2015), o propio Luciano Maia era consciente da influencia que supoñía Lorca nos seus poemas: “Os cinco Poemas Galegos têm uma evidente inspiração lorquiana: tanto quanto ao propósito de poeitar em galego, como quanto à temática e ao estilo” (MAIA, 2015, p. 6).

Entre os cinco Poemas Galegos de Luciano Maia encontramos: “Alba Lucense”, “Foliada”, “O neno e a gaita”, “Cantiga partíndose” e “Lonxanía”. Por outra banda, os cinco poemas posteriores son: “Aldea lonxana”, “O poeta en Santiago”, “Santiago de Compostela”, “Soneto de adeuses na Galicia” e “Na cara do mar”.

Os seguintes son os poemas que consideramos, que gardan unha relación máis evidente cos de García Lorca:

Alba lucense

Amáinanse as cores
nos xeitos da i-alba.
Agroman as flores
á luz anunciada.
A aurora lucense
no abrente lilás.

*Os galos do día cantan
nas arelanzas da i-alba.*

Terei que partir,
adeus, miña amiga!
É longo o camiño,
hai que ser axiña!
Olla que as estrelas
xa foxen, que é día!

*Os galos do día cantan
nas arelanzas da i-alba.*

Abrázame, amiga,
teño que ir agora!
Unha gaita lonxana

xa debuxa a aurora.
Non quedes tristoña,
fermosa pastora!

*Os galos do día cantan
nas arelanzas da i-alba.*

Levántase a luz,
xa é de mañanciña.
Me aparto de ti,
belida, agoriña
Mais levo o teu beixo,
doce amiga miña!

*Os galos do día cantan
nas arelanzas da i-alba.*

Que dores antergas
orvallen as albas
que choran tristeiras
as noites finadas?
Pra onde as estrelas
debandan, cismadas?

*Os galos do día cantan
nas arelanzas da i-alba.*

É o único dos cinco primeiros *Poemas Galegos* que conta cunha localización espacial (sitúanos en Lugo), cousa que cambiará nos cinco últimos poemas ao levarnos a Santiago nunha reinterpretación do poema de Lorca “Madrigal á cibdá de Santiago”. Podemos establecer unha relación entre este poema de Luciano Maia e o poema “Danza da lúa en Santiago”, de Lorca. O coñecemento en ambas composicións das cantigas medievais galegas faise notorio: se en “Danza da lúa en Santiago” existía un diálogo entre nai e filla, algo tan habitual na lírica trobadoresca, en “Alba lucense” Luciano Maia actualiza as albas medievais³ e masculinízaas, ao igual que masculinizaba Lorca o símbolo da lúa. A figura medieval do “amigo” transmúta neste caso nunha “amiga”. Pasamos, polo tanto, dunha danza da lúa para unha alba, situándonos en ambos os casos nun universo místico e que nos leva, como dicíamos, para un lugar concreto (no poema de Lorca para Santiago de Compostela e no de Luciano Maia para Lugo).

Foliada

*Imos todos á foliada
que hai na Quinta da Estrela.*

Fora noite de ledicia
se nos cantara a pastora
que ten na voz unha harmonía
solermiña e soñadora.

E polos agros bailando
á volta dos pinos quedos

3. Unha alba é un subxénero literario da lírica trobadoresca que describe a separación dos amantes ao chegar o día, despois de ter pasado a noite xuntos.

imos en festa cantando
as cantigas dos labregos.

*Imos todos á foliada
que hai na Quinta da Estrela.*

Imos á Quinta escoitar
o son da gaita do norte.
Bailarei coa miña amada
xunto ó seu belido porte.

Ó baile na Quinta eu vou
e se atopar vento fino
bailarei con máis ardor
con uns grolos de albariño.

*Imos todos á foliada
que hai na Quinta da Estrela.*

Vou coa miña namorada
no seu carriño marelo.
Ela mora na outra banda
en Viana do Castelo.

Nos ollos da leda noite
xa se miran os luceiros.
Os aires buscan arumes
dos bosques sobre os outeiros.

Anteriormente comentamos que, dos cinco primeiros poemas, “Alba lucense” mostraba referencias xeográficas concretas. Porén, no presente poema alúdese, sen concretar, a Viana do Castelo, de onde é a moza do amado, e á Quinta da Estrela. Por un lado, o poema fai unha invitación plural a acudir á foliada como acontecía en “Noiturnio do adoescente morto”, algo característico, como apunta Feal Deibe de Galicia ese sentido do colectivo: “su capacidad de extraversion, gusto por formas comunales donde la solidaridad se muestra” (FEAL DEIBE, 1971, p. 578). Por outro lado, a algarabía que se desprende do poema lévanos a relacionalo tamén con “Romaxe da Nosa Señora da Barca”, onde se aludía a esa romaría nocturna de persoas que lle teñen devoción á Nosa Señora da Barca en Muxía.

O neno e a gaita

Á mañanceira solaina
se achega un vento estranxeiro.
Un neno debuxa unha gaita
no piso tosco e frieiro.

Deixando o molle da aldea
por entre a néboa choída,
un barco a i-alba pentea
permeando a marusía.

Alén, no cais dos adeuses,
os aturuxos das aves
perseguinto os ventos ceibes
polos vagueiros aires.

Prepara a man da tardiña
as nordesías tebrosas.
O neno só adiviña
a degaranza das horas.

Mouras fenestras se choen
ó laio dos esmoleiros.
Lume nervioso de lóstregos
invade os lares valeiros.

Baixo un solpor de amargura
se acouga a escura aldeota.
Verbas caladas, tristura
que peta de porta en porta.

Unha evadida canción
entre a infancia e o desterro
persegue as notas que van
se ouvindo en silencio e medo.

O neno atopou unha gaita
ben a carón do seu leito.
Sospeita que endexamáis
escoitará o seu gaiteiro.

Se hai un poema que demostra unha evidente relación cos poemas de Lorca ese é “O neno e a gaita”, que conecta con “Cántiga do neno da tenda”. Funciona aquí de novo a gaita como un elemento simbólico que nos aproxima á morriña, unha morriña que era determinante para o trágico desenlace en “Cántiga do neno da tenda”. A gaita, desta forma, vai ser unha constante nos poemas de Luciano Maia, simbolizando a distancia da terra desa “aldea lonxana”. Así, en “O neno e a gaita” a soidade e o drama da emigración están presentes, a modo de denuncia e de lembranza poética das creacións de Federico García Lorca. Este é o tema sobre o que xira “Cántiga partíndose”, poema que forma parte desas cinco primeiras composicións de Luciano Maia sobre Galicia; ou en “Lonxanía”, onde ademais a choiva, como acontecía en “Madrigal á cibdá de Santiago”, ten un forte peso simbólico.

O poeta en Santiago

I

A tristeza o viu chegar
na noite húmida e escura.
Lonxano amor... e o luar
xunto á insistencia da chuva.

O poeta lembra as falas
laio da xente na rúa;
unha nube é a mortalla
da cara branca da lúa.

Lembranza de doce amor...
Polas portas e xanelas
pechadas dende o solpor
se apagan luces marelas.

Santiago lonxe... Silencio
estremece os tristes vidros
daquel anergo e inmenso
inverno de ollos tan fríos.

II

Galicia trae na soidade
tecido en tebras e luz
un canto que sempre há de
louvar ó mozo andaluz.

Mentras houber un que cante
ou que escoite a outro cantar
seus versos serán perante
estes campos e este mar.

Salaia un pranto irisado
nas cores do arco da vella.
Galicia escoita este fado
xemer na noite valeira.

Canta, que te escoita a triste
nai dos galegos e o día
xa ven co galo que insiste
en despertar Rosalía.

“O poeta en Santiago” é unha homenaxe que lle fai Luciano Maia a Federico García Lorca, aludindo ao seu contacto con Galicia. Xa non estamos falando neste caso dunha influencia dos textos de Lorca nos de Luciano Maia, senón de que é o brasileiro o que inclúe o autor granadino nun dos seus poemas. É o único poema que incluímos nesta selección de textos que non forman parte dos cinco primeiros Poemas Galegos, pero si dos cinco posteriores. É interesante destacar como a cidade de Santiago é un elemento fundamental no poema, así como tamén o era nos textos de Lorca. Preséntase, pensamos, como unha interpretación do “Madrigal á cibdá de Santiago” que inclúe como personaxe a García Lorca, nunha homenaxe lírica.

CONCLUSIÓN

Despois desta aproximación a dous universos que xiran arredor de Galicia puidemos percibir, en ambos os casos, o coñecemento da realidade galega, que en ocasións se visualizaba a través do drama da emigración; un tema que funciona de alicerce para o poemario de Luciano Maia, como fío condutor dos seus versos. Tamén se torna evidente o coñecemento de ambos da literatura galega, profesando os dous grande amor por Rosalía de Castro.

Luciano Maia establece un diálogo intertextual cos *Seis Poemas Galegos* de Federico García Lorca, chegando a incluír ao propio autor nun dos seus poemas. Establece ese diálogo dunha maneira plenamente consciente, sabendo que Lorca se esconde detrás de cada verso que compón *Aldea Lonxana*.

Instálase, polo tanto, Luciano Maia nunha sorte de universo lorquiano no que versiona os seus poemas e transvasa elementos dalgúns para outros, creando unha mutación literaria positiva onde queda patente o amor por Galicia que evoluciona das cinco primeiras composicións para as cinco seguintes, escritas décadas despois. Nestas últimas as referencias xeográficas son moito máis concretas e os xogos literarios fanse máis evidentes como no caso xa comentado da inclusión de Federico García Lorca nun dos seus poemas.

Unha reflexión de Xesús Torres, incluída en *Aldea Lonxana*, vai un paso máis alá na posible procura de Luciano Maia á hora de escribir os seus versos a Galicia e en galego:

Luciano Maia, brasileiro nordestino de lingua portuguesa, acolleu a lingua galega nestes poemas sabendo que se reintegraba á lingua nai do portugués. Digamos que quixo descender un chanzo no elo evolutivo da súa propia lingua para regresar a esta súa “aldea lonxana” que é Galicia. (Torres en MAIA, 2015, p. 10).

Federico García Lorca non podía establecer o galego para volver ás orixes lingüísticas, pero si que utilizou a lingua como único vehículo posible para falar de Galicia. É por iso, polo compromiso con Galicia e coa lingua galega, que estes dous autores tan distantes xeográfica e temporalmente se aproximan e dialogan.

REFERENCIAS

- FEAL DEIBE, C. Los *Seis Poemas Galegos* de Lorca y sus fuentes rosalianas. **Romanische Forschungen**, n. 83, p. 555-587, 1971.
- GARCÍA LORCA, F. **Seis Poemas Galegos**. A Coruña: Xefatura Superior de Policía de Galicia, 2004.
- GARCÍA POSADA, M. F. **García Lorca**. Poesía 1. Madrid: Akal, 1982.
- MAIA, L. **Aldea Lonxana**. Betanzos: Asociación Cultural Eira Vella, 2015.
- MARTÍNEZ-BARBEITO, C. García Lorca, poeta gallego. Un viaje a Galicia del cantor de Andalucía. **Grial**, T12, n. 43, xaneiro/marzo, p. 90-98, 1974.
- TORRES FEIJÓ, E. e GÓMEZ, J.R. Os *Seis Poemas Galegos* de Federico García Lorca e os cânones das literaturas española, galega e portuguesa. In: **Romance Notes**, vol. 53, n. 2, p. 221-236, 2013.

DA PENÍNSULA IBÉRICA PARA O BRASIL: UMA ANÁLISE COMPARATIVA DOS CONTOS POPULARES GALEGOS E BRASILEIROS

FERNANDA LACOMBE
UERJ

INTRODUÇÃO

Há quem acredite que a primeira invenção do homem foi a arte de contar histórias. Antes que a ciência se desenvolvesse e fosse capaz de explicar os fenômenos da natureza, os homens criaram histórias que o fizessem. Em seu famoso texto, *O narrador – considerações sobre a obra de Nikolai Leskov*, Walter Benjamin prevê um futuro negro para a contação de histórias. Felizmente, as previsões de Benjamin não se realizaram: a informação encontrou seu ápice no século XXI, mas não foi capaz de substituir os contos de fadas, histórias populares ou a simples narrativa de um caso que presenciamos nos espaços coletivos.

No caso dos contos populares de Brasil e Galícia, não poderia ser diferente: ambos são fruto de uma parcela marginalizada da população, que sem acesso a literatura produzida pelas elites, criou seu imaginário e histórias próprias. Considerando a influência da cultura galega no Brasil, principalmente através da imigração ou de elementos comuns a Portugal, é possível notar uma semelhança entre a narrativa popular destas duas nações.

Ao longo deste trabalho, serão analisados três contos da antologia *Contos populares*, de Maruxa Barrio e Enrique Harguindey. As narrativas escolhidas estão contidas na terceira parte, contos de encantamento. O critério para a escolha foi a existência de uma versão similar destas histórias nas antologias de contos populares brasileiros. Serão levantados os principais elementos do enredo e particularidades na versão galega com relação a de outros países e línguas.

Com base nos conceitos de arquétipo e inconsciente coletivo, a análise comparativa entre os contos galegos e brasileiros pretende expor a herança galega na narrativa oral brasileira, através do modo como ambos os povos expressam os arquétipos universais contidos nestes contos e no inconsciente coletivo destes dois povos.

No livro *O poder do mito*, o estudioso de mitologia Joseph Campbell ressalta a importância do mito para a sociedade. Segundo o autor, os mitos são uma forma de inserir os jovens no mundo adulto e dentro de suas regras. Se nas sociedades primitivas havia rituais de passagem, atualmente as histórias se encarregaram deste papel, e por isso sua importância. A partir deles é possível compreender os códigos que regem este mundo, além de encontrar exemplos de como resolver suas próprias questões pessoais.

Também um estudioso dos símbolos, Campbell foi amplamente inspirado pelo psicanalista austríaco Carl G. Jung. Este dividiu o inconsciente psíquico em duas instâncias: a pessoal e a coletiva. A primeira é subjetiva, enquanto que a segunda é de natureza universal, comum a todos os seres humanos. É no inconsciente coletivo que estão presentes os arquétipos, formas da psique que estão presentes em todo o lugar e todo o tempo. Estas formas apenas tornam-se conscientes secundariamente, sendo os contos de fadas uma maneira de fazê-lo.

Em *Os arquétipos e o inconsciente coletivo*, Jung compara esta instância ao super ego de Sigmund Freud. Desse modo, assim como o super ego é responsável por ditas as normas da sociedade em que se insere o sujeito, as imagens encontradas no inconsciente coletivo demonstram muito das normas de convívio de um povo. Citando Maruxa Barrio: “Hai nestas historias algo moi importante do nosso modo de ser e da nossa maneira de pensar (...) No fondo, faláse de todos nós.” (BARRIO; HARGUINDEY, 1983, p. 5)

O AFILLADO DA MORTE: A RELIGIOSIDADE POPULAR

O primeiro, *O afillado da morte*, também é encontrado nas coletâneas dos irmãos Grimm e em antologias de folclore brasileiro. Na narrativa, um homem pobre sai à procura de um padrinho para o filho recém-nascido. No caminho, encontra primeiro com o diabo, que o homem rejeita. Em seguida, encontra com Deus, que também se oferece como padrinho da criança. O pai não aceita, respondendo que “vostede tampouco me vale que non é moi bo, pois a uns dálle-lo todo namentras que a outros non lles da nada se non son traballos”. Por fim, o homem segue caminhando até encontrar a morte. Esta faz como os outros e é aceita, pois: “E xusticeira: tanto leva aos probes coma aos ricos, que todos somos filllos da morte”. Esta fica tão satisfeita, que promete tornar rico seu afilhado.

E assim o faz. Quando o menino já está crescido, faz dele médico sem estudos: sempre que entrar no quarto de um doente e a morte estiver próxima a cabeça do paciente, não há remédio: se, porém, ela estiver aos pés dele, basta algumas ervas e ele irá sobreviver. E assim o rapaz começa sua carreira de médico, acumulando muito dinheiro. Um dia, porém, um homem muito rico bateu em seu consultório. A morte se postou a sua cabeça, mas ao ver a fortuna oferecida pela família, o médico enganou sua madrinha: virando o paciente, colocou seus pés próximos da morte. O homem foi salvo. O afilhado, porém, não teve a mesma sorte. A um aceno do padrinho, caiu morto ali mesmo.

Este conto apresenta alguns detalhes interessantes, principalmente em sua versão galega, no que diz respeito à religiosidade popular. Tanto no Brasil quanto na Galícia estas histórias foram popularizadas num período de grande influência da Igreja católica, porém subvertem muitos de seus conceitos. Na versão brasileira de *O afillado da morte*, há uma justificativa das ações de Deus. Logo após rejeitá-lo, o autor explica que o homem não tem consciência dos motivos de Deus, e por isso se comporta daquele jeito. Na narrativa galega não: Deus é equiparado ao diabo, e esta passagem é uma crítica e um alerta acerca das condições de vida da população rural. A escolha da morte como madrinha não deixa de ser significativa. Para um povo abandonado pelas elites e até pela religião, a morte é a única figura justa e familiar. Tanto o homem deste conto quanto qualquer camponês estão acostumados com a morte em seu cotidiano, fruto de má condição de vida.

Outro exemplo dessa subversão é o conto brasileiro *O bom diabo*, em que a imagem do demônio salva a vida de um rapaz. Esta o faz em agradecimento ao moço que pagara pela pintura e reforma da igreja onde se encontrava o diabo. O método de trabalho do filho também é uma denúncia do abandono que sofre o meio rural: o único tratamento que usa são ervas. Se não podem ajudar, então só resta esperar a morte.

Outro detalhe peculiar é quanto à diferença entre os finais de cada versão. Tanto na alemã quanto na brasileira, o médico entra em conflito ao precisar curar a filha do rei, uma moça bonita que ele não deseja ver morta. Após enganar a madrinha, é levado por ela ao mundo dos mortos, onde arde a vela da vida de cada pessoa. O rapaz percebe que sua vela está muito pequena e pede que a madrinha acenda uma nova vela para ela. A morte finge que irá colocar o toco de vela em cima de uma nova, mas no último instante dá um jeito de apagá-la. O afilhado ingrato morre.

Ao contrário de outros povos, a narrativa galega é menos romântica: a dúvida do rapaz é por razões financeiras, não afetivas. Percebe-se que apesar de contar com elementos do sobrenatural, esta história não se assemelha aos contos de fadas tradicionais: é apenas a história de um camponês preocupado com a melhora de vida. Os personagens desse conto não são ruins: o pai que rejeita o diabo mostra isso. Mas desejam sobreviver e de modo confortável, como os ricos que conhecem. A única força do mundo que age sobre suas vidas é a morte. São os filhos dela. Mas, como todo ser humano, são incapazes de enganá-la.

O CONTO DA CACHAPORRA E OS SÍMBOLOS DA MASCULINIDADE

O segundo conto a ser analisado é um dos mais peculiares da coletânea: *Conto da cachaporra* narra a história de um menino que nasce com força e tamanhos descomunais para sua idade. O conselho da cidade decide então lançá-lo ao mundo, com alguns itens de sobrevivência: catorze quartos de vinho, um porco e uma bengala (cachaporra) de dezesseis quilates. O garoto segue seu caminho e topa com alguns tipos curiosos: Arrasalumbeiro, Arrancapinos e Sorberríos, cujos nomes já explicitam suas habilidades especiais. Os quatro passam a viver juntos até que são atacados por um gigante que rouba sua comida. Até que o dono da bengala consegue arrancar uma de suas orelhas e se torna mestre do gigante.

Seu primeiro desejo é saber onde está a filha encantada do rei. Caso o gigante o desobedeça, ele roi a orelha decepada, até conseguir o que deseja. O rapaz vai até a princesa e consegue salvá-la. Em seguida, curam o rei, que trazia um piolho do tamanho de um carneiro na cabeça. Com a pele do piolho, fazem um pandeiro.

O da bengala volta a sua casa e descobre que o rei irá realizar uma festa. Ele então roi a orelha do gigante e pede roupas melhores do que as do próprio rei, além de cavalos magníficos. Na festa o pandeiro estava sendo tocado, e o rei promete que aquele que adivinhar de que material o instrumento é feito, casará com a princesa. O rapaz acerta e a rainha propõe outro desafio: deverá trazer gente capaz de comer o suficiente por uma semana.

O protagonista convida seus amigos, que acabam com a comida rapidamente. E assim, o da bengala se casa com a princesa.

A versão brasileira deste conto se mostra tão insólita quando a galega, com a diferença que ao invés do gigante há um personagem de carapuça vermelha que remete ao saci, figura do folclore brasileiro. Nas pesquisas realizadas para este trabalho, a versão verde e amarelo dessa história recebe o nome de *Manuel-da-bengala* e encontra-se no livro *Histórias de tia Anastácia*, de Monteiro Lobato. Ela chama atenção por contar com um herói pouco convencional: um homem enorme, comilão e com amigos também pouco convencionais. Manuel não é o príncipe encantado. Não apresenta comportamento cavalheiresco: ou bate na cabeça do saci com sua bengala, ou roi a orelha de um gigante. Para os que leem o conto, também é difícil imaginá-lo como uma figura atraente.

Porém, isto não significa que o herói não corresponda a um arquétipo de masculinidade. A bengala de ferro que acompanha o personagem é um óbvio símbolo fálico, que aponta a superioridade do herói com relação a outras figuras masculinas da narrativa. Apesar de não possuir nenhuma capacidade aparente como a de seus colegas de jornada, a força descomunal e a voracidade de Manuel – marcas de virilidade – lhe possibilitam superar a todos, dominando até forças incontroláveis como um gigante ou o saci.

Percebemos então como as duas versões do conto apresentam uma mesma representação deste arquétipo masculino, que se destaca principalmente por sua peculiaridade.

O XOGADOR E A FILHA DO DEMO: OS FIOS DA REPRESENTAÇÃO FEMININA

O terceiro e último conto a ser analisado é *O xogador e filha do demo*. Neste caso específico, não foi encontrada exatamente uma versão brasileira, mas um outro conto com uma passagem em comum. O protagonista do conto galego é um jogador inveterado que vende sua alma ao diabo em troca de mais algum dinheiro para seguir apostando. Após cinco anos, o homem deve voltar ao demônio para entregar sua alma. No caminho, encontra com uma senhora que lhe aconselha a conseguir a ajuda de uma moça que se banha num rio próximo dali. A moça é Brancaflor, filha do diabo.

Após auxiliar o jogador em diversas provas impostas pelo demo, e o casal fugir junto, o jogador não cumpre as exigências da moça e se esquece de sua existência. Brancaflor então passa a trabalhar como fiandeira. Essa associação da mulher com o ato de tecer e seus múltiplos significados é recorrente na literatura galega, podendo este fio representar a sexualidade, a passagem do tempo e o ato de contar histórias.

Esta associação da mulher à fiação está presente na cultura brasileira através da cantiga popular “a velha a fiar”. Assim como outras cantigas, esta se constrói através da repetição. O refrão “a velha a fiar” é uma metáfora para a construção da própria cantiga, pois enquanto a mulher fia, novos versos são acrescentados. E do mesmo modo que Brancaflor fia para que sua história com o jogador não seja esquecida, a repetição dos versos ao longo da cantiga permite que eles resistam à passagem do tempo.

Outro elemento encontrado nesse e em outros contos galegos, mas inexistente nas antologias brasileiras escolhidas é a sexualidade. Brancaflor, assim como outras personagens femininas, exercem sua sexualidade de forma relativamente livre, e até se aproveitam dela para conseguir benefícios diante dos homens. Tal aspecto permite uma percepção de que as mulheres camponesas galegas gozavam de uma certa liberdade – na medida do possível – e que ao contrário do que pensa o senso comum, os contos de encantamento não eram voltados para o público infantil.

CONCLUSÃO

Através da análise elaborada neste artigo, percebe-se o processo descrito por Jung: arquétipos como os de bem e mal, masculino e feminino passam por um processo de conscientização e expressam a maneira particular de um povo de compreendê-los. No caso do Brasil e da Galícia, esta representação de arquétipos encontra símbolos comuns, comprovando a herança galega no imaginário brasileiro.

A partir da análise desses contos e cantiga, percebemos a importância da tradição oral de contar histórias. Tanto no Brasil, quanto na Galiza os contos populares consistem na forma de literatura de maior alcance popular, além de ser uma forma significativa de resistência da cultura, preservando os costumes e a memória do povo. No caso específico da Galiza, foram também um meio de preservação da língua galega.

Foi durante os “séculos escuros” que os contos galegos se disseminaram e justamente por não estarem incluídos na literatura formal – em língua espanhola – que puderam manter o imaginário do povo galego, preparando o terreno para a literatura que ressurgiria no século XIX.

Apesar do que fez a literatura escrita, os contos populares não são narrativas exclusivamente infantis com o objetivo único de educar crianças. Muitas das versões atuais de coletâneas e antologias de histórias de encantamento tendem a infantilizar este gênero narrativo, eliminando uma parte de seu valor para a psique coletiva. São obras como *contos populares* que resgatam a importância a sentido primário destes contos.

Como diz a Dr.^a Clarissa Pinkola Estés: “[...] eles sobreviveram à agressão e à opressão políticas, à ascensão e à queda de civilizações, aos massacres de gerações e a vastas migrações por terra e por mar. Sobreviveram a argumentos, ampliações e fragmentações.” (ESTÉS, 2005, p. 11).

Enquanto permanecerem vivas as histórias de um povo, também ficará sua cultura, sua língua e sua identidade. Descobrir nossos contos e descobrir quem também somos, e qual nosso papel na sociedade em que nos inserimos. É descobrir a peça que faltava no quebra-cabeças de nossa identidade.

REFERÊNCIAS

- BARRIO, Maruxa; HARGUINDEY, Enrique. **Contos populares**. Galícia: Ed. Galaxia, 1983.
- BENJAMIN, Walter. O narrador. In: **Magia e Técnica, arte e política**. São Paulo: Brasiliense, 2000.
- CAMPBELL, Joseph. **O poder do mito**. Org. por Betty Sue Flowers; Trad. de Carlos Felipe Moisés. São Paulo: Palas Athena, 1990.
- CASCUDO, Luís da Câmara. **Contos tradicionais do Brasil**. São Paulo: Global, 2014.
- ESTÉS, Clarissa Pinkola. **Contos dos irmãos Grimm**. Trad. de Lia Wyler. Rio de Janeiro: Rocco, 2005.
- JUNG, Carl G. **Os arquétipos e o inconsciente coletivo**. Trad. de Maria Luiza Appy, Dora Mariana R. Ferreira da Silva. Petrópolis – RJ: Vozes, 2011.
- , **Símbolos da transformação**. Trad. de Eva Stern; Revisão técnica de Jette Bonaventura. Petrópolis – RJ: Vozes, 2011.
- LOBATO, Monteiro. **Histórias de Tia Nastácia**. São Paulo: Brasiliense, 1960.

O GALEGO NA MOCIDADE: ACTITUDE ANTE AS LINGUAS NO CONCELLO DA GUARDA

DENIS VICENTE RODRÍGUEZ
UERJ / UVIGO

INTRODUCCIÓN

Á vista dos datos publicados en decembro de 2014 polo Instituto Galego de Estatística (en diante, IGE) correspondentes ao ano 2013, nos que se mostra un importante descenso no emprego do galego por parte das xeracións máis novas, pareceunos necesario contribuír con esta pesquisa a un mellor coñecemento da situación sociolingüística galega, achegando novos datos e tentando reflectir non unicamente nos usos do idioma, senón tamén nas actitudes favorábeis e nos prexuízos vixentes na poboación máis nova.

Deste xeito, realizamos este estudo de índole cuantitativa a través de cuestionarios a 190 alumnos e alumnas, nos catro cursos da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e nos dous cursos de bacharelato, tanto na modalidade científico-tecnolóxica como social-humanística, do Instituto de Ensino Secundario A Sangriña, do concello da Guarda. A faixa de idade do alumnado fica, así, delimitada a persoas de 12 a 19 anos, procedentes todas dos concellos da Guarda, O Rosal, Oia ou Tomiño.

A escolla deste centro veu condicionada polo coñecemento da súa situación sociolingüística anterior, debido a un estudo interno xa realizado no ano 2008, e pola facilidade á hora de realizar os cuestionarios, debido ao contacto establecido en anos anteriores.

A SITUACIÓN SOCIAL DAS LINGUAS NA GALICIA

A última enquisa de *Condições de Vida das Famílias*, elaborada polo IGE, viu a luz a finais de 2014. Os novos datos, correspondentes ao uso do idioma no ano 2013, foron tan negativos que a repercusión pública e as análises realizadas polos medios de comunicación foron, por unha vez, unánimes: o galego perde falantes a un ritmo alarmante. Así, na semana que seguiu á presentación dos datos puidemos ver titulares como: *O galego segue perdendo terreo, sobre todo na mocidade* [Praza Pública, 05/12]; *O galego, en vías de desaparición* [Galicia Confidencial, 05/12]; *Tres de cada catro menores de 15 anos non falan nunca ou case nunca en galego* [05/12]; *Uno de cada cuatro niños habla gallego, un 37% menos que hace una década* [Faro de Vigo, 06/12]; *Solo uno de cada cuatro menores habla gallego habitualmente* [La Voz de Galicia, 05/12] ou *El gallego enciende todas las alarmas* [El País, 13/12], entre outros. Case todos os medios escritos salientaban o descenso no uso da lingua por parte da poboación máis nova.

Os datos publicados son os seguintes:

GRÁFICO I. USOS LINGÜÍSTICOS POR GRUPOS ETARIOS

	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
De 5 a 14 anos	13,20	11,91	27,79	47,09
De 15 a 29 anos	19,78	16,91	29,66	33,64
De 30 a 49 anos	23,07	20,90	26,62	29,42
De 50 a 64 anos	35,42	24,22	18,85	21,52
De 65 ou máis anos	52,74	21,08	12,38	13,80
Total	31,20	20,29	22,26	26,25

Fonte: IGE 2014. Publicada polo IGE no informe de condición de vida das familias do ano 2013

A través deste estudo cuantitativo podemos observar como o descenso no número de falantes habituais de galego, cun decrecemento que vai desde o 73,82% (suma de 'en galego sempre' e 'máis galego ca castelán') na xeración de máis de 65 anos, até un 25,11% na faixa dos 5 aos 14 anos. Un descenso de case un 50% en apenas dúas xeracións. Se esta tendencia continuar, no ano 2040 apenas un de cada catro galegos falará a lingua propia da Galicia.

Á vista destes datos, parece fundamental afondarmos na tipoloxía de falante de galego e de castelán, así como nas actitudes positivas e nos prexuízos que estes falantes poden manifestar en relación coas xeracións anteriores, todo isto como mecanismo de avaliación inicial para elaborarmos no futuro propostas para unha nova política lingüística máis eficaz na Galicia.

A SITUACIÓN DAS LINGUAS NO CONCELLO DA GUARDA

A Guarda é un concello situado na comarca do Baixo Miño, na fronteira coa vila portuguesa de Caminha. A súa localización xeográfica determina directamente a súa situación sociolingüística. En primeiro lugar, sitúase na área de influencia de Vigo, a cidade de maior poboación da Galicia e, en termos lingüísticos, unha das que presentan menor uso da lingua galega. O feito de moitas persoas acudir en á cidade por cuestións laborais, sanitarias, educativas ou mesmo para asistir en ao cinema ou compraren nas tendas, fai que a influencia castelanizadora sexa unha constante nas últimas décadas sobre a poboación guardesa. Outro dos elementos que podemos considerar negativos á hora de manter a lingua é a situación de centralidade da Guarda como cabeceira económica da comarca, xunto coa vila de Tui. Tal e como establece Chrystal (2000), os procesos de morte lingüística prodúcense habitualmente desde os ámbitos máis dinámicos economicamente, xeralmente as cidades, e progresivamente vanse expandindo ás vilas para, finalmente, producirse a substitución lingüística no ámbito rural, espazo máis conservador onde a lingua propia adoita manterse durante máis tempo. Estes dous elementos, a influencia da cidade de Vigo, e ser unha das cabeceiras de comarca, teñen influído directamente en que a situación sociolingüística guardesa sexa peor que a doutros centros vilegos de poboación similar.

No entanto, cómpre salientar tamén un elemento que pode actuar positivamente no mantemento do galego: a proximidade con Portugal. A lingua galega, nas súas variantes portuguesa, brasileira e africana, é falada no mundo por aproximadamente 250 millóns de persoas. O contacto directo con Portugal posibilitado pola situación xeográfi-

ca da Guarda podería contribuír ao aumento do prestixio do galego, ao verse incrementado o seu valor no mercado lingüístico (BOURDIEU, 1982). Porén, este recurso tense desaproveitado reiteradamente na política lingüística no ámbito galego e tamén na política lingüística de ámbito local, até hoxe inexistente. Parece, malia todo, que si comeza a agromar no instituto público do concello este interese no aproveitamento do portugués (VICENTE RODRÍGUEZ, 2014).


O IES A Sangriña ofrece os estudos da Educación Secundaria Obrigatoria e é o único instituto co que conta o concello da Guarda para os estudos de bacharelato e ciclos de formación profesional. Ademais, recibe alumnado procedente de centros de ensino primario dos concellos limítrofes do Rosal, Oia ou Tomiño. No curso 2014/15 o número de estudantes do centro de ensino foi de 435 alumnos/as só no réxime de diúrno, ao que restrinximos a nosa pesquisa.

Canto á situación sociolingüística do centro, para a presentación do proxecto *O tesouro dos nosos avós*, que gañaría o Premio da Secretaría Xeral de Política Lingüística á Innovación en Normalización Lingüística en 2008, a comisión directora, presidida pola profesora de galego Marisa Guerra, realizou unha análise da situación sociolingüística do alumnado, que serve como precedente ao noso traballo. Os datos de uso das linguas no ano 2008 eran os seguintes:

- Un 64 % dos pais e nais falan galego entre si, mais só o 22% falan nesta lingua cos seus fillos/as.
- Os avós e avoas falan entre si en galego nun 95% mais esta porcentaxe baixa cando se dirixen aos netos/as a un 63%.
- Cos irmáns e irmás o alumnado emprega o galego nunha porcentaxe tan só do 19%.
- Utiliza o galego un 25% do alumnado nas relacións cos seus iguais.

Os datos obtidos no noso estudo, realizado entre os meses de xaneiro e marzo de 2015, mostran a tendencia que xa podíamos percibir nas porcentaxes anteriores:

GRÁFICO 2. LINGUA HABITUAL DO ALUMANDO DO IES A SANGRIÑA DA GUARDA



Así, o galego aparece como a lingua habitual do 22,2% dos alumnos/as, o castelán a do 72,8% e o 5% declara falar as dúas linguas en igual proporción. Para analizarmos o perfil de falante de cada unha das linguas acrescentamos no cuestionario preguntas a respecto da procedencia, sexo, lingua que usan na relación con diferentes familiares e amizades, ou nivel socio-económico. Como resultado, podemos trazar dúas variábeis: canto máis urbano é o núcleo de procedencia, máis castelán-falante é a persoa; e canto máis se dirixe a persoas de maior idade, máis galego fala o/a mozo/a:

GRÁFICO 3. USO DO GALEGO COMO LINGUA HABITUAL SEGUNDO A PROCEDENCIA





GRÁFICO 4. USO DO GALEGO COMO LINGUA HABITUAL COS AVÓS/AS, PAIS/NAIS E COMPAÑEIRAS/AS



Os datos do gráfico 3 permítenos confirmar a liña que salientabamos na análise sociolingüística da Guarda como un dos centros económicos da comarca, pois a maior afastamento deste centro, maior é o uso da lingua propia da Galicia. Por outra banda, o uso do galego é maioritario na relación do alumnado cos seus avós e avoas, chegando ao 53,8%, e considerabelmente superior tamén no uso cos pais/nais, superando o 33%. Parece evidente, pois, que o sistema escolar funciona na Guarda como un elemento castelanizador, que contribúe á perda da lingua minorizada, pois na relación cos seus iguais no instituto é o espazo onde menos a mocidade está a empregar o galego.

Esta hipótese do sistema de ensino como elemento que contribúe á substitución lingüística fica aínda máis evidente de termos en conta tamén as preguntas relativas á competencia comunicativa, que nos permiten ver a desigual percepción da competencia en galego e castelán por parte do alumnado:

GRÁFICO 5. PERCEPCIÓN DA COMPETENCIA EN COMPRESIÓN ORAL




GRÁFICO 6. PERCEPCIÓN DA COMPETENCIA LECTORA




GRÁFICO 7. PERCEPCIÓN DA COMPETENCIA PARA FALAR





GRÁFICO 8. PERCEPCIÓN DA COMPETENCIA PARA ESCRIBIR




Os gráficos do 5 ao 8 mostran como o castelán se sitúa por riba nas catro competencias polas que se lles pregunta aos alumnos/as: comprensión oral, comprensión lectora, expresión oral e expresión escrita. Ademais, a diferenza aumenta considerablemente desde as competencias habitualmente denominadas pasivas, como a comprensión, no que ambas as dúas linguas acadan practicamente a mesma porcentaxe (85% / 84,2%) ás competencias activas, para falar e escribir a lingua, onde a percepción de facelo ben ou moi ben en galego cae até apenas o 61%.

Outro dato interesante é o que mostra as competencias en inglés e portugués. A primeira das linguas é estudada no ensino galego desde a primaria, aproximadamente desde os seis anos, até rematar o bacharelato, mínimo aos dezoito. No entanto, a percepción da competencia sitúase moi baixo, non chegando nin ao 50% de competencia moi boa/boa, o que denota o grave problema no ensino desta lingua estranxeira no sistema escolar da Galicia. Ademais, malia o IES A Sangriña ser un centro bilingüe, no que nunha parte das materias se emprega como lingua vehicular o inglés, isto non deveu nunha maior competencia comunicativa por parte do alumnado.

Canto ao portugués, a grande maioría das persoas que responderon ao cuestionario non estudan esta lingua na Sangriña, e de aí a baixa percepción da competencia resultante. No entanto, se reparásemos unicamente nas persoas que estudan portugués, deixando fóra os/as que non o estudan, poderemos ver que a percepción da competencia é moito máis alta que a acadada pola lingua inglesa, malia o portugués empregarse unicamente como materia optativa, estar completamente fóra no ensino primario e nunca actuar como vehicular noutras materias obrigatorias.

Finalmente, non todos os datos son negativos para o galego no relativo ao seu uso por parte da mocidade guardesa. Incluímos no noso cuestionario dúas preguntas en relación ao emprego que se fai do galego no whatsapp e nas redes sociais. O espazo que ocupan as linguas nas novas tecnoloxías é fundamental, pois estes ámbitos, sinónimo de vangarda e modernidade, son espazos dinámicos, dos que a lingua en proceso de normalización non debe ficar á marxe, pois a asociación do galego con estes eidos supón a asociación ideolóxica da lingua con realidades valoradas positivamente na sociedade, a lingua como elemento vivo, contemporáneo, útil para a realidade actual.

GRÁFICO 9. USO DO GALEGO NO WHATSAPP SENDO CASTELÁN-FALANTE HABITUAL



Só o 33% dos falantes habituais de castelán empregan sempre esta lingua no whatsapp. Podemos ver, así, como o galego non se sitúa á marxe dos usos nas novas tecnoloxías e mesmo é bastante empregado, tendo en conta que en torno ao 48% dos castelán-falantes da Sangriña declaran empregalo bastante, con frecuencia ou sempre nestes espazos.

Este aumento no uso do galego asociado á modernidade está relacionado tamén coas actitudes e preconceitos vixentes na xuventude mocidade da Sangriña.

AS ACTITUDES E OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

Seguindo a escola mentalista, entendemos as actitudes lingüísticas como construtos mentais, internos, do individuo, que conducen a responder favorábel ou desfavorabelmente a un obxecto dado, sendo a única maneira de acceder a estas actitudes a través da verbalización dos propios individuos (IGLESIAS, 1999). En formulacións posteriores definíronse as actitudes como unha categoría intermedia entre as crenzas (*belief*) e o comportamento individual (*action*). Son, deste xeito, adquiridas socialmente e supoñen unha certa predisposición á acción.

O falante actúa socialmente condicionado polas ideoloxías lingüísticas presentes na sociedade, entendidas estas como un sistema de pensamento, de crenzas ou prácticas simbólicas, de accións sociais ou proxectos políticos, usados tanto para preservar o sistema como para tentar mudalo (THOMPSON, 1984). Deste xeito, as ideoloxías lingüísticas vixentes no caso galego poden determinar unha actitude explícita favorábel coa promoción da lingua galega, debido ao acordo social máis ou menos amplo neste senso e o feito de situarse o discurso antinormalizador como marxinal, mais, pola contra, o desleixo no plano da acción no uso da lingua e na aplicación de medidas normalizadoras por parte dos representantes públicos, creadores de discurso lexítimo por contaren cos aparellos ideolóxicos do Estado (ALTHUSSER, 1970), actúa na dirección contraria mais nun plano implícito, agochado aparentemente nas actitudes, mais que se materializa posteriormente no plano da acción.

Desta maneira, as ideoloxías lingüísticas, construcións socialmente partilladas, condicionan as actitudes lingüísticas individuais e trazan tamén o vencello da lingua con elementos como a identidade, a estética, a moralidade ou a epistemoloxía (WOOLARD, 2012).

A IDENTIDADE

O papel da lingua como elemento máis importante na constitución da identidade galega xera bastante consenso entre o alumnado do IES A Sangriña. Así, á hora de ordenar por importancia para a identidade da Galicia seis itens, a lingua foi situado en primeiro lugar polo 46,3% dos alumnos/as. En segundo atópase a paisaxe para o 25,4%; nun terceiro chanzo a gastronomía (25%), en cuarto a música e folclore (26%) e, xa moi distanciadas, a catedral de Santiago (36,3%) e por último a relixión católica, que para o 82,6% é o elemento menos constitutivo da identidade nacional da Galicia. A valoración da lingua como parte da identidade galega é positiva, sempre que este valor identitario non sexa visto como algo folclórico e vinculado ao pasado e si como un elemento actual, que contribúe á cohesión social e que nos sitúa no mundo en igualdade co resto de nacións e culturas.

OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS


Freixeiro (2008) clasifica os prexuízos existentes sobre o galego na actualidade en seis categorías:

1. *Prexuízos relacionados coa suposta falta de utilidade*

A construción ideolóxica do galego desde os anos 80 até hoxe realizada polo poder político e polas institucións culturais teimou especialmente na distinción lingüística entre galego e portugués, na elaboración dun discurso público sobre idioma como unha lingua local, distante do portugués, deixando de salientar a súa función internacional. Para alén da súa importancia na construción normativa, este construto ideolóxico non contribuíu a superar o preconceito que asocia galego a lingua de pouca utilidade, ou de menor utilidade que o castelán, malia datos coma

os referidos ao comercio exterior e intracomunitario do IGE (xuño 2015) que mostran que as exportacións galegas realízanse nun 14,3% a países de fala portuguesa, e tan só un 5,5% a países de fala hispana.

GRÁFICO 10. UTILIDADE DO GALEGO



Como podemos comprobar no gráfico 10, máis do 34% do alumnado da Sangriña acredita en que o galego non é unha lingua útil para o futuro profesional. Con respecto aos datos da lingua castelá, unicamente o 5,8% pensa que non é unha lingua que lle vaia servir de axuda para atopar emprego.

2. Prexuízos que asocian o galego coa pobreza e co atraso

Estes preconceitos caracterizan o/a falante de galego como unha persoa de extracción social baixa e mostran unha limitación no uso do galego restrinxido á súa función familiar, non sendo así unha lingua desexábel no seu uso en ámbitos formais ou ben considerados socialmente, como os relativos ao ámbito sanitario ou xudicial, sobre os que lles preguntamos aos enquisados e enquisadas.

GRÁFICO 11. QUEN FALA GALEGO PERTENCE A UN NIVEL SOCIAL BAIXO





GRÁFICO 12. GALEGO COMO LINGUA AXEITADA NOS ÁMBITOS FORMALS




Neste caso, só o 3,2% dos alumnos e alumnas do IES A Sangriña acreditan que quen fala galego pertence a un nivel social baixo (gráfico 11). Ademais, unha porcentaxe baixa (6,8%) dos alumnos e alumnas mostra abertamente a súa disconformidade co uso da lingua en espazos formais coma o xudicial ou sanitario (gráfico 12). Parece, pois, que si se avanzou na superación deste prexuízo nas últimas décadas, algo ao que puido contribuír especialmente a RTVG coa emisión de series nas que estes ámbitos funcionan en galego con normalidade; ou o uso da lingua de xeito máis ou menos unánime por parte dos poderes públicos.

3. Prexuízos relacionados coa pretensa imposición do galego

Este grupo de prexuízos, segundo o profesor Freixeiro Mato, é novo, pois a anterior situación de abandono do galego durante séculos non permitía a circulación deste tipo de preconceito. Deste xeito, só xorde coa incorporación do galego ao sistema escolar e coas primeiras medidas de promoción da lingua.

GRÁFICO 13. A IMPOSICIÓN DO GALEGO




A pesar de teren as asociacións galegófobas e contrarias á normalización da lingua abondoso espazo na prensa da Galicia en torno aos anos 2008-2010, parece que o seu discurso non se chegou a asentar na mocidade guardesa, pois apenas o 4,2% afirma sentir que as persoas que empregan o castelán viven situacións de discriminación no país.

4. A caracterización peyorativa do galego e a (in)competencia dos seus falantes

Con respecto a este prexuízo quixemos facer referencia especialmente á artificialidade, ou non, da normativa da lingua, sabendo que era un preconceito especialmente vixente desde a incorporación do galego ao sistema escolar.

GRÁFICO 14. A NORMATIVA DO GALEGO




No entanto, parece que coa estabilidade acadada coa última reforma ortográfica do ano 2003, a vitalidade deste preconceito diminuíu, pois unicamente o 15% do alumnado do IES A Sangriña considera a normativa do galego como artificial. Así e todo, duplica a percepción de artificialidade da normativa do español, pois só o 6,8% dos alumnos/as a consideran deste xeito.

5. O galego como marca ideolóxica ou profesional

É este un grupo tamén de novos prexuízos, xurdidos nas últimas décadas como consecuencia da incorporación do galego á vida pública. Destaca especialmente a relación entre a lingua e a ideoloxía nacionalista emancipadora:

GRÁFICO 15. GALEGO E IDEOLOXÍA NACIONALISTA



A vitalidade do galego na Guarda entre as persoas de máis de 50 anos fai que se vexa aínda como unha lingua transversal ideoloxicamente, tal e como mostran estes datos. No entanto, nas cidades, nas que unha parte importante da poboación xa idosa é castelán-falante, é moi probábel que este prexuízo estea moito máis vixente, especialmente pola incapacidade das políticas de promoción da lingua de atraer xente nova ao galego, sendo que as persoas que


tornan neofalantes habitualmente adquiren tamén outros compromisos éticos e/ou políticos, son o que Ramallo (2013) denomina ‘neofalantes como movemento social’.

Finalmente, o profesor Freixeiro Mato aínda acrecentaría un sexto prexuízo, relacionado co uso do galego como sinal de descortesía ou mala educación, é dicir, co uso do galego con persoas descoñecidas ou a renuncia ao uso da lingua coas persoas foráneas. Porén, non incorporamos no noso cuestionario elementos para avaliarmos este preconceito nas persoas novas do IES A Sangriña.

ACTITUDES FAVORÁBEIS

Se anteriormente faciamos referencia á non percepción de discriminación dos castelán-falantes na Galicia por parte da mocidade da Guarda, podemos contrastar esa información coa análise da situación das linguas no país (gráfico 16):

GRÁFICO 16. GALEGO E CASTELÁN CONVIVEN NUNHA SITUACIÓN DE IGUALDADE



Para máis do 67% dos/as enquisados/as o galego e o castelán non conviven en igualdade na Galicia. Para resituar o espazo que ocupan socialmente ambos os idiomas, o 67% móstrase partidario de que as autoridades públicas (Xunta, concellos, etc.) promovan o uso do galego e tan só o 5,3% está en contra de medidas de normalización lingüística.

A responsabilidade que os e as estudantes lle outorgan ás institucións públicas é maioritaria. No entanto, os propios estudantes non foxen da súa responsabilidade como usuarios potenciais da lingua. Deste xeito, podemos salientar os seguintes datos:

- Ao 34,7% do alumnado gustaríalle que o galego fose a única lingua do ensino, en tanto só o 15,8% se mostraría partidario de que a lingua propia da Galicia ficase fóra completamente do sistema escolar. Amais, ao 36,2% gustaríalle ter máis materias en galego no instituto das que actualmente ten. Debemos ter en conta o descenso progresivo na presenza do idioma no ensino do IES A Sangriña, pois coa incorporación progresiva do inglés como lingua vehicular, o espazo que perdeu o galego foi aumentando en cada curso académico nos últimos anos.
- Preguntados sobre a responsabilidade que teñen no futuro do galego, o 69% manifesta sentirse responsábel do futuro do idioma. Aínda máis, case o 78% ao alumnado declara que lle importa que no futuro a lingua se continúe e falando e, inclusive, o 51,6% declara que lle gustaría falar máis galego do que actualmente fala na súa vida diaria.

CONCLUSIÓNS

Con este traballo procuramos achegarnos ás actitudes lingüísticas da mocidade da Guarda. Tal e como puidemos comprobar, a perda na transmisión interxeracional da lingua, acentuada especialmente a partir da década de 60 en todo o país, continúa dándose na actualidade. Ademais, o ensino segue a xogar un papel castelanizador, pois o uso da lingua diminúe considerabelmente na relación cos iguais no espazo académico se compararmos cos niveis de uso na familia.

Porén, a incorporación do galego ao sistema escolar nas últimas décadas, así como outras accións de política lingüística desenvolvidas desde as institucións públicas, xunto cunha conciencia sociolingüística da mocidade galega sustentada nun recoñecemento máis igualitario das linguas, ten contribuído a unha progresiva superación dos prexuízos lingüísticos existentes entre a mocidade guardesa. Malia todo, admitimos as limitacións do noso estudo cuantitativo á hora de analizarmos en profundidade todos estes elementos, pois unha análise demorada destes fenómenos excede os obxectivos deste traballo.

A política lingüística desenvolvida pola Xunta de Galicia ao longo dos últimos 30 anos desde a aprobación da Lei de Normalización Lingüística tense analizado como de “baixa intensidade” (LORENZO, 2005) e incluso podemos percibir unha deriva antinormalizadora nos últimos anos do goberno do Partido Popular, coa derogación do Decreto 124/2007 do galego no ensino, ou coa redución reiterada nos orzamentos destinados á política lingüística tanto da Secretaría Xeral de Política Lingüística, como especialmente nas partidas destinadas aos Servizos de Normalización Lingüística dos centros escolares. Parece evidente, pois, que unha política lingüística diferente, decidida e verdadeiramente comprometida coa normalización do galego, é máis necesaria ca nunca. A aposta pola inmersión lingüística optativa, impulsada xa no goberno bipartito coas ‘liñas do galego’ louvadas e comprometidas polo Estado español ao abeiro da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (polo Consello de Europa); a incorporación do estudo da diversidade do grupo “portugalego” (BAGNO, 2012) nas súas variantes portuguesa, brasileira, africana, asiática e as variedades crioulas na materia de lingua galega en todos os niveis do ensino, nos materiais didácticos e nas actividades extraescolares; a formación permanente do profesorado en lingua galega; ou a incorporación de contidos sociolingüísticos no currículo escolar alén da materia de lingua galega parecen medidas que se deben ter en conta no futuro inmediato no ámbito do ensino para contribuír á dignificación da lingua e ao aumento do seu uso, especialmente entre a poboación máis nova.

REFERENCIAS

- ALTHUSSER, L. *Ideologie et appareils ideologiques d’Etat*. **La Pensée**. París, n. 151, p.67-125, 1970.
- BAGNO, M. **Gramática pedagógica do portugués brasileiro**. São Paulo: Parábola, 2012.
- BOURDIEU, P. **Ce que parler veu dire: l’économie des échanges linguistiques**. Paris: Fayard, 1982.
- CHRYS TAL, D. **Language Death**. Cambridge: Cambridge University Press, 2000.
- FREIXEIRO, X. R. **Os prexuízos lingüísticos**: Proposta de clasificación. Dispoñíbel en <<http://www.galizacig.gal/avantar/opinion/3-6-2008/os-prexu%C3%ADzos-ling%C3%BC%C3%ADsticos-proposta-de-clasificaci%C3%B3n>>. Acceso en: 22 set. 2015.
- IGLESIAS, A. O poder explicativo e predictivo das actitudes lingüísticas. **Verba**, Santiago de Compostela, n. 26, p. 273-307, 1999.
- LORENZO, A. Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego. **Cadernos de Lingua**, A Coruña, n. 27, p. 39-59, 2005.
- RAMALLO, F. Neofalantismo. En MONTEAGUDO, H.; GUGENBERGER, E.; REI-DOVAL G. (Ed.). **Contacto de linguas, hibridade, cambio**: contextos, procesos e consecuencias. Santiago de Compostela, 2013.
- THOMPSON, J. **Studies in the Theory of Ideology**. Estados Unidos: University of California, 1984.
- VICENTE, D. **O galego do alén. 10 anos de ensino do portugués**. Dispoñíbel en <<http://www.prolingua.gal/vozes/2014/02/13/o-galego-do-al%C3%A9n-10-anos-de-ensino-do-portugu%C3%A9s>>. Acceso en 22 set. 2015.

ESTUDOS EM CORPORA DE DADOS DO PRONOME DATIVO GALEGO

CECILIA FARIAS DE SOUZA
USP

INTRODUÇÃO

Este trabalho integra pesquisa de mestrado intitulada “Descrição do uso de empatia do pronome dativo galego” e se insere nos estudos dos pronomes dativos com funções diferentes da prevista pela estrutura argumental do verbo.

Como outras línguas, o galego tem um uso dos pronomes dativos que vai além da codificação dos participantes de um evento denotado pelo verbo ou por qualquer outro item lexical que codifique uma relação que envolva participantes. Assim, algumas formas do pronome dativo assumem, além da função de objeto indireto (“*Deiche un regalo*”), um uso de caráter pragmático (“*Quen **che me** dera!*”), e não apenas o de 2ª pessoa, mas também o de 1ª pessoa tem um uso similar (“*O neno non **che me** come a comida*”). A esse uso do pronome dativo como elemento extra, não requerido pela estrutura do verbo, chamo ‘dativo de empatia’.

Há uma discussão existente quanto ao uso de diferentes formas do pronome dativo (FIGUEIREDO E SILVA, 1988; JANDA, 2004; RIOBOÓ, 1990 e 2004), pois tanto pronomes de 1ª pessoa (*me*) como de 2ª pessoa (*che/vos*) podem ser usados com função pragmática. Como uma das etapas da pesquisa será verificar essa diferença, adotarei inicialmente a denominação usada por Fried (2011) para os pronomes dativos do tcheco com uso semelhante ao que se aponta aqui para o galego: ‘dativo de empatia’. Para Fried, dativos de empatia podem ser tanto de 1ª como de 2ª pessoa. Um dos objetivos desta pesquisa é, ao fazer uma tipificação do pronome de 2ª pessoa *che*, buscar sua ocorrência em dados de outros períodos, a fim de traçar seu percurso histórico. Neste trabalho, apresentarei a pesquisa feita em *corpora* informatizados até o momento sobre esse pronome.

O exemplo (1) mostra o uso do pronome como um participante da ação denotada pelo verbo, com o pronome redobrado nesse caso, enquanto nos exemplos (2) a (4), o pronome dativo *che* não está relacionado ao ato de *saber*, de *retirar-se* e nem de *comer*.

- (1) *Deron **che** a ti canto tiñan.*
Deram DAT2s a você quanto tinham.
Deram
para
você o
quanto
tinham.
- (2) *Non **che** sei de nada.*
Não DAT2s sei de nada.
Não sei de nada.
- (3) *Eu vou **che** me retirando, que teño que traballar.*
Eu vou DAT2s me retirando, que tenho que trabalhar.
Eu vou me retirando, pois tenho que trabalhar.

- (4) *Mira, Xoana, o meu fillo non che lle me come res.*
 Olha, Joana, o meu filho não DAT2s DAT3s DAT1s come carne.
 Olha, Joana, o meu filho não *me* come carne!

Em (4), *che* seria o dativo de empatia; *me* é o pronome dativo de 1ª pessoa, também não requerido pela estrutura argumental do verbo; *lle*, pronome dativo de 3ª pessoa, é o redobro do objeto afetado pela ação.


No português brasileiro (PB), temos um uso similar com o pronome clítico de 1ª pessoa *me*, em construções como (5), enquanto, no português europeu (PE), temos exemplos com os pronomes de 1ª e de 2ª pessoa (6) e (7):

- (5) Não **me** vai esquecer as chaves!
 (6) Tem cuidado, não **me** caias!
 (7) No inverno, o vento sopra-**te** cá como uma força!

O PRONOME DATIVO

O caminho escolhido para estudar esse pronome consiste em: 1) caracterizar a semântica do caso dativo de acordo com as propostas da gramática cognitiva (cf., entre outros, JANDA, 1988); 2) estabelecer o protótipo da relação conceitualizada pelo verbo e marcada com o caso dativo; e 3) definir como, a partir do protótipo, o dativo se estende à relação de empatia do pronome galego.

A estrutura prototípica do caso dativo, segundo Langacker (2008) seria a dos verbos de transferência. Uma propriedade comum entre os verbos de transferência é haver um trajetor (tr) que move uma entidade para o domínio de acesso de outro participante (lm). No esquema a seguir, os pequenos círculos representam os participantes do evento, e a elipse representa o domínio desses participantes:



O exemplo do verbo *dar* é de um uso prototípico do caso dativo; em (8), o pronome *che* expressa um participante da ação denotada pelo verbo e, mais do que isso, é um argumento requerido pelo verbo.

- (8) *Deiche un regalo (a ti).*
 Dei DAT2s um presente (para você).
 Te dei um presente.

Mas se o padrão dos verbos de transferência é o prototípico, os verbos bitransitivos podem expressar uma relação parecida entre os participantes do evento. Langacker cita, por exemplo, os verbos de permissão e negação e os verbos de criação para benefício de alguém (*fazer, cozinhar, construir*).

A marcação de caso, ao mesmo tempo em que se refere ao papel de um participante num evento narrado, também codifica a interpretação do falante sobre tal papel (JANDA, 1993, p. 11), podendo assumir uma função

além da prototipicamente prevista. Em seu trabalho sobre categorização, Mervis & Rosch (1981) demonstraram que as fronteiras de uma categoria não são necessariamente definidas de forma discreta. No centro de uma dada categoria, está um membro prototípico desta; os outros membros estão localizados na categoria de acordo com sua relação com o protótipo – o que pode ser muito perto ou numa posição muito periférica (LAKOFF, 1982 e 1986). Assim, a partir de um esquema prototípico, podem-se criar esquemas similares por meio da extensão dos conceitos e relações daquele esquema (ROSCH, 1973 e 1978).

No exemplo (9), o uso do pronome dativo já apresenta uma extensão do esquema prototípico, pois, ainda que o pronome *che* seja também um complemento indireto, este não é exigido pela estrutura do verbo *construir*.

- (9) *Mira, mamá, construí^{nche} un castelo de area.*
 Olha, mamãe, construí DAT2s um castelo de areia.
 Olha, mamãe, construí um castelo de areia para você.

No exemplo a seguir, ainda menos prototípico, vemos uma das relações que o dativo pode expressar: posse. Berlinck (1996, p. 135) assinala que a construção desse dativo expressa um sentido geral de posse, derivado de uma relação entre o objeto indireto (OI) e o objeto direto: o objeto direto pode ser concebido como incluído no domínio do referente de objeto indireto.

Em (10), *mirar* não é um verbo que exige um complemento indireto, como é o caso de *dar*, e o pronome *che* atua como um dativo de posse, marcando o possuidor do objeto.

- (10) *Vai^{nche} mirar a casa toda.*
 Vai DAT2s olhar a casa toda.
 Vai olhar toda
 a sua casa.

Pensando nesses diferentes usos, em um primeiro momento dividi os dados dos *corpora* em três grandes categorias, ainda não definitivas:

1. Prototípico: onde aloquei os casos em que o pronome é um complemento indireto exigido pela estrutural argumental do verbo (como em “*Déron^{nche} a ti canto tiñan.*”);
2. Menos prototípico: em que o pronome não é requerido pela estrutura argumental do verbo, entrando nessa categoria também os casos de dativo de posse e pronome benefactivo (“*Dóe^{nche} o corpo?*”);
3. Dativo de empatia (“*Do Fiscal Dios ^{nche} me libre.*”).

O CORPUS INFORMATIZADO

Aqui, apresento dados extraídos até o momento em *corpora* informatizados para buscar a ocorrência desse pronome em outros momentos históricos.

No TMILG – Tesouro Medieval Informatizado da Língua Galega, estão reunidos 82 textos escritos em romance galego antes de 1600, com acesso livre pela internet (<<http://ilg.usc.es/tmilg/>>). O TMILG possibilita uma busca com divisão segundo a tipologia textual e data da publicação:

Nele, encontramos o seguinte quadro (note-se que ainda há casos a serem definidos):

The screenshot shows the TILG website interface. The search bar contains 'che Che'. Below the search bar, there is a table titled 'TIPOLOXÍA TEXTUAL' with columns for centuries (-XII, XIII, XIV, XV, XVI, XVII-, s/d) and a 'TOTAL' column. The table data is as follows:

	-XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII-	s/d	TOTAL
Verso	-	20	1	-	-	-	-	21
Prosa notarial	-	-	-	1	-	-	-	1
Prosa non notarial	-	16	56	6	-	-	-	78
Prosa literaria	-	-	33	-	-	-	-	33
Prosa histórica	-	16	-	-	-	-	-	16
Prosa xurídica	-	-	-	-	-	-	-	-
Prosa técnica	-	-	-	6	-	-	-	6
Prosa relixiosa	-	-	23	-	-	-	-	23
TOTAL	-	36	57	7	-	-	-	100

	Prototípico	Menos Prototípico	Dativo de Empatia	Total
séc. XIII	32	4	1	37
séc. XIV		55	-	58
séc. XV	7	-	-	7

Nesse primeiro período, predomina o uso prototípico do pronome dativo, com poucos casos dos usos menos prototípicos, e apenas uma ocorrência do dativo de empatia.

No período medieval, já se encontra exemplo de dativo utilizado como complemento indireto, porém menos prototípico, visto que em galego o verbo *dicir* não exige, em seu uso mais prototípico, o objeto indireto:


(11) “*Eu che direy et mostrarey por criaturas vmanaas*” (1390)

O exemplo mais antigo do dativo de empatia foi encontrado na *Crónica Xeral e Crónica de Castela* (1295-1312, p. 129):

(12) “*et nõ lles faças n h u mal, ca elles nõ che am y culpa n h a*”

Outra fonte de dados utilizada é o TILG – Tesouro Informatizado da Lingua Galega, que contém a quase totalidade de obras escritas em galego desde 1600, também com acesso gratuito (<<http://www.ti.usc.es/TILG/>>), e no qual encontrei ocorrências do pronome *che* até 2013.

No TILG, é possível consultar a distribuição temporal das ocorrências encontradas, o contexto em que ocorrem e o documento de origem. As ocorrências de *che* aparecem separadas em três diferentes categorias gramaticais: Nome, Interjeição e Pronome:



Da busca do lema *che* feita no TILG, há a seguinte divisão:

Pronome – PRO	Nome - N	Interjeição - INT	Total de ocorrências
33412	15	9	33436

Analisei a categoria Pronome, onde há o seguinte quadro:

	Prototípico	Menos Prototípico	Dativo de Empatia	Total
séc. XVII	2	3	–	5
séc. XVIII	48	11	9	68
séc. XIX	41	5	91	137
séc. XX	88	27	12	127

Os dados dos séculos XVII e XVIII, que totalizam 73 ocorrências, foram completamente coletados. Entretanto, há um grande aumento nos séculos XIX e XX, onde está a maior parte das mais de 33 mil ocorrências; a coleta desses dados ainda está em andamento, mas já se podem observar algumas tendências a partir do que temos.

O primeiro caso encontrado no TILG data do início do século XVIII (*Versos Gallegos*, José Noguero y Camba, 1703, p.180):

(13) | “Do Fiscal Dios **che** me libre”

Os seguintes aparecerão quatro décadas depois, na obra *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746), de Frei Martín:

(14) | “No día catorce do mes e ano mesmo, que foi quinta feira se ben **che** me lembro.”

(15) | “A santa intenzón do rei, que hoxe temos, é tan cristiana que vai polos ceos. É**che** tan pacífico e brando a desexo, que nel terán todos un pai verdadeiro.”

(16) | “Se foron, non foron cristianos vellos os teus avós gafos eu non **che** me lembro.”

Há um aumento considerável na proporção de *che* utilizado como pronome de empatia no século XIX, e isso pode ser devido ao fato de ainda não terem sido coletados todos os dados desse período. De fato, 65 dos 91 casos

de *che* dativo de empatia coletados até agora encontram-se na obra José Fernández y Neira, *Proezas de Galicia*, de 1810, da qual transcrevo um trecho:

Has de saber que carta feira da primeira semana de Frebeiro chegaronche a este lugar vinte e catro ;que eu inda dudo aora si eran homes? porque che traían na cabeza por sombreiros unhas daquelas que son coma as bacías d'afeitar que teñen os barbeiros das vilas de latón, e logo nin che sei si era cola de besta, ou rabo de boi o que traían colgando nelas, porque así como chos vin escapeiche para o monte.

Durante toda a obra, o narrador usa o dativo de empatia para contar uma história ao seu interlocutor, sendo que este não estava presente nos fatos ocorridos, tampouco era afetado pelas ações dos verbos das orações. Veja que em (17), retirado do mesmo livro, o interlocutor não está relacionado aos verbos *ver* ou *abrir*.

(17) | “*¡pero vaia que non adiviñas o que fixeron! vironche unha paxareira con canarios, abrironche a porteliña*”

Além disso, essa é uma obra que relata as façanhas dos galegos contra as tropas napoleônicas através da conversa de dois *labregos* (caipiras), que contam suas experiências. Nela, o autor busca utilizar uma linguagem própria à oralidade e à interação, sendo o uso do pronome de empatia uma das marcas de oralidade nos relatos do livro.

CONSIDERAÇÕES FINAIS

As línguas podem licenciar estruturas que contêm, além dos participantes, um não participante; ou seja, uma entidade nominal que não é selecionada pela ação denotada pelo verbo e que não participa do evento (HADDAD, 2013). Os dativos de empatia fornecem uma forma convencionalizada de apontar os participantes do discurso para propostas interacionais específicas.

Vimos que o uso do pronome dativo como uma extensão de sua estrutura prototípica está presente desde os primeiros dados encontrados. O exemplo do fim do século XIII aponta que, ainda que o uso do pronome dativo como pronome de empatia não fosse um fenômeno amplo, já era um recurso possível, em potencial, principalmente num momento em que ainda está se consolidando a oposição de pronome átono de segunda pessoa *te-che*¹.

Parece que, ao adotar o uso do pronome de empatia em uma fala/narração, esta será toda construída com tal estratégia discursiva, a tomar pelo exemplo das *Proezas de Galicia*. É inegável que houve um aumento expressivo de ocorrências no século XIX, mas o levantamento feito até o momento é apenas parcial, e a atual proporção pode mudar.

Os dados mais antigos não são provas incontestes, mas sim uma referência que situa o fenômeno na linha do caminho do estado atual.

REFERÊNCIAS

- ÁLVAREZ, R. O complemento de solidariedade: a complicidade entre os interlocutores. **Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos**. Universidade de Oxford, 1994. pp. 37-53.
- BERLINCK, R. A. The Portuguese dative. In: BELLE, W. & LANGENDONCK, W. (Eds.). **The Dative**, vol. 1. Descriptive Studies. Amsterdam-Philadelphia: Benjamins, 1996. pp. 119-151.
- FIGUEIREDO SILVA, M. C. **Clíticos em galego**: uma discussão dentro do quadro da Teoria de Regência e Vinculação. Dissertação de mestrado. Campinas: Unicamp, 1988.
- FRIED, M. The notion of affectedness in expressing interpersonal functions. In: GRYGIEL, M. & JANDA, L. A. (Eds.). **Slavic linguistics in a cognitive framework**. Frankfurt am Mein: Peter Lang, 2011, pp. 121-143.

1. Williams (1973, p. 159) aponta uma origem comum em português e galego. A forma latina *tē* se tornou o português *te*. Entretanto, em galego, a forma *te-o* passaria a **tjo*, tornando-se *cho*, formando *che* (por *te*) por derivação regressiva. Sendo assim, é importante também ressaltar que, mesmo que nesse período ainda não esteja muito clara a diferença entre as formas *te* e *che*, utiliza-se em (12) a forma *che*.

- HADDAD, Y. A. Pronouns and intersubjectivity in Lebanese Arabic gossip. In: **Journal of Pragmatics**, 49, pp. 57-77, 2013.
- JANDA, L. A. Pragmatic vs. Semantic Uses of Case. In: DIANE, B. et al. (Eds.) **Chicago Linguistic Society 24-I: Papers from the Twenty-Fourth Regional Meeting**. Chicago: University of Chicago Press, 1988, pp. 189-202.
- LANGACKER, R. W. **Cognitive grammar**. A basic introduction. Oxford/NYork: Oxford University Press, 2008.
- MERVIS, C. & ROSCH, E. Categorization of natural objects. In: **Annual Review of Psychology**, 32, pp. 89-115, 1981.
- RIOBOÓ, M. S. C. **Ethical Datives and Solidarity Clitics in Galician**. University of Kansas. MA Thesis, 1990.
- , O status dos pronomes de solidariedade galegos dentro da teoría da gramática xenerativa de Chomsky. **A Lingua Galega, Historia e Actualidade**. Actas do I Congreso Internacional. Instituto da Lingua Galega, pp. 43-49, 2004.
- ROSCH, E. Natural categories. In: **Cognitive Psychology**, 4, pp. 328-350, 1973.
- , Principles of Categorization. In: ROSCH, E. & LLOYD, B. B. (Eds.). **Cognition and Categorization**. Hillsdale, NJ: Lawrence Erlbaum Associates, 1978. pp. 27-48.
- VARELA BARREIRO, X. A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego. In: Benigno Fernández Salgado (Ed.). **Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos**. Oxford: Centre for Galician Studies, vol. 1, 1997. pp. 319-342.
- WILLIAMS, E. B. **Do Latim ao Portugués**. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro, 1973. *Corpora*
- SANTAMARINA, A. (Coord.): **Tesouro Informatizado da Lingua Galega**. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponível em: <<http://ilg.usc.es/TILG/>>.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (Dir.). **Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega**. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponível em: <http://ilg.usc.es/tmilg>, 2004.

SISTEMA ANTROPONÍMICO EN GALICIA

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO
ILG / USC

1. ASPECTOS LEGAIS

A última reforma do Rexistro Civil feita no sistema legislativo español (Lei 20/2011, do 21 de xullo) modifica a anteriormente vixente, que data de 1957, aprobada en pleno período franquista, e que ten a súa orixe en 1870. O sistema non se modifica no fundamental: consta dun ou dous nomes simples e de dous apelidos, un paterno e outro materno. Pero si hai cambios substanciais no que toca á elección dos nomes de persoa: durante o longo período franquista era obrigado que eses nomes estivesen en castelán e que constasen no santoral católico (vid. VILLARES NAVEIRA, 2007, p. 353); xa despois da morte de Franco se foran facendo pequenas reformas que posibilitaron que nos territorios con linguas de seu se puidesen impor nomes en galego, catalán ou vasco. Agora mesmo, a restrición límitase a “nomes que sexan contrarios á dignidade da persoa nin os que fagan confusa a identificación” (art. 51)¹.

En canto ós apelidos, a principal novidade é que se prescinde da histórica prevalencia do apelido paterno fronte ó materno, e así, permítese que sexan os pais os que decidan a súa orde (Preámbulo, V). A regularización ortográfica dos apelidos á lingua española correspondente (art. 53) xa era posible desde 1999; así, é posible reverter o proceso de deturpación a que foi sometido o noso corpus onomástico². En diante veremos as implicacións que tiveron estas mudanzas legislativas.

2. OS NOMES PROPIOS E AS MUDANZAS ONOMÁSTICAS DE FINAIS DO SÉC. XX

O corpus moderno dos nomes galegos probablemente pareza moi conservador para ollos brasileiros (e americanos en xeral), pero non tanto para ollos portugueses, dado que a lei portuguesa é moito máis restritiva para a renovación da antroponimia persoal³. En Galicia produciuse unha clara renovación a finais do séc. XX, trala morte de Franco (1975), coa chegada da democracia e os subsecuentes cambios sociais (como a mudanza das estruturas familiares, ó se legalizar o divorcio) e a perda de influencia da igrexa católica. Ademais, a maior urbanización e as mudanzas económicas (aumento do sector terciario, diminución dos sectores produtivos relacionados coa agricultura e a pesca) minguou a presión familiar e relixiosa á hora de imposición dos nomes; por exemplo, relaxáronse os

1. Aínda que estas estipulacións non deixan de ser moi subxectivas, e por tanto, interpretables de maneira moi diferente. Na páxina web do Ministerio de Justicia de España aclárase que prexudican obxectivamente a persoa os “contrarios al decoro, deshonorosos, humillantes, denigrantes, etc.” (o cal non deixa de ter unha certa marxe de subxectividade: véxanse exemplos en VILLARES NAVEIRA, 2007, p. 360), e confundir a identificación dun apelido convertido en nome, ou inducir a erro sobre o sexo (“Juan a una mujer o Juana a un hombre”): vid. <<http://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/servicios-ciudadano/tramites-gestiones-personales/rectificacion-registral-sexo>>. (Última consulta, 22/02/2016).

2. Alomenos en teoría, porque lamentablemente temos exemplos de funcionarios que se negaron a modificar *Otero* por *Outeiro* (co argumento de que é correcto en castelán), *Janeiro* por *Xaneiro* ou *Villameá* por *Vilameá* (aquí con argumentos incomprensibles ou disparatados). Para máis información, véxase Boullón, 2007a, Boullón, 2009, p. 126.

3. En Portugal existe unha relación pechada de nomes; os que non figuren aí deben solicitar autorización expresa. Véxase a lista correspondente ó ano 2015 en <http://www.irn.mj.pt/sections/irn/a_registral/registos-centrais/docs-da-nacionalidade/vocabulos-admitidos-e/> (do Instituto dos Registos e do Notariado). Con todo, algunha aproximación recente revela que “não há rupturas antroponomásticas importantes entre populações presumivelmente centro-urbanas, de classe média e meia idade, das duas maiores cidades dos dois países [Lisboa e São Paulo]” (CASTRO, 2004, p. 256). Para as manifestacións da creatividade antroponímica no Brasil, véxase Carvalhinhos (2014).

hábitos de pór o nome dos avós ou dos padriños, ou o do santo patrón da parroquia, ou a case obrigatoriedade de nomear as rapazas con *María* en primeiro ou segundo lugar (sobre todo se se trataba dun nome pouco común ou que non fose dunha santa ou festividade católica). Exemplificareino comparando os nomes máis frecuentes antes de 1936 e os da última década, segundo os datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística dispoñibles en liña⁴.

FEMININOS

Anterior a 1930

1º María, 2º Carmen, 3º Josefa, 4º Dolores, 5º Manuela, 6º Rosa, 7º Concepción, 8º Mercedes, 9º Pilar, 10º Consuelo, 11º María del Carmen, 12º Teresa, 13º Purificación, 14º Celia, 15º Josefina, 16º Elvira, 17º Julia, 18º María Carmen, 19º Antonia, 20º María Dolores, 21º Aurora, 22º Sara, 23º Francisca, 24º María Josefa, 25º Ramona, 26º Emilia, 27º Elena, 28º Amelia, 29º Marina, 30º Isabel.

Década de 2010

1º Sara, 2º Noa, 3º Lucía, 4º Daniela, 5º Carla, 6º Paula, 7º Sofía, 8º Alba, 9º María, 10º Laura, 11º Martina, 12º Antía, 13º Uxía, 14º Claudia, 15º Iria, 16º Sabela, 17º Carmen, 18º Nerea, 19º Lara, 20º Aroa, 21º Candela, 22º Marta, 23º Valeria, 24º Irene, 25º Julia, 26º Adriana, 27º Carlota, 28º Andrea, 29º Ainhoa, 30º Inés.

MASCULINOS

Anterior a 1930

1º José, 2º Manuel, 3º Antonio, 4º Jesús, 5º Francisco, 6º Ramón, 7º Luis, 8º Juan, 9º José María, 10º Ángel, 11º Julio, 12º Emilio, 13º Enrique, 14º Andrés, 15º Pedro, 16º Ricardo, 17º Eduardo, 18º José Antonio, 19º Alfonso, 20º Vicente, 21º Domingo, 22º Benito, 23º Jaime, 24º José Manuel, 25º Fernando, 26º Avelino, 27º Daniel, 28º Ramiro, 29º Alfredo, 30º Joaquín.

Década de 2010

1º Hugo, 2º Mateo, 3º Pablo, 4º Martín, 5º Daniel, 6º Nicolás, 7º Adrián, 8º Diego, 9º Alejandro, 10º Manuel, 11º Lucas, 12º David, 13º Brais, 14º Iago, 15º Iker, 16º Álvaro, 17º Gabriel, 18º Anxo, 19º Miguel, 20º Marcos, 21º Mario, 22º Antón, 23º Iván, 24º Leo, 25º Xoel, 26º Samuel, 27º Sergio, 28º Pedro, 29º Izan, 30º Álex.

A gran maioría deles pertencen ó corpus común hispánico, formado por nomes tirados do santoral cristián, e por tanto maioritariamente de orixe latina (incluíndo aquí os hebreos de tradición bíblica, transmitidos polo latín) ou xermánica.

Se confrontamos a listaxe das primeiras décadas dos dous séculos, temos a evidencia da renovación do corpus en que hai moi poucos comúns ás dúas listas: nos femininos só *María* e nos masculinos *Manuel* e *Pedro*, os tres de tradición bíblica. Desapareceron os nomes compostos (*José Antonio*, *José Manuel*), frecuentísimos nas advocacións marianas (*María del Carmen/María Carmen*, *María Dolores*, *María Josefa*), e correntes desde o séc. XVII. Case se pode dicir que hai máis cambios no último cuarto do séc. XX ca nos catro séculos anteriores (vid. BOULLÓN / TATO, 1989/99), o que implica maior variabilidade de nomes e menos concentración de ocorrencias en cada un: obsérvese, por exemplo, na relación de nomes anteriores a 1930, que *Carmen* aparece no posto 2º, 11º e 18º, segundo leve ou non *María*, anteposto ou posposto; algo semellante pasa con *Josefa* (3º), *Josefina* (15º) e *María Josefa* (24º).

En canto á clasificación lingüística, os do principio do século XX son todos españois (*Carmen*, *Josefa*, *Pilar*, *Consuelo*, *José*, *Jesús*, *Juan*...) ou comúns⁵, mentres que no século XXI aparecen xa nomes doutras orixes lingüísticas, nomeadamente galegos (*Antía*, *Uxía*, *Iria*, *Sabela*, *Brais*, *Iago*, *Anxo*, *Antón*, *Xoel*), vascos (*Ainhoa*, *Nerea*, *Iker*), ou

4. <<http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=onomast/nomdecadas.jsp>>. Data da última consulta: 15/02/2016.

5. Con *comúns* refírome ós nomes que se poden considerar igualmente españois ou galegos (*María*, *Manuela*, *Rosa*, *Emilio*, *Pedro*...). A castellanización dos nomes propios comezou na documentación escrita a partir do séc. XVI (véxase BOULLÓN, 2008a).

doutras orixes (*Aroa, Leo, Izan*⁶). Estes dous últimos son representantes dunha tendencia que na década de 1980 tivo moito impulso: a dos nomes ingleses, motivada pola relaxación da lei e pola forte influencia dos *mass media*. Naquel momento estaban na lista dos máis frecuentes *Vanesa, Jessica, Jennifer, Cristian, Jonathan*⁷, pero a súa incidencia diminuíu moito nos anos seguintes. Polo resto, os nomes ‘novos’ son formas coñecidas do corpus cristián, pero que se revitalizan, non necesariamente polos personaxes que representan (santos ou outros), senón por certos patróns fónicos (vid. REGUEIRA, 2007), o que se advirte máis claramente entre os femininos, cos bisílabos con *a* (*Sara, Carla, Paula, Alba, Laura, Claudia, Lara, Marta*), e trisílabos con *í* tónico (*Lucía, Sofía, María, Martina, Uxía, Iria*).

OS NOMES GALEGOS

Os nomes especificamente galegos⁸ constitúen unha das vías de renovación onomástica máis importantes. Segundo os meus cálculos⁹, na década 2000-2010 constitúen o 13% (os femininos) e o 11% (os masculinos) do total, o que é un avance moi significativo con respecto ó período anterior: no conxunto do séc. XX, apenas ultrapasaban o 1%. O grupo cuantitativamente máis numeroso é o dos nomes comúns (61% f. e 56% m.), seguido polos españois, pero en distinta proporción segundo os sexos: nos femininos é o 9% e nos masculinos, o 22%; isto reflicte o maior conservadorismo que adoita ter o corpus dos nomes masculinos.

Á parte do significado que isto poida ter en canto ó maior recoñecemento da especificidade nacional galega, interesa, desde o punto de vista onomástico, describir que tipo de nomes galegos aparecen. Porque non se trata soamente da versión galega de nomes presentes desde hai séculos na antroponimia occidental (*Alexandra/-e, Alberte, Branca, Catarina, Domingos, Estevo, Lourenzo, Margarida, Paulo, Xabier/Xavier, Xacobe, Xaime, Xerardo, Xerome, Xesús, Xoan/Xoana, Xoaquín, Xosé, Xulio*), senón tamén recuperados a partir de nomes de santos que perviviron en haxiotopónimos (*Xián/Xiao* < lat. IULIANUS, *Caetán/Queitán/Caitán* < lat. CAIETANUS, *Adrán* < lat. HADRIANUS, *Mariña, Comba* < lat. COLUMBA, *Antón, Breixo* < lat. VERISIMUS, *Tomé* –variante de *Tomás*–, *Lois* –variante de *Luis*–, *Fiz* < lat. FELIX, *Campio*), ou tendo en conta a documentación medieval, ás veces coa recuperación de formas tradicionais (*Afonso, Tareixa/Tereixa, Ximena, Mencía, Froila, Paio, Nuno*) e outras mediante referentes literarios: *Héitor* (da materia troiana), *Artur* (da materia de Bretaña), *Rolán* (da lenda de Carlomagno), *Dinís, Airas* (dous autores da poesía profana medieval, o primeiro deles rei de Portugal). En relación con estes están os nomes evocadores da historia de Galicia, como *Suevia* (polo reino suevo do séc. V), *Noela* (en relación coa orixe de da vila de Noia, e con presunta relación no nome bíblico *Noé*), varios deles referidos ós celtas e ós seus mitos: *Breogán* (fundador mítico da nación galaica en tempos prehistóricos), *Artai* (fillo do primeiro poboador de Galicia, Brigo), *Maeloc* (bispo no séc. VI da diocese de Bretoña, procedente da illa de Bretaña), *Celtia, Keltoi* (ambos os dous etnónimos, o último a partir da forma grega). As lendas dos celtas foron popularizadas polos historiadores galegos do século XIX, que reivindicaban o pasado da nación galega e as súas afinidades coas restantes nacións celtas.

Outro procedemento é a incorporación de hipocorísticos (vid. BOULLÓN, 2008c): *Sabela* (de *Isabel*), *Carmela* (de *Carme*), *Catuxa* (de *Cataliña* ou *Catarina*), *Maruxa* (de *María*), *Xaquín/Xocas* (de *Xoaquín*), *Xan* (de *Xoán*), *Xavi* (de *Xavier*), *Xela* (de *Anxela*), *Xandra/Xandre, Nela* (de *Manuela*). E hai algún caso de tradución do nome español correspondente: *Anxo* substituíu a forma tradicional, *Anxelo*, como tradución literal do nome español Ángel (vid. BOULLÓN, 2009b). Tivo tal éxito que hoxe é un dos máis frecuentes (18^o), e mesmo creou un feminino analóxico (*Anxa*).

6. *Aroa* é maorí ou vasco (vid. GARCÍA GALLARÍN, 2014 s.v.), *Izan* representa a pronuncia do nome inglés *Ethan*; na difusión de *Leo* influíu a fama do futbolista Messi.

7. Chegaban ó 5% dos nomes dos nados, nunha tendencia común a doutros países europeos: vid. Boullón (2007b).

8. Considero tales os que teñen unha forma diferenciada do castelán, por exemplo, *Brais, Uxía*, fronte a *Blas, Eugenia*. É unha clasificación lingüística pero tamén sociolingüística, porque hai nomes considerados pola sociedade como galegos, aínda que desde o punto de vista estritamente lingüístico non sexan específicos: é o caso de *Antía* (do grego *Anthía*, derivado de *anthos* ‘flor’; espallouse trala súa inclusión nun repertorio de nomes moi coñecido (SEIXAS, 1977), que o daba como equivalente a *Antonia*); de *Noa*, de orixe hebrea, difundido en Galicia pola novela *Memorias de Noa* (1982) de Alfredo Conde, ou de *Rosalía*, que evoca a Rosalía de Castro, considerada desde o séc. XIX a poeta nacional galega (vid. ANGUEIRA, 2011). Para máis datos sobre todos eles a referencia máis importante é Ferro Ruibal (1992).

9. Baseados nos datos do Instituto Nacional de Estadística do ano 2010, proporcionados á Real Academia Galega. O cálculo realizouse a partir dos nomes con máis de 99 ocorrencias.


Pero os máis innovadores son os nomes que nunca tiveran función antroponímica, e que se comezaron a habilitar como tales desde finais do séc. XX. Refírome a substantivos tirados do léxico común, procedentes de conceptos ou cunha estrutura fonética atraente, e en todo caso con fortes connotacións galegas. A maioría deles son femininos.

Fem.: *Lúa, Ledicia, Loaira* ‘tempo que sae o sol entre a chuvia’, *Aira/Eira, Leda, Doa, Xiada, Brétema, Saraiba, Serea, Arume, Ceo, Chorima, Faia*.

Masc.: *Abraio, Lume*.

A outra gran vía de renovación antroponímica é a utilización de topónimos. O máis frecuente de todos é *Iria*, que comezou a espallarse na década de 1970 (véxase no gráfico de embaixo), cando aínda os nomes galegos estaban prohibidos. É un topónimo de orixe prerromana¹⁰, próximo a Padrón (Co), que foi sé episcopal antes do descubrimento da tumba do apóstolo Santiago e se trasladase a Santiago. Tal foi o seu éxito que se exportou fóra de Galicia: na década de 2000, segundo os datos do INE, en España tiña un total de 3.770 ocorrencias, fronte ás 1.672 de Galicia.

Difusión do nome *Iria* en Galicia no séc. XX



Os restantes nomes detoponímicos son, por orde de frecuencia, *Flavia* (a segunda parte do topónimo anterior, *Iria Flavia*, un cultismo latino), *Aloia, Aldán, Sarela, Xalo, Navia, Irimia, Antela, Deva, Cies, Dubra, Sálvora, Tegra* e outros (con menos de cinco ocorrencias).

3. OS APELIDOS



O corpus dos apelidos galegos descende directamente da situación medieval. Galicia, situada no recanto noroccidental da península Ibérica, non experimentou mudanzas de poboación máis que de tipo emigratorio, ou ben atraendo grupos reducidos de forma selectiva (coma os cataláns no XIX, por exemplo)¹¹. Pero hai unha circunstancia que transformou a evolución histórica natural do corpus: a castelanización (vid. SANTAMARINA, 1988). Efectivamente, a partir do séc. XVI toda a documentación mudou de idioma: o castelán substituíu ó galego, e aí comezou a transformarse a onomástica (tanto a toponimia coma a antroponimia). Hai numerosas mostras de deturpación nos textos (por exemplo, en FERRO RUIBAL, 1992, p. 37; LEMA, 2006, p. 58) e aquí poremos algunha

10. Non debe confundirse co portugués *Iria*, que se escribe igual pero se pronuncia con tonicidade na segunda sílaba, e ten unha orixe etimolóxica totalmente distinta (o grego *Eirene* ‘paz’, de onde vén o gal. *Ereal/Irea*). O topónimo galego *Iria*, de onde vén o nome persoal, procede dun hidrónimo prerromano, derivado posiblemente da raíz precelta **er-* ‘moverse’ (BASCUAS, 2002, p. 140-141). Para a súa difusión en España, véxase García Gallarín (2014, p. 514-15).

11. Chegaron a Galicia atraídos pola abundancia da sardiña e trouxeron a industria da salga. A maior parte dos apelidos cataláns en Galicia proceden desa vaga: véxase Boullón (2007c).

outra de ‘corrección’ feita no séc. XIX, onde o <x> escrito inicialmente se transforma en <j>, equivalente en castelán a /x/, fricativa velar xorda¹²:

Deturpacións de topónimos galegos en textos do séc. XIX



(Año 1835, Archivos Estatales del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte)

Este proceso deuse exclusivamente na documentación escrita, como sabemos, entre outros indicios, por datos ofrecidos polo Padre Sarmiento (un ilustrado galego que reivindicaba a lingua galega) no séc. XVIII, quen nos ofrece unha mostra real da nominación popular: “Martíño dos Cobres, ... Bieito d’Ardán, / Bras de Montezelo, ... Lucía da Esculca, / Thereixa do Cerro, / Farruca da Braña, / Marta dos Rexelos”¹³. Claro que unha acción tan continuada no tempo acabou tendo repercusión en certo número de apelidos. Xa se falou máis arriba da castelanización dos nomes propios, inevitable por cambiárense de xeración en xeración; nos apelidos, que eran hereditarios, o efecto non foi tan drástico. Nos meus cálculos, que toman como base os apelidos do censo do INE de 2010 con máis de 10 ocorrencias (o que representa case o 98% do total), só un 16% das ocorrencias son españolas, consecuencia da castelanización e só en mínima parte da chegada de individuos foráneos, polas razóns antes expostas. A esta porcentaxe debemos sumarlle un 3% de hibridacións, como **Abeijón/Abeigón*, **Freijo*, **Ageitos*, **Noya*, **Allones*, **Gontad*, **Mellid*, equivalentes na grafía moderna a *Abeixón*, *Freixo*, *Axeitos*, *Noia*, *Anllóns*, *Gontade* e *Melide*, respectivamente. Todos estes apelidos son detoponímicos, pero tamén aparece este fenómeno en apelidos delexicais (**Feijoo* por *Feixoo* < lat. FASEOLUS¹⁴, **Alfaya* por *Alfaia*, **Gerpe* por *Serpe* < lat. vg. SĒRPEM) ou patronímicos (**Alejandre* por *Alexandre*, *Payo* por *Paio*).

Acabo de citar os tres grupos en que se adoitan clasificar os apelidos. O máis antigo deles, os patronímicos, procedentes do nome persoal do pai, adoitan levar o sufixo *-ez* (regularizado en *-es* en portugués nunha reforma ortográfica do séc. XX), que se pode recoñecer claramente como en *Rodríguez*, *Vázquez*, *Pérez*, ou con determinadas evolucións fonéticas, como en *Martís*, *Paz/Pais* (<Páez, patronímico de *Paio* < lat. PELAGIUS). Nalgúns casos, e por distintas razóns, o apelido carece de sufixo, como en *García*, *Afonso*, *Lourenzo*, *Vidal* ou *Arias*. Posteriormente serviron tamén para a identificación como segundos nomes algúns adxectivos que indicaban algunha característica do portador. E, finalmente, tamén usáronse topónimos, como indicativos de residencia ou procedencia; estes últimos aumentaron moito como sobrenomes desde finais do século XVI.

Faremos agora unha aproximación cuantitativa desta clasificación¹⁵. O grupo máis numeroso de formas dos apelidos galegos é o dos topónimos (73%), despois, os elementos léxicos (21%) e por último, os patronímicos (9%). Pero se temos en conta a proporción de ocorrencias (o que representa mellor a incidencia real na poboación, pois dá a cifra das persoas que portan esas variantes), os patronímicos teñen unha incidencia semellante á dos detoponímicos (38% e 41%, respectivamente). Isto é así porque os patronímicos, que eran os máis frecuentes na Idade Media, ségueno a ser agora: sono os dez primeiros da lista, que supoñen máis do 26% do grupo considerado. A partir do séc. XVI foron habilitándose como sobrenomes os topónimos de residencia dos individuos, o que explica que estes sexan moi diversificados e se refiran a microtopónimos: *Castro*, *Outeiro*, *Piñeiro*, *Pereira*, *Lago*, *Souto*, *Ribas*, *Vilar*, *Pena*.

No último dos grupos principais, os delexicais, son máis frecuentes os que describen características físicas dos

12. En galego desapareceu a oposición entre /s/ e /ʃ/ nun proceso de desonorización que comezou xa na Idade Media: reflíctese esporadicamente desde o séc. XIII na escritura (vid. LORENZO, 1995, p. 661).

13. Cito pola edición facsímile (SARMIENTO, [1746]), modernizando a acentuación.

14. Para a grafía e a etimoloxía deste apelido, véxase Navaza (2012).

15. Segundo unha estimación publicada en Boullón (2012), baseada nos 2.000 apelidos máis frecuentes, con máis de 257 ocorrencias, que representan máis do 90% do conxunto. Para máis detalles sobre a clasificación e detalles dos principais apelidos tratados, véxase Boullón (2007a).

portadores: cores (*Branco, Pardo, Preto, Mouríño*), cabelo (*Crespo, Cao* <lat. CANUS, *Calvo* e *Calviño*), corpo (*Delgado, Garrido*), carácter (*Salgado, Guerra*). Son importantes tamén os designativos profesionais: *Ferreiro* (o máis frecuente no occidente europeo, o que delata a importancia desta profesión medieval), *Fariña* (probablemente o muiñeiro ou o panadeiro), *Freire, Mariño*; próximo a estes está *Romeu*, que debía aludir ós que realizaron o Camiño de Santiago. E, por último, os apelidos ditos administrativos, que indican filiación descoñecida: *Rei, Igrexas, Santos/dos Santos, dos Anxos*. O primeiro deles vén da “arquiña do rei”, nome que se lle daba ó Hospital de Santiago (hoxe Hostal dos Reis Católicos), onde se abandonaban os nenos expósitos; os restantes son sobrenomes postmedievais cuxa referencia relixiosa podía aludir a que todos son ‘fillos de Deus’.

A seguir lístanse os 50 apelidos máis frecuentes, coa indicación en cursiva das formas estándares nos apelidos castelanizados¹⁶.

Rodríguez, Fernández, González, López, García, Pérez, Martínez (*Martís*), Vázquez, Álvarez, Gómez, Castro, Iglesias (*Igrexas*), Díaz, Sánchez, Blanco (*Branco*), Alonso (*Afonso*), Varela, Otero (*Outeiro*), Domínguez, Rey (*Rei*), Suárez, Lorenzo (*Lourenzo*), Piñeiro, Pereira, Vidal, Méndez, Núñez (*Núñez*), Barreiro, Romero (*Romeu*), Estévez, Lago, Santos, Paz, Souto, Ferreiro, Ramos, Rivas (*Ribas*), Villar (*Vilar*), Pena, Vila, Pazos, Arias, Prieto (*Preto*), Silva, Freire, Torres, Conde, Mosquera (*Mosqueira*), Calvo, Gil (*Xil*).

CABO

O actual sistema antroponímico foi fixado no Rexistro Civil español no ano 1857. Como consecuencia da castelanización obrigada que experimentou nos rexistros escritos desde o séc. XVI, o corpus dos nomes estivo completamente castelanizado nos rexistros escritos ata finais do XX, aínda que a nivel oral mantíñanse en parte as formas tradicionais. A partir do último cuarto deste século, coa morte do ditador Franco e os cambios sociolóxicos ocorridos, comezou un proceso de renovación, consistente no cambio dos nomes tradicionais por outros xa existentes e na entrada de novos nomes doutras orixes lingüísticas, a máis importante das cales é a galega. O conxunto dos apelidos resistiu mellor a castelanización, polo seu carácter hereditario, de forma que só se transformou unha pequena parte deles. Actualmente existe a posibilidade legal de reverter esa situación, posto que se poden adaptar os apelidos deturpados á súa forma orixinal. Pero cumpriría unha acción máis decidida por parte da administración autonómica para informar a poboación dos dereitos que lle asisten e do proceso de deformación ocorrido. No entanto, a recuperación da antroponimia avanza amodo pese a indiferenza oficial.

REFERENCIAS

- ANGUEIRA, Anxo (2011). Rosalía de Castro, poeta nacional galega. En KABATEK, Johannes; RIVAS, Aitor (Eds.). **Rosalía**. Voces galegas e alemás. Tübingen: Publikationen des Tübinger Zentrums für Galicische Studien / Centro de Estudos Galegos Tübingen. p. 25-35. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1493>>.
- BASCUAS, Edelmiro (2002). **Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega**. Anexo 51 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela: Santiago de Compostela.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2007a). Aproximación á configuración lingüística dos apelidos en Galicia. *Verba*, 34, p. 285-309. <http://dspace.usc.es/bitstream/10347/3477/1/pg_285-310_verba34.pdf>.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2007b). A escolla dos nomes en Galicia a finais do século XX. En MÉNDEZ, Luz / NAVAZA, Gonzalo (Eds.). **Actas...** I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega. p. 99-114. . ISBN: 978-84-690-3921-2. <<http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2013/10/5.Bouillon1.pdf>>.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2007ci). Sobre a presenza dos apelidos cataláns en Galicia. En GONZÁLEZ, Helena / LAMA, M^a Xesús (Eds.). **Actas...** VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Ga-

16. Para os criterios da estandarización moderna, véxase Boullón (2009a).

- licia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona, 28 ó 31 de maio de 2003. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona). p. 721-736. ISBN: 978-84-8485-266-7. PDF <<http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2944812>>.
- BOULLÓN, Ana (2008a). Galician and the Spanish Language in Twentieth-Century Galician Personal Names. **Onomastica Canadiana**, 90/1, p. 21-44.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2008b). *Antón, Sabela, Catuxa...* De como os hipocorísticos deveñen en nomes. En BREA, M. / FERNÁNDEZ REI, F. / REGUEIRA, X. L. (Eds.). **Cada palabra pesaba, cada palabra medía**. Homenaxe a Antón Santamarina. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. p. 77-93.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2009a). Sobre a estandarización da antroponimia: proposta para os apelidos. **Boletín da Real Academia Galega**, 370, p. 117-152. ISSN: 1576-8767 <<http://www.realacademiagalega.org/imaxin-boletins-web/paxinas.do?id=3412>>.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2009b). Sobre a estandarización da antroponimia: *Anxelo/Anxela* e familia. **Estudios de Lingüística Galega**, 1, p. 191-197. <http://ilg.usc.es/elg/volume/1/peneira/Peneira_Boullon_EL01_2009.pdf>.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2012b). Aspectos metodolóxicos para o estudo dos apelidos detoponímicos na Galicia. **Quaderni di Semantica. Rivista internazionale di semantica teorica e applicata**, 33/1, p. 183-204.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel / TATO PLAZA, Fernando R. (1998/99). Personal names in Galicia as a sign of cultural identification: historical scope and current situation. **Onoma**, 34, p. 15-44.
- CARVALHINHOS, Patricia (2014). Brief Overview of Unconventional (or Exotic) First Names in the Brazilian Anthroponymic System. En FELECAN, Oliviu / FELECAN, Daiana (Eds.). **Unconventional Anthroponyms: Formation Patterns and Discursive Function**. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing. p. 77-107.
- CASTRO, Ivo (2004). A atribuição do nome próprio no espaço luso-brasileiro. En BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (Ed.). **Novi te ex nomine**. Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer. Biblioteca Filolóxica Galega do Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. p. 245-256.
- FERRO RUIBAL, Xesús (Dir.) (1992). **Diccionario dos nomes galegos**. Vigo: Ir Indo.
- GARCÍA GALLARÍN, Consuelo (2014). **Diccionario Histórico de nombres de América y España (estudio preliminar)**. Madrid: Silex Ediciones.
- LEMA, Xosé M^a (2006). **Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000)**. I. Os nomes masculinos. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Lema_Berdoias.pdf>.
- LORENZO, Ramón (1995). La koiné gallega. En HOLTUS, Günter / METZELIN, Michael / SCHMITT, Christian (Eds.). **Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)**. Tübingen: Max Niemeyer, vol. II, 2. p. 649-679.
- NAVAZA, Gonzalo (2002). A galeguización de nomes e apelidos: estado da cuestión. En **Actas...** IV Encontro para a Normalización Lingüística (9 e 10 de novembro de 2000). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. p. 263-271. <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs/pdf/IVencontros.pdf>>.
- NAVAZA, Gonzalo (2012). A grafía do fonema prepalatal fricativo xordo en topónimos e apelidos galegos. **Estudios de Lingüística Galega**, 4, p. 169-185. <<http://www.usc.es/revistas/index.php/elg/article/view/409/406>>.
- REGUEIRA, Xosé Luís (2007). Patróns fónicos nos nomes galegos. En MÉNDEZ, Luz / NAVAZA, Gonzalo (Eds.). **Actas...** I Congreso Internacional de Onomástica "Frei Martín Sarmiento". Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega. p. 239-255.
- SANTAMARINA, Antón (1988). Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega. En **Homenaxe a Joseph Piel**. Tübingen: Niemeyer. p. 87-96.
- SARMIENTO, Martín [1746] (2002). **Coloquio en mil duascenas coplas galegas**. Facsímile do orixinal autógrafa. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición divulgativa, feita e anotada por Henrique Monteagudo, s.l.: La Voz de Galicia / Ed. Galaxia, 2002.

SEIXAS SUBIRÁ, Xaime (1977). **400 nomes galegos pra homes e mulleres**. Santiago: SEPT, 1984⁴.

VILLARES NAVEIRA, Luís (2007). Aspectos legais sobre a imposición e o cambio dos nomes e apelidos. En MÉNDEZ, Luz / NAVAZA, Gonzalo (Eds.). **Actas...** I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega. p. 353-361.

O ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA E OS FONDOS PARA O ESTUDO DAS MIGRACIÓNS GALEGAS NO BRASIL

PILAR CAGIAO VILA
USC / AEG (CCG)

Desde finais do século XIX e en coincidencia co inicio da fin da escravitude, a inmigración comezou a ser considerada no Brasil como unha necesidade para paliar os problemas de man de obra que eventualmente carrexaría este proceso. Os españois no seu conxunto, e os galegos en particular, comezaron a mirar cara a este país como outro dos destinos posibles na xeografía americana entre os que xa se encontraban Cuba e o Río da Prata. Desde entón, e ata a actualidade, a presenza galega no Brasil mantívose ao longo do tempo, diferenciándose, desde o punto de vista migratorio, dúas etapas históricas (1880-1930 e post 1946) nas que se detectaron cambios e se mantiveron certas persistencias.

En termos xerais, as investigacións sobre o proceso inmigratorio galego tiveron que enfrontarse a severas dificultades xeradas pola escaseza de referencias explícitas nas fontes dispoñibles para a súa análise. Unha vez asentados os primeiros fluxos no país, foi moi frecuente que por causa da similitude da lingua e a proximidade física de Portugal fosen incluídos erroneamente entre os numerosísimos inmigrantes lusos que tradicionalmente partiron cara ao Brasil. Ademais, o feito de que moitos galegos, sobre todo procedentes das zonas rurais limítrofes, emigrasen primeiro a Portugal, experiencia que en non poucas ocasións serviu como trampolín para saltar ao continente americano, contribuíu a aumentar esta confusión. O fenómeno, que para a segunda metade do século XIX foi estudado en profundidade por Fernández Alves (1997) e D. González Lopo (1999), continuou sendo relativamente frecuente durante parte do século XX.

Ao longo do tempo, dependendo das oportunidades reais –ou imaxinadas– para prosperar economicamente, os inmigrantes galegos establecéronse en diversos estados do país. No de São Paulo, a imperiosa necesidade de man de obra para o desenvolvemento da industria do café, que a partir de 1871 cristalizou en toda unha serie de iniciativas focadas á atracción de inmigrantes europeos, foi un dos atractivos fundamentais. Xunto coa inmigración subvencionada e organizada a través de reclutas, modalidade á que xeralmente se acolleron os inmigrantes do sur peninsular (GONZÁLEZ MARTÍNEZ, 1991), e grazas ao crecemento urbano derivado do auxe cafeteiro, comezaron tamén a chegar numerosos inmigrantes espontáneos e, entre eles, moitos galegos. Na altura dos anos trinta do século XX, e como consecuencia da crise económica internacional, os fluxos víronse seriamente afectados por un corte brusco que, con todo, non sería definitivo. Así, por volta do 1956, inmersos na segunda vaga migratoria que sacudiu Europa trala Segunda Guerra Mundial iniciada dez anos atrás (PERES, 2003) e atraídos por un desenvolvemento industrial sen precedentes impulsado por Juscelino Kubischek, os emigrantes galegos volverían fixar a súa atención en São Paulo.

Noutros estados brasileiros, a experiencia dos galegos adquiriu outras características. Ao de Pará, por exemplo, trala febre do caucho na Amazonia, á que con maior ou menor sorte se abocaron numerosos inmigrantes de toda procedencia, chegaron na primeira década do século XX, atraídos pola construción das vías do ferrocarril Madeira-Mamoré, cuxo trazado culminaba na cidade de Belém. Pola súa parte, no que respecta ao estado do Rio de Janeiro, as investigacións de Sarmiento da Silva (2009) desenvolvidas nos últimos anos cubriron un baleiro historiográfico sobre un dos destinos elixido maioritariamente por emigrantes de certas comarcas de Galicia, contribuíndo ademais a contradicir o difundido tópico de que os galegos só comezaron a ir á *cidade maravilhosa* a partir da década dos cincuenta do século XX. E, se ben é certo que pola súa relativa proximidade no tempo, esta resultou ser a emigración máis popularmente coñecida –e sen embargo escasamente estudada– non é menos, como demostrou a autora mencionada, que os seus precedentes históricos poden xa rastrexarse desde a segunda metade do século XIX.

Na Bahía, e máis concretamente en Salvador, a presenza galega tamén se retrotrae bastante no tempo. As primeiras referencias documentadas nos arquivos bahianos datan de comezos da década dos sesenta daquela centuria, dando lugar ao inicio dun particular ciclo de ida e volta que perdurou ata a actualidade. No seu mantemento, segundo as investigacións efectuadas polo antropólogo J. Bacelar (1994), cobraron especial importancia as estratexias familiares que permitían unha intensa relación dos inmigrantes non só cos seus lugares de orixe, senón tamén co seu proxecto económico no Brasil. Así, na colectividade galega de Salvador que se foi definindo durante as primeiras vagas como unha sociedade case exclusivamente de homes, o matrimonio endogámico converteuse nun dos principais indicadores de prestixio que contribuía a reforzar a cohesión do grupo a través da renovación práctica dos vínculos con Galicia. De feito, e aínda que con diferenzas en canto ao sexo, os fillos de galegos nados na Bahía eran frecuentemente enviados a Galicia para a súa socialización. E mentres os varóns eran educados para retornar de novo á Bahía, as mulleres adoitaban permanecer nas aldeas contribuindo ao mantemento da casa grazas ao patrimonio económico obtido en Salvador. En certa medida, aínda que algo atenuado, este patrón relativo ás pautas matrimoniais dos galegos mantívose incluso nos fluxos posteriores ao período da emigración masiva á Bahía. Os inmigrantes procedentes de Galicia inseríronse nas actividades relacionadas co comercio, sobre todo no relacionado coa alimentación que ata fins do século XIX estivera dominada polos portugueses, a través de activas cadeas mobilizadas por prácticas de solidariedade –e tamén explotación– trabadas nos mesmos lugares de orixe que maioritariamente corresponderon con determinadas comarcas da provincia de Pontevedra.

A pesar de que os galegos mantiveron, e aínda manteñen, o predominio absoluto en termos cuantitativos dentro da colectividade española de Salvador, ata a etapa posterior a 1950 –salvo o caso do *Galicia Sport Club*, creado en 1933– este factor non tivo reflexo na denominación das entidades que compuxeron o asociacionismo étnico. De feito, nas anteriores a esa data o xentilicio empregado para intitularlas foi sempre o de “español”. A primeira asociación creada en Salvador foi a *Sociedade Española de Beneficencia*, que data de 1885 e que naceu coa intención de ofrecer asistencia sanitaria aos enfermos españois –daquela rondaban o millar, cunha elevadísima proporción de procedentes de Galicia– durante unha terrible epidemia de tuberculose que causou verdadeiros estragos. Dos cento vinte e catro inscritos como socios fundadores, a práctica totalidade eran galegos procedentes da provincia de Pontevedra e máis concretamente dos municipios de Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Pontecaldelas, Crecente, A Cañiza, A Lama e Mondariz, subliñando unha tendencia persistente na articulación dunha tupida rede destas procedencias que perdura ata a actualidade. Pouco despois da súa fundación adquiríranse os terreos onde aínda hoxe permanece, iniciándose de maneira moi modesta o labor asistencial que comezou a cobrar importancia a partir de 1910 coa ampliación das salas onde se prestaba atención médica aos enfermos. Cubertas estas necesidades, en 1911, trala concesión por parte de Afonso XIII do título de *Real*, á *Sociedade Española de Beneficencia* seguiuille a fundación do *Centro Cultural e Recreativo Español*, cuxo obxectivo inicial era o de estreitar os lazos da elite da colonia galega coa sociedade bahiana. Xa nos anos corenta, o *Centro* adquirira novos locais pomposamente inaugurados en 1948. Cando as actividades sociais e recreativas nas que se volcou os fixeron insuficientes, o *Centro Español* comprou os terreos nos que ata hai moi pouco se encontraba e que foron a súa sede desde os anos setenta. Aínda por aqueles anos o reflexo das últimas vagas galegas que chegaran á Bahía a partir dos cincuenta deixábase notar na creación doutro tipo de asociacións. De 1960 data, por exemplo, a fundación de *Caballeros de Santiago*, entidade nacida dunha iniciativa dos galegos nucleados en torno á parroquia de Pituba, decididos a divulgar a cultura e a lingua española en Salvador, pero que tamén pretendían apoiar a escolarización dos *garotos* dese barrio. Doutro cariz foi, e aínda é, a última das sociedades de inmigrantes galegos creadas en Salvador, o *Centro Cultural y Recreativo União do Rio Tea*, fundada en 1975 e sostida polo esforzo de inmigrantes de segunda xeración, fillos e netos de galegos.

Dos avatares de todas as asociacións mencionadas, así como dos máis de cento cincuenta anos da presenza galega na Bahía, sabemos hoxe moito máis que cando, hai xa máis dun cuarto de século, M. R. Suárez Albán deu á luz un traballo absolutamente pioneiro –“A imigração Galega na Bahía”– na revista do *Centro de Estudos Bahianos* da Universidade Federal, financiado por empresas da colectividade española de Salvador. Era daquela 1983 e Suárez Albán, coa súa habitual modestia, recoñecía debedora doutro traballo non menos importante de Célia Maria Leal Braga, *Os espanhóis em Salvador* (1970). Do mesmo modo, a comezos da década dos noventa, J. Bacelar publicaba na revista universitaria mencionada o seu “Galegos da Bahía” que, dedicado precisamente a Suárez Albán (que xa publicara outros traballos en diferentes medios, tanto de Galicia como de Salvador), non era máis que un aperitivo do seu excelente *Galegos no paraíso racial*, libro que tiven o pracer de reseñar para a sen dúbida máis prestixiosa revista en español sobre temática migratoria, *Estudios Migratorios Latinoamericanos* de Buenos Aires.

Os tres autores mencionados, aos que tiven a oportunidade de coñecer persoalmente en 1990 durante unha estadía en Salvador, a través das súas diferentes aportacións, proporcionaron perspectivas sociolóxicas, antropolóxicas, culturais e lingüísticas sobre un mesmo obxecto de análise, a inmigración galega na Bahía, do que, cientificamente falando, apenas nada sabíamos os investigadores galegos.

Nese mesmo momento, en Galicia, os estudos migratorios cobraban un franco impulso deste áreas como a xeografía humana, a economía, a historia contemporánea, a educación ou o americanismo, que xa desde os oitenta comezaran a interesarse polo asunto. Algúns investigadores comezaron a concorrer a certos foros especializados no tema celebrados en América, particularmente na Arxentina, onde os avances sobre a temática migratoria eran xa a esas alturas moi notables, iniciándose con isto a posibilidade de incursionar en medios extraordinariamente especializados na análise do fenómeno e establecendo con eles unha fecunda relación persoal e profesional que maduraría máis adiante noutro tipo de iniciativas. Ademais, no inicio da década dos noventa a universidade galega sufriu unha fonda transformación. Da Universidade de Santiago, pouco antes de se converter en cinco veces centenaria, segregáronse dúas novas entidades académicas: a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña. Este feito tería, a medio prazo, un efecto favorable na ampliación dos estudos migratorios derivado da propia diversificación de titulacións, da constitución de grupos de investigación e da incorporación de novas temáticas de liñas ben definidas.

Pola súa parte, en 1992, dentro das diversas seccións do Consello da Cultura galega, foi creado o Arquivo da Emigración Galega. Xurdiu coa intención de promover un centro de investigación encarado a reunir e salvagardar a extraordinaria variedade de documentos que o fenómeno migratorio galego veu xerando ao longo do tempo nos diferentes destinos aos que se dirixiu. Esa extraordinaria diversidade documental está constituída por fondos bibliográficos e hemerográficos, fotografías, carteis, epistolarios e papelería do asociacionismo étnico, ben reproducida en diferentes soportes desde o punto de vista técnico (GARCÍA BORRAZÁS e GARCÍA DOMÍNGUEZ, 2011).

Pero antes incluso da creación formal do Arquivo da Emigración Galega, os recursos documentais da pegada galega na Bahía xa foran obxecto de atención dos seus promotores. Así, en 1990, á que subscribe foille encargado un informe preliminar efectuado durante unha estadía en Salvador na que tivo a inmensa sorte de que o seu *cicerone* na procura de documentación xerada pola colectividade fose precisamente M. R. Suárez Albán, quen, como valor engadido, se encontraba á fronte do Centro de Estudos Galegos da UFBA. E xa naquela oportunidade puido comprobarse a variedade e riqueza dun acervo que, se ben se encontraba disperso e en deficiente estado de conservación, daba fe da importancia do fenómeno da inmigración galega en Salvador e da necesidade de preservar a súa memoria. Tratouse dunha primeira aproximación que permitiu detectar as institucións nas que se nucleaba a colectividade –daquela entre tres e catro mil inmigrantes de primeira xeración, segundo as estimacións consulares– e o patrimonio documental e artístico que posuían.

Daquel primeiro levantamento deduciuse que, por tratarse da máis antiga, a *Real Sociedade Española de Beneficencia* (1885) –daquela cunha nómina que rondaba os catro mil asociados, dos que se calcula que un 70% eran galegos–, pola abundancia de fontes que se conservaban a pesar de que un incendio mermara ostensiblemente grande parte da recuperación dos seus fondos, que naquel momento só era viable a través da microfilmación, debía ter prioridade. Na altura conservaba un *Registro de Socios* (unha serie desde 1885 e outra desde 1914); *Libros de Actas* (1914-1918, 1922-1923 e 1942 en diante); *Documento Real de Afonso XIII*; *Libro de Visitantes Ilustres* desde 1910; así como un interesante *Fondo Variado*, aínda que en moi mal estado de conservación non só por falta de catalogación, senón tamén pola afectación derivada da humidade.

Polo que respecta ao *Centro Cultural Recreativo Español* (1911), xa en 1990 se podía apreciar que os diferentes traslados sufridos pola institución e a negligencia dalgunhas das súas directivas anteriores orixinaran a perda de grande parte do seu patrimonio material. Aínda así, nun esforzo de conservación de parte do mesmo, unha vitrina gardaba os elementos que se consideraban de maior valor artístico sen que ningún experto opinase sobre esta selección un tanto ecléctica na que se combinaban, entre unha gama variada de obxectos, o busto de Miguel de Cervantes ou o retrato asinado de Ramón Franco, xunto con algúns cadros e fotografías. En relación aos fondos documentais, conservábanse un *Libro de Actas* desde 1929; *Libro de Socios*; *Libro de Socios* que contribuíran con doazóns á institución figurando nel as sinaturas comerciais ás que pertencían; *Libro de Socios* informatizado correspondente aos últimos anos; fotografías e dous números extraordinarios de publicacións de carácter conmemorativo (1975 e 1988).

A *Sociedade Caballeros de Santiago* (1960) conservaba na altura de 1990 *Fichas de Socios*; *Registro de Socios*; *Libros de Actas*; *Libro de Actas del Consejo Supervisor* e unha colección sen catalogar da súa publicación periódica, o boletín *Plus Ultra*. Pola súa parte, o *Centro Recreativo União do Rio Tea* (1974) tiña no seu haber, aínda que en

absoluta desorde e deficiente estado de conservación, *Libros de Actas; Libros de Presencia; Libros de Asambleas Generales y Extraordinarias; Fichas de Contribución; Libro de Oro; Fichas de Socios; Hojas de propuesta de Socios e Fichas de Inscripción.*

Aquel informe realizado en 1990, que recollía outros detalles de interese relativos ás fontes existentes para a preservación da memoria da inmigración galega en Salvador foi remitido pola súa autora ao Consello da Cultura Galega que, unha vez procedeu á creación do Arquivo da Emigración Galega en 1992, e xa consolidada a súa traxectoria, ata 1999 dirixiu fundamentalmente a súa atención á recuperación documental na Arxentina e, posteriormente, durante os primeiros anos da seguintes década, a Cuba.

Anos máis tarde, en 2006, trala celebración en Salvador do VIII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, o Arquivo da Emigración galega retomou o seu interese polo Brasil e particularmente pola Bahía. Grazas ás novas tecnoloxías e á profesionalidade dos seus excelentes documentalistas, procedeu a unha recuperación sistemática de parte dos fondos que aínda se conservaban para a súa posterior catalogación. O resumo elaborado pola institución, derivado do amplo informe que no seu día foi remitido polos que realizaron o traballo de campo entre novembro e decembro daquel ano (GARCÍA LÓPEZ e COSTA LACERDA, 2006) traduce que, na actualidade, o Arquivo da Emigración Galega, sito na Cidade da Cultura de Galicia, a través de 11.757 rexistros dixitalizados, custodia os seguintes fondos documentais correspondentes a:

- *Real Sociedad Española de Beneficencia. Hospital Español de Bahía (1885)*

1. FICHEIROS DE SOCIAS E SOCIOS: están distribuídos segundo a tipoloxía: *remidos* (que pola súa antigüidade como socios están eximidos de pago); contribuíntes e falecidos. Hai dous ficheiros máis, un de socios ilocalizables e outro de socios de convenio dos que demos conta nas conclusións. Todos os ficheiros están ordenados alfabeticamente polos apelidos:

- Ficheiro de Socias Remidas: un total de 709 dixitalizadas en fotogramas individuais. Están divididas en dúas carpetas: da letra A á I e da letra G á Z.
- Ficheiro de Socias Falecidas: un total de 138 dixitalizadas en fotogramas individuais.
- Ficheiro de Socias Contribuíntes: un total de 325 dixitalizadas en fotogramas individuais.
- Ficheiro de Socios Contribuíntes: un total de 496 dixitalizadas en fotogramas individuais e divididos en 2 carpetas: da letra A á L; letra M á Z.
- Ficheiro de Socios Falecidos: un total de 1339 dixitalizadas en fotogramas individuais e divididos en 5 carpetas: letra A; letra B; letra C; da letra C á M; da M á Z.
- Ficheiro de Socios Remidos: un total de 1216 dixitalizadas en fotogramas individuais e divididos en 4 carpetas: letras da A á G; de García a Martínez Cortez; de Martínez Duque a Oitavén e de Oitavén á Z.
- Ficheiro de Socios non localizados: un total de 178 dixitalizadas en fotogramas individuais.
- Ficheiro de socios categoría convenio: un total de 151 dixitalizadas en fotogramas individuais.

2. LIBROS REXISTRO DE SOCIOS:

- Libro de socios: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: desde o 1 de xaneiro de 1885 ata o 14 de agosto de 2006. 400 pp.: dixitalizadas en 387 fotogramas.
- Libro de socias: [manuscrito]/ Secretario da Sociedade: desde o 1 de xuño de 1963 ata o 3 de abril de 2006. 82 pp.: dixitalizadas en 79 fotogramas.

3. ESTATUTOS:

- Estatutos da Real Sociedad Española en Bahía: [impreso] /1919 (Reformados e aprobados en Asemblea Xeral de 2 de febreiro de 1919) 39 pp.: dixitalizadas en 23 fotogramas.
- Estatutos da Real Sociedade Española en Bahía: [impreso]/1966. 54 pp.: dixitalizadas en 30 fotogramas.
- Estatutos da Real Sociedade Española en Bahía: [impreso]/1987. 52 pp.: dixitalizadas en 28 fotogramas.
- Estatutos da Real Sociedade Española en Bahía: [impreso]/1996. 34 pp.: dixitalizadas en 20 fotogramas.
- Estatutos da Real Sociedade Española en Bahía: [impreso]/2004. 34 pp.: dixitalizadas en 20 fotogramas.

4. BOLETÍNS:

- Boletín Informativo da Real Sociedade Española de Beneficencia: [impreso]/ 1960. 13 pp.: dixitalizadas en 10 fotogramas. Contén publicidade de negocios de galegos en Salvador.
- Boletíns Informativos:
 1. Ano III, marzo 1963, nº 5, 17 pp., dixitalizados en 9 fotogramas.
 2. Ano III, decembro 1963, nº 6, 25 pp., dixitalizados en 13 fotogramas (das páxinas 8 a 17 faltan páxinas).
 3. Ano IV, xuño 1964, nº 7, 17 pp., dixitalizados en 9 fotogramas.
 4. Ano V, setembro 1965, nº 9, 23 pp., dixitalizados en 12 fotogramas.
 5. Ano V, decembro 1965, nº 10, 35 pp., dixitalizados en 12 fotogramas.
 6. Ano VI, abril 1966, nº 11, 25 pp., dixitalizados en 12 fotogramas.
 7. Ano VI, xullo 1966, nº 12, 23 pp., dixitalizados en 13 fotogramas.
 8. Ano VI, outubro-decembro 1966, nº 13-14, 33 pp., dixitalizados en 16 fotogramas.
 9. Ano VII, abril 1967, nº 15, 40 pp., dixitalizados en 20 fotogramas.
 10. Ano VII, xuño 1967, nº 16, 25 pp., dixitalizados en 13 fotogramas.
 11. Ano VII, outubro-decembro 1967, nº 17-18, 40 pp., dixitalizados en 20 fotogramas.
 12. Ano VIII, marzo 1968, nº 19, 31 pp., dixitalizados en 15 fotogramas.
 13. Ano VIII, xullo 1968, nº 20, 21 pp., dixitalizados en 11 fotogramas.
 14. Ano VIII, setembro 1968, nº 21, 25 pp., dixitalizados en 13 fotogramas.
 15. Ano VIII, decembro 1968, nº 22, 21 pp., dixitalizados en 11 fotogramas.
 16. Ano IX, marzo 1969, nº 23, 24 pp., dixitalizados en 12 fotogramas.
 17. Ano IX, xuño 1969, nº 24, 17 pp., dixitalizados en 10 fotogramas.
 18. Ano X, marzo 1970, nº 27, 9 pp., dixitalizados en 5 fotogramas.
 19. Ano XIII, marzo 1973, nº 38, 17 pp., dixitalizados en 9 fotogramas.
 20. Ano XIV, marzo 1974, nº 41, 14 pp., dixitalizados en 7 fotogramas.
 21. Ano XVIII, marzo 1977, nº 53, 24 pp., dixitalizados en 11 fotogramas.
 22. Ano XVIII, xuño 1977, nº 54, 18 pp., dixitalizados en 9 fotogramas.
 23. Ano XVIII, setembro 1977, nº 55, 16 pp., dixitalizadas en 8 fotogramas.
 24. Ano XIX, marzo 1978, nº 57, 20 pp., dixitalizados en 10 fotogramas.
 25. Ano XIX, setembro 1978, nº 59, 28 pp., dixitalizados en 14 fotogramas.
 26. Ano XIX, decembro 1978, nº 60, 20 pp., dixitalizados en 10 fotogramas.
 27. Ano XX, marzo 1979, nº 61, 24 pp., dixitalizados en 12 fotogramas.
 28. Ano XX, xuño 1979, nº 62, 42 pp., dixitalizados en 21 fotogramas (contén todas as xuntas directivas desde a fundación).
 29. Ano XX, setembro 1979, nº 63, 24 pp., dixitalizados en 12 fotogramas.
 30. Ano XX, decembro 1979, nº 64, 18 pp., dixitalizados en 9 fotogramas.
 31. Ano XXI, marzo 1980, nº 65, 20 pp., dixitalizados en 10 fotogramas.
 32. Ano XXI, xuño 1980, nº 66, 20 pp., dixitalizados en 10 fotogramas.
 33. Ano XXI, setembro 1980, nº 67, 18 pp., dixitalizados en 9 fotogramas.
 34. Ano XXI, decembro 1980, nº 68, 22 pp., dixitalizadas en 11 fotogramas.
 35. Ano XXIII, abril 1981, nº 69, 32 pp., dixitalizados en 16 fotogramas.
 36. Ano XXIII, xullo 1981, nº 70, 35 pp., dixitalizadas en 17 fotogramas.

5. MEMORIA DA REAL SOCIEDADE ESPAÑOLA DE BENEFICENCIA: [impreso fotocopia]/ 1927 e 1928. 86 pp.: dixitalizadas en 43 fotogramas.

6. FOTOGRAFÍAS:

- Carpeta Varios: un total de 12 fotografías relativas á inauguración do edificio novo en 1967.
- Carpeta Presidentes: fotografías dos cadros dos distintos presidentes desde a fundación ata a actualidade.

7. PRENSA: Recorte de varias páxinas do diario *A Tarde* do día 25 de xaneiro de 1985 do suplemento Caderno 2 que se dedica como especial ao Sanatorio Español no centenario da súa fundación. Son un total de 12 páxinas dixitalizadas en 10 fotogramas.

- Centro Cultural e Recreativo Espanhol (1911)

1. Libros de Actas das Reunións de Xuntas Directivas:
 - Libro de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 2 de abril de 1929 ata o 23 de maio de 1932. Actas nº 1 a nº 97.
100 pp.: dixitalizados en 108 fotogramas.
 - Libro de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 6 de marzo de 1967 ata o 26 de agosto de 1932. Actas nº 1 a nº 92.
100 pp.: dixitalizados en 200 fotogramas.
 - Libro de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 2 de abril de 1929 ata o 23 de maio de 1932. Actas nº 1 a nº 97.
200 pp.: dixitalizados en 92 fotogramas.
2. Libros de Rexistros de Socios:
 - Libro de socios do Casino Español en Bahía (1º nome): [manuscrito] / Secretario da Sociedade: desde o 5 de novembro de 1911 ata o 19 de agosto de 1919. 312 pp.: dixitalizadas en 315 fotogramas.
 - Libro de rexistro de socios falecidos: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: desde os anos 30 ata a actualidade. Está ordenado por orde alfabética e non por data e contén ademais procedencia e data de admisión na sociedade. 170 pp.: dixitalizadas en 175 fotogramas.
3. Fotografías:
 - Carpeta Varios: Inauguración de edificio novo en 1975.
 - Carpeta Presidentes: fotografías de todos os presidentes da sociedade.

- Caballeros de Santiago (1960)

1. Ficheiros de socios:
 - a) Ficheiro de Socios Activos: este ficheiro foi dixitalizado en dúas carpetas: a primeira delas a dos socios que naceron en Bahía pero son de orixe galego sobre todo descendentes de emigrantes galegos e unha segunda a dos propios emigrantes que é a mais numerosa. Contéñen un total de 302 fichas dixitalizadas en grupos de 4.
 - b) Ficheiro de Socios Cancelados: contén as fichas daqueles socios que por falta de posibles non poden pagar a cota e quedan en suspenso ata que podan facelo e tamén aqueles outros socios que definitivamente deixaron de pagar. Contén un total de 896 fichas dixitalizadas en grupos de 3 ou 4.
 - c) Ficheiro de Socios Falecidos: contén un total de 250 fichas dixitalizadas en grupos de 3 ou 4.
 - d) Ficheiro de Socios do Departamento de Cultura Galega: son un total de 480 fichas dixitalizadas en grupos de 3 ou 4. Este ficheiro está sen ordenar de ningunha orde. O traballo posterior será en calquera dos catro ficheiros extraer unha por unha as fichas e ordenalas por orde alfabético para unha mellor consulta e conservación.
2. Libro de Actas das Reunións de Asembleas Xerais da Sociedade Cultural e Filantrópica Cabaleiros de Santiago de 1960 a 2006:

Libro de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 30 de novembro de 1960 ata o 17 de maio de 2004. Actas nº1 a nº 34.
74 pp.: dixitalizados en 86 fotogramas (Lectura lexible).
3. Libros de Actas das Reunións de Xuntas Directivas:

Libro nº 1 de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 30 de novembro de 1960 ata o 4 de xullo de 1963. Actas nº 1 a nº 96.
100 pp.: dixitalizados en 102 fotogramas (Lectura lexible).

Libro nº 2 de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 10 de xullo de 1960 ata o 21 de xuño de 1967. Actas nº 1 a nº 106.
200 pp.: dixitalizados en 200 fotogramas (Lectura lexible).

Libro nº 3 de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 5 de xullo de 1967 ata o 5 de xuño de 1973.
Actas nº 1 a nº 178.
200 pp.: dixitalizados en 204 fotogramas (Lectura lexible).

Libro nº 4 de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 12 de xuño de 1973 ata o 03 de maio de 1980.
Actas nº 1 a nº 206.
200 pp.: dixitalizados en 204 fotogramas (Lectura lexible).

Libro nº 5 de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 13 de maio de 1980 ata o 9 de xullo de 1986.
Actas nº 1 a nº 191.
200 pp.: dixitalizados en 208 fotogramas (Lectura lexible).

Libro nº 6 de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 16 de xuño de 1986 ata o 10 de maio de 1993.
Actas nº 1 a nº 186.
200 pp.: dixitalizados en 216 fotogramas (Lectura lexible).

Libro nº 7 de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 19 de maio de 1993 ata o 25 de agosto de 1998. Actas nº 1 a nº 196.
200 pp.: dixitalizados en 407 fotogramas (Lectura lexible).

Libro nº 8 de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 1 de setembro de 1998 ata o 11 de setembro de 2001. Actas nº 1 a nº 156. 200 pp.: dixitalizados en 207 fotogramas (Lectura lexible).

Libro nº 9 de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 25 de setembro de 2001 ata o 15 de agosto de 2003. Actas nº 1 a nº 165. 200 pp.: dixitalizados en 204 fotogramas (Lectura lexible).

4. Fotografías: varios exemplos de reunións de directivas todas da década dos 60 que reflicten as diferentes actividades da sociedade.

5. Fondos persoais de membros da directiva correspondente a 2006: 261 rexistros

- Centro Recreativo União do Rio Tea (1975)

Galería de fotos dos presidentes cos seus nomes e períodos (fotografías)

Libros de Actas das Reunións de Xuntas Directivas:

Libro de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 23 de abril de 1975 ata o 9 de maio de 1978. Actas nº 1 a nº 87.
200 pp.: dixitalizados en 527 fotogramas.

Libro de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 16 de maio de 1978 ata o 19 de outubro de 1980.
Actas nº 1 a nº 92.
116 pp.: dixitalizados en 207 fotogramas.

Libro de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 4 de marzo de 1982 ata o 8 de outubro de 1984.
Actas nº 1 a nº 95.
200 pp.: dixitalizados en 206 fotogramas.

Libro de Actas: [manuscrito] / Secretario da Sociedade: 11 de maio de 1988 ata o 23 de marzo de 1993.
Actas nº 1 a nº 109.
200 pp.: dixitalizados en 206 fotogramas.

Documentos de directorio: varios exemplos de documentos de oficina.

Albumes de fotografías varias.

A este inxente labor acometido hai dez anos polo Arquivo da Emigración Galega incorporouse recentemente un dos fondos máis ricos existentes na Bahía para o estudo da inmigración galega. Trátase da dixitalización de 2.920 fi-

chas identificadas no rexistro do Consulado de España en Salvador que cobren o período que abrangue desde 1919 ata 1935 e que conteñen datos persoais dos inmigrantes galegos, susceptibles de interesantes análises e que ademais ofrecen a posibilidade de ser cruzados cos do asociacionismo étnico descritos máis arriba.

Nesta altura podemos, pois, considerar que o esforzo de recuperación documental por parte do Arquivo foi notable, sobre todo no relativo aos seus organismos institucionalizados. Na actualidade, pensamos nun novo reto imposible de levar a cabo sen o concurso dos integrantes da colectividade e dos seus descendentes: rescatar os documentos persoais existentes en cada casa, en cada familia, en cada negocio, en cada recuncho da Bahía no que a inmigración galega deixase a súa pegada. E non só para continuar avanzando no coñecemento científico, senón tamén para, como xustamente lle corresponde pola súa importancia histórica, tanto no que atinxe a Galicia como ao Brasil, convertela en imborrable.



DENDE O ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA DO CONSELLO DA CULTURA

MATERIAIS QUE A CIDADANÍA PODE ACHEGAR Á REDE DE RECUPERACIÓN GALEGA

Pretendemos alcanzar varios obxectivos orientados á recuperación, preservación e salvagarda do patrimonio dos emigrantes galegos e dos seus familiares, nos seus diferentes formatos (documentos, fotografías, obxectos, películas). Deste xeito, chegaremos a ser depositarios de historias individuais de miles de galegos que escolleron valentemente o camiño da emigración.

As achegas realizadas para este proxecto constituirán un acervo de fontes a disposición da comunidade investigadora, dos expertos na temática migratoria e, por suposto, dos propios protagonistas.

Formas de colaborar:
Entrega presencial nas instalacións do AEG: tras recibir a túa vista, procederemos a realizar a dixitalización das túas fotografías ou documentos no momento.
Entrega dos documentos por correo postal: unha vez recibidos procederase á súa dixitalización e devolución pola mesma vía dos orixinais+copia en CD ou pendrive USB ao propietario.
On line: aquelas persoas que desexen ceder unha fotografía, documento ou vídeo poderán enviar unha copia electrónica por email: aemigracion@consellodacultura.gal aemigracion@gmail.com

Solicitud de recollida por parte do doante: en caso de que o doante non conte con medios para facernos chegar a documentación coa que desexa contribuir, pode contactar con nós a través do correo electrónico, ou chamando aos seguintes teléfonos de contacto: 881-995148 / 881-995143

Imaxes que recreen a viaxe: Fotografías da saída ou embarque, durante a viaxe (no barco, avión, tren,...) e tras a chegada ao país de destino.
Documentos oficiais: Pasaportes, Carteiras de Identidade de emigrante, licenzas para emigrar, tarxetas de embarque, carnés de identidade ou cédulas do país de acollida, remesas ao lugar de orixe, expedientes de matrimonio, carné de asociacións galegas ou españolas, revistas das mesmas, etc.
Traballo e vida cotiá na emigración: Fotografías nos lugares onde vivía e traballaba durante os anos de emigración, contratos laborais, tarxetas identificativas do seu propio negocio, imaxes do tempo de lecer (festas e celebracións familiares de distinta índole como festas escolares, vodas, bautzos, graduacións), cartas a familiares e amigos, etc.

Retorno: Fotografías tras o regreso a Galicia.

As túas fotos e documentos serven para reconstruír a memoria colectiva da nosa emigración.

 CONSELLO DA CULTURA GALEGA

REFERENCIAS

- BACELAR, J., **Galegos no paraíso racial**. Salvador: Ienamá, 1994.
- FERNÁNDEZ ALVES, J. Peregrinos do traballo. Perspectivas sobre a inmigración galega en Porto. **Estudios Migratorios**, n. 4, p. 69-82, 1997.
- GARCÍA BORRAZÁS, C; GARCÍA DOMÍNGUEZ, T. El Arquivo da Emigración Galega: centro referencial para el análisis de los movimientos migratorios en Galicia. In: ALBA MONTESERÍN, S. et al. La memoria de la emigración: fuentes históricas, centros y archivos para el estudio de los flujos migratorios españoles. Vigo: Grupo España Exterior, 2011.
- GARCÍA LÓPEZ, E; COSTA LACERDA, C. **Informe relativo ao traballo de investigación e recuperación documental dos fondos das sociedades galegas en Salvador de Bahía** (Brasil). Informe inédito de uso interno. Santiago de Compostela: Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, 2006.
- GONZÁLEZ LOPO, D. **Los movimientos migratorios en tierras del interior de la provincia de Pontevedra entre 1801-1950:** características y puntos de destino. In: CAGIAO, P. (Coord.). Semata: Ciencias Sociais e Humanidades, n.11, p. 269-298.
- GONZÁLEZ MARTÍNEZ, E. **Brasil:** café e inmigración. Los españoles en Sao Paulo. Madrid: CEDEAL, 1991.
- PÁJARO PERES, E. **A Inexistência da Terra Firme.** A imigração galega em São Paulo 1946-1964. São Paulo: Editora da Universidade de São Paulo, 2003.
- SARMIENTO DA SILVA, E. **O outro Río.** A emigración Galega a Río de Janeiro. Santa Comba: TreCtres, 2006.

GALICIA DOUTRO LADO DO ATLÁNTICO¹

ROSARIO ÁLVAREZ
ILG / USC

Esta é para min unha sesión de encerramento singular, especial. Ditada desde o afecto, a emoción, a esperanza. O afecto de quen sabe que a fortuna de que os organizadores pensasen en min para protagonizar esta sesión de clausura se debe ao cariño: eu agradézovos tanto a honra que me facedes coma a calor humana que vén co convite. Emoción por estar aquí, na Bahía, unha terra que formou parte da República dos Soños en tantos fogares galegos da miña contorna, un porto seguro que desde a infancia encheu de referencias evocadoras a nosa toponimia sentimental. Esperanza de pagar vellas débedas contraídas por devanceiros anónimos, de reforzar lazos históricos imposibles de esquecer, de ampliar o coñecemento mutuo, de afondar na amizade e nas relacións de afecto persoal presentes.

Agradezo tamén –e creo falar en nome de todos os participantes vindos da outra beira do mar– a hospitalidade dos colegas da Universidade Federal da Bahía, coa xenerosidade a que xa nos tendes acostumados. Grazas por acollerdes hoxe este *I Encontro Brasileiro de Estudos Galegos* e por escoitardes hai 40 anos a voz daqueles pioneiros, entre os que se encontraba a benquerida Rosario Suárez Albán, para fundardes o primeiro Centro de Estudos Galegos. Homenaxeámola nestes días porque foi capaz de cumprir un soño: unir dúas paixóns (Galicia e Bahía); anoar os dous afectos mar por medio, sen renuncias; honrar a lingua e cultura dos seus devanceiros dándoa a coñecer na súa nova patria e desvelando as pegadas na terra de acollida. Primeiro foi o Centro de Estudos Galegos, no xa afastado 1975, creado a instancias particulares dun grupo de universitarios antes de que se iniciase a restauración da democracia en España e dese comezo a recuperación dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes; moi poucos anos antes (1971), outro grupo de visionarios conseguira o que aínda hoxe parece un milagre na España franquista, a creación do Instituto da Lingua Galega na Universidade de Santiago de Compostela. Uns e outros tiveron o acerto de colocar a preocupación polo galego, a súa investigación e a difusión do seu coñecemento no ámbito universitario. Vinte anos despois, 1995, veu o Centro de Estudos da Lingua e Cultura Galegas que nos convoca, creado ao abeiro do desenvolvemento propiciado pola administración pública galega: o centro da Bahía veu sumarse así aos de La Habana e Buenos Aires, na coroa dos lugares emblemáticos da diáspora galega.

Lembro a Rosario, en Barcelona (maio de 2003) encabezando con paixón a candidatura da Bahía para a celebración do *VIII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos*, fortemente amparada e apoiada con entusiasmo pola súa universidade, a UFBA. E aquí viñemos, en setembro de 2006, ao VIII congreso da AIEG, o mesmo que hai uns días celebramos na XI edición en Buenos Aires, outro dos lugares emblemáticos da cultura galega na América. Convocábanos daquela un lema que fala por si só, “Galicia doutro lado do Atlántico – voces reunidas na Bahía”, do que tomei prestado o título desta conferencia, en humilde homenaxe²; foi un congreso memorable, deses que quedan gravados na experiencia e na memoria por tantas razóns que non sería xusto indicar só algunhas, pero non está entre as menores a calor con que fomos acollidos na UFBA.

Falo de Rosario e do CELGA, esta pequena célula de galeguidade, e falo da grande UFBA no seu conxunto, pero non esquezo que entre unha e outra está o Instituto de Letras, con tantas mestras que nos guiaron co seu saber e os seus exemplos de actitude solidaria e optimista ante a vida. Non quero dar moitos nomes, porque inevitablemente quedan outros fóra; permítanme só lembrar á chorada Rosa Virgínia e ter un cariño especial para as queridas

1. Este texto corresponde á fala de encerramento do I Encontro Brasileiro de Estudos Galegos (I EBEG) pronunciada por Rosario Álvarez o 15 de abril de 2015. [Nota dos organizadores].

2. Nota dos organizadores: esta mesma razón levou-nos a escolher esse título para a presente obra.

Suzana e Jacyra (beizón!). Direi só que a través de sintonías persoais a relación de irmandade entre o Instituto da Lingua Galega (da USC) e o Instituto de Letras (da UFBA) dura xa tres xeracións (aquí está a terceira, coorganizando este encontro: grazas Mailson, grazas David); esperamos deixarlle máis estreita e máis sólida para a cuarta, que xa logo estará petando nas portas.

Por poñer só un exemplo significativo, en colegas do Instituto de Letras da UFBA (segunda xeración) atopamos un apoio entusiasta á nosa petición de que nos acompañasen na aventura de coorganizarmos o *III Congreso Internacional de Lingüística Histórica*, que se celebrará este ano en Galicia (grazas Tânia, grazas Dante, grazas a todos e todas). Primeiro foi o *Rosae – I CILH* (Salvador 2009), que aquí organizastes para honrar á profesora Rosa Virgínia Mattos e Silva, de feliz memoria; seguiuno o *Castilho – II CILH* (São Paulo 2012), en homenaxe ao profesor Ataliba T. de Castilho, que xenerosamente aceptou acompañarnos como presidente de honra de *Gallaecia – III CILH* (Santiago de Compostela, xullo de 2015). Non foi menor a xenerosidade dos nosos colegas na USP (grazas Valéria, aquí presente), pois tamén aceptaron a nosa proposta de reforzar os lazos coorganizando entre as tres universidades esta nova festa da nosa lingüística compartida: a sede é Santiago de Compostela, onde esperamos que a lingüística galega se mostre ao completo e coas mellores galas; a proximidade física e a sólida relación de irmandade que mantemos desde hai xa máis de medio século, nun diálogo persoal e científico fructífero, garanten o apoio e a presenza da mellor lingüística portuguesa, xunto coa da lusitanística doutros lugares do mundo. Pero a presenza brasileira vai marcar abrumadoramente este congreso: non só pola presidencia de honra, a presenza de tantos colegas brasileiros nos comités organizador e científico, a colaboración como plenaristas, ministrantes de minicursos e organizadores de simposios, pois todo iso está impulsado pola organización, senón, sobre todo, polos participantes: no momento de pronunciar estas palabras, o 67% dos inscritos son brasileiros, procedentes de 34 universidades brasileiras diferentes distribuídas por todo o país.

É aquí estamos, unha vez máis. Cheos de esperanza. Está no noso ADN viaxar cara a occidente, como fixeron os nosos devanceiros desde que saíron de África e poboaron Europa: colocados no *Finis Terrae*, debruzados no mar, ¿a onde habíamos ir os galegos senón á outra beira? Viaxar cara a occidente, seguindo o camiño do sol, está tamén nas nosas raíces culturais máis antigas: do outro lado do mar de occidente, cruzando o océano, están as illas do Paraíso, o paraíso celta que visitaron ilustres peregrinos navegantes como San Brandán ou San Amaro, partindo desde o Fisteria irlandés ou desde o galego.

En todo caso, para nosoutros, galegos, virmos para o Brasil xa se foi facendo costume.

Viñeron os primeiros na época da descuberta e a conquista, como súbditos dos reis casteláns ou disimulados entre os portugueses, sobre todo ao litoral norte e nordés. Eran poucos pero deixaron algunhas pegadas lingüístico-culturais por aquí. Por poñermos un exemplo, Corominas cre verosímil atribuírles a introdución do subst. *mico*, voz galega moi común para ‘gato’: certamente explicaría todos os significados brasileiros e portugueses actuais, non só a denominación de certos tipos de mono pequeno de longa cola senón significados derivados que teñen que ver coa cultura “gatuna”, como ‘menor ladrão’ [brasileirismo] e ‘diabo’ [minhoto]. Destacados especialistas aseguran que o primeiro son musical europeo oído polos indíxenas brasileiros foi unha gaita galega, baseándose na indiscutible autoridade testemuñal da carta de Pedro Vaz de Caminha ao rei de Portugal, de 1500. Non se sabe se o gaiteiro era galego de Galicia ou “galego” do norte de Portugal, pero non debía facelo mal: seica lles gustou tanto aos indios que, vencendo a desconfianza cara aos estranxeiros, uníronse nunha danza de irmandade cos mariñeiros portugueses, pois di Pedro Vaz “*E levou consigo um gaiteiro nosso com sua gaita. E meteu-se a dançar com eles (os indígenas), tomando-os pelas mãos; e eles folgavam e riam e andavam com ele muito bem ao som da gaita*” (TINHORÃO, 1998, p. 38). Pero xa que estamos aquí, precisamente aquí, na Bahia, non podemos deixar de lembrar que novas investigacións históricas semellan confirmar, con testemuños documentais, que Diego Álvarez Correa, o Caramuru que conquistou a coraxosa Paraguaçu, non era de Viana do Castelo como se ten dito senón galego verdadeiro, de Galicia; de modo que, xa ven, vai resultar que o primeiro europeo que escolleu por nova patria a Bahia de Todos os Santos era galego!

Viñeron por miles nos séculos XIX e XX, como emigrantes en busca de fortuna ou, polo menos, subsistencia para si e as familias que deixaban atrás. Moitos eran adolescentes, case nenos. Galicia é un pobo emigrante por necesidade. Rosario Albán colocou no inicio da súa disertación de mestrado o coñecido debuxo de Castelao, do Álbum Nós (1931), que ten por lenda “En Galiza non se pide nada. Emígrase”. Cuba e o Río da Prata foron os destinos americanos preferentes dos galegos no século XIX, pero no occidente de Galicia houbo áreas dunha intensa emigración ao Brasil durante todo un século, aproximadamente de 1860 a 1960; ese fluxo galego-brasileiro deuse sobre todo no centro-sur da provincia de Pontevedra (SW de Galicia), área da que procede a familia de Rosario Albán e a

maior parte dos galegos da Bahía, e tamén quen lles fala (alí todos temos ou tivemos parentes na Bahía!). Viñan en barcos directamente desde Vigo, pero tamén a través de Portugal, mesturados cos portugueses ou facéndose pasar por tales, ao que sen dúbida axudaba o feito de falaren en galego.

Porque, efectivamente, pódese asegurar que todos eran galegofalantes. Son persoas que proceden do medio rural, onde deixan casa e herdanzas familiares, pequenas posesións en terras que non abandonan por completo, pois na aldea quedan familiares ao cargo dos escasos bens, amparados por unha comunidade capaz de prestar axuda mutua; onde, ademais, as remesas de diñeiro brasileiro, aínda que sexan pequenas e rareadas no tempo, axudan a manter a economía familiar. Instálanse nas cidades, que escollen seguindo a derrota doutros veciños ou familiares que os precederon e ás que chegan polos seus medios e iniciativa, fóra de calquera programa migratorio auspiciado desde España ou desde o Brasil (BRAGA, 1992, p. 181); por iso, a diferenza doutras colectividades, non son confinados en determinadas circunscricións, o que lles permite irse incrustando por todo o tecido urbano, dedicados sobre todo ao comercio e á hostalería: pequenos propietarios rurais na súa terra, non aceptan cruzar o mar para traballar de xornaleiros nas terras doutros, de modo que só pasan ao campo cando non queda outro remedio ou cando poden ser terratenentes. Cando se establecen, chaman onda si outros galegos para traballaren ao seu mandato; cando casan, casan na terra (en viaxe ao efecto ou por poderes) ou casan con outros galegos da colectividade. A grande epopea da emigración galega no Brasil está magnificamente relatada en *A República dos Sonhos*, de Nélide Piñon, tamén ela oriúnda das terras pontevedresas antes mencionadas. Como ela mesma dixo no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (novembro 2014), nos seus planos de filla dunha familia galega que elixiu a América, devotada escritora, estaba “elaborar un discurso político capaz de asegurar à elite brasileira que tamén eles, inmigrantes distantes da pátria, integravam a epopeía cujo admirável enredo requeria um narrador disposto a lhes restituir a merecida dignidade histórica”.

Intégranse pero non se asimilan por completo: a cohesión social entre eles mantense en redes de relacións persoais e de complicidades, antes de desembocar en sociedades que crean para atender necesidades de saúde, cultura e lecer dunha colectividade definida pola súa procedencia; vallan como mostras, aquí na Bahía, a Real Sociedade Española de Beneficencia (saúde), o Centro Español (lecer e trato social) e o Galicia Esporte Club (deporte). Reparen: a diferenza do que ocorre nos outros países americanos (e tamén noutros lugares do Brasil), os centros que crean aquí levan con frecuencia no nome o adxectivo gentilicio “espanhol” e non “galego”, sen dúbida para fuxiren de toda a carga pexorativa que ten o adxectivo, tanto para os oriúndos de Portugal coma para os restantes brasileiros.

Eran todos galegofalantes, sen dúbida, basicamente monolingües ou de práctica monolingüe. A súa práctica lingüística ao chegaren ao Brasil resúmea de forma moi expresiva un dos informantes de Rosario Albán, usando un coñecido refrán galego: “en terra de lobos ouvear coma todos”. Pasaron do galego ao portugués, con distintos graos de hibridación, con distintos niveis de éxito no proceso de asimilación procurado, mais sen conseguilo plenamente na primeira xeración. Moitos instálanse nunha especie de pidgin e nunca chegan a dominar por completo a nova lingua; retornan á aldea despois de medio século e tampouco falan xa a lingua dos seus familiares. Están nun punto intermedio, en tránsito, cruzando unha ponte entre o galego e o portugués: nisto diferéncianse dos que volven da emigración a países de lingua española, que usan dous códigos diferenciados (máis ou menos hibridados, pero separados). Non é así, de modo xeral, para os galegos vindos para o Brasil, con independencia do nivel cultural e destrezas lingüísticas de partida: no novo contexto, o seu galego metamorfosea, vai incorporando pasesiñamente trazos e formas do portugués, serve de base á adquisición do novo código e dilúese nel. Os dous códigos non se manteñen separados e iso quizais explique que os galegos do Brasil -a diferenza dos de Cuba, Arxentina ou Uruguai, por poñermos só algúns exemplos- raramente mantivesen o cultivo do galego e non creasen editoriais, prensa periódica, etc.; explica tamén que, de modo xeral, non transmitisen a lingua galega aos seus fillos. Tomo prestadas as palabras de Nélide Piñon, que con certeza expresan ben o acontecido cos galegos de segunda e terceira xeración (aquí, en São Paulo, en Minas Gerais ou no Rio, tanto ten): “a familia regalou-me a majestade da língua portuguesa, a ciência de eu pertencer ao novo continente” (PIÑON, 2014, p. 15).

A sociedade urbana brasileira era un paraíso para a mestizaxe no que os galegos se podían sentir naturalmente cómodos. Xunto aos descendentes dos diferentes grupos étnicos e lingüísticos africanos; aos procedentes do mundo eslavo e en xeral do leste de Europa (polacos, checos, ucráinos...), de Oriente Medio (libaneses, sirios...) ou de Extremo Oriente (xaponeses); aos outros inmigrantes da Europa occidental, falantes de linguas xermánicas (alemán, holandés) ou románicas (francés, italiano, español...), etc. etc., nesa Babel, os galegofalantes, a pesar do seu sotaque e das súas dificultades de asimilación, tiñan o perfil máis próximo posible dun falante da lingua nacional, a moi

pouca distancia lingüística dos procedentes do Minho e de Trás-os-Montes. Así que, postos a “ouvear coma todos”, ¿como falarían na Bahía os nosos paisanos?

Para quen lles fala, sería posible facer un retrato lingüístico verosímil tomando como base asimilable a experiencia compartida con moitos outros galegos contemporáneos –instruídos e con coñecemento doutros idiomas, como mínimo bilingües–, cando tentamos achegarnos ao portugués; pero, ademais, contamos cun material excepcional para comprobar as nosas hipóteses e presuncións, pois temos os estudos de Rosario Albán e o documento precioso coa transcripción de boa parte das gravacións que lle serviron de base. Falaremos, por tanto, da lingua dos que naceron en Galicia e viñeron para a Bahía, non dos galegos nados e criados xa nun ambiente xeral de lingua portuguesa.

Os galegos baianos falaban unha lingua que parece portugués pero non distingue entre /b/ e /v/ (*boi, vaca* /b/). Ao quererem practicar a distinción, terían serias dificultades para atribuír un ou outro son á palabra correcta, con inevitables trocas; pero, sobre todo, parece que optaron de forma xeneralizada por manter o seu betacismo: *bida, lebaba, biaxes, barrer, inberno, abó...* Falaban un presunto “portugués” que mantén a consoante africada /tʃ/ (*chabe, chamar*); aínda que nestes casos a substitución sistemática por /s/, que o galego ten no seu sistema, é máis doada (*cheguei* /tʃ/ > /s/), non son infrecuentes os afloramentos da forma orixinaria (*non che sei, chamamos, chegara...*). Ata agora nada que non caracterizase daquela tamén as variedades dos inmigrantes procedentes do N de Portugal.

É sabido que en galego non hai nin vogais nin ditongos nasais, pois, coma as outras linguas hispánicas, carece por completo dun dos trazos fonéticos máis característicos do portugués; en correspondencia con eles, o galego presenta vogal + consoante nasal (*a man, meu irmán, pan, quen, ben, ladrón, eu son...*) ou vogal (*miña irmá, miña nai, home...*). Para un natural de Galicia, esta característica tan marcada do portugués supón un esforzo adicional en tres chanzos: primeiro aprender a reproducilos, despois establecer a correspondencia exacta entre os segmentos fónicos da súa lingua e os da nova, e finalmente automatizar o cambio. Non parece, con todo, que os galegos baianos se preocupasen moito con este asunto, pois a falta de vogais e ditongos nasais no corpus de Rosario Albán é clamorosa: *meu irmán, meus irmáns, trataban, ben, entón, non, feixón, questón, foron, mai...* son norma, xunto a esporádicos *então, irmão, Xoão*. Nas terminacións máis frecuentes as solucións galegas e portuguesas non se corresponden de forma unívoca, pero a conversión é máis doada do galego para o portugués que á inversa, xa que gal. -án/-an e gal. -ón/-on dan sempre port. -ão (gal. *pan* « port. *pão*, gal. *foran* « port. *forão*, gal. *ladrón* « *ladrão*, gal. *foron* « port. *foram*); con todo, non parece que os galegos aproveitasen esa maior facilidade para incorporar as formas marcadamente portuguesas. Ata certo punto, algunhas das solucións galegas correspondentes cos ditongos nasais do portugués padrón podían asimilalos aos falantes do N de Portugal, tantas veces alcumados como “galegos” por portugueses doutras latitudes (port. dialectal {-om, -ô, -ôu} / gal. -ón ≠ -án).

Parte deles serían seseantes e polo tanto non terían un fonema interdental /θ/, así que en correspondencia pronunciarían algunha variante de /s/ (apical ou laminal, basicamente). Pero, tendo en conta as procedencias coñecidas, a maior parte deles tiñan /θ/ no seu sistema (*cebola, cinco, dez, maza...*) –é dicir, non eran seseantes–, e de persistiren nesta pronuncia nunca poderían ser identificados como portugueses de ningunha procedencia ou variedade dialectal. Para se asimilaren tiñan que proceder por substitución, automatizando o reemprazo /θ/ > /s/, de forma sistemática: *cebola* => *sebola, cinco* > *sínco*, etc. Era doado, pero aínda así no corpus de Rosario Albán a pronuncia seseante dista moito de ser sistemática, cunha interdental que non só se mantén en palabras que manteñen a forma galega orixinaria (*Gali*[θ]*ia*) ou que coinciden con ela (*comer*[θ]*inho, co*[θ]*inheira*), senón tamén en formas incorporadas pola morfoloxía da lingua de acollida (*fá*[θ]*en*); naturalmente, [s] aparece de forma máis automática nas novas palabras incorporadas (*ami*[s]*ade, so*[s]*inha, cacha*[s]*a*). Nun contexto de tanta fragmentación e variación lingüística, o tipo de /s/ pronunciado –coincidente ou non cos das variedades portuguesas setentrionais– sería totalmente irrelevante.

O trazo fonético máis difícil de incorporar –un atranco insalvable para a primeira xeración– é a distinción entre sibilantes xordas e sonoras, tanto na serie alveolar coma na palatal. O galego *queixo* /s/ vale tanto para ‘mento’ coma para o coñecido ‘alimento lácteo’; pronunciamos co mesmo /s/ *casa* (port. *casa*) e *masa* (port. *massa*); pronunciamos co mesmo /θ/ gal. *razón* (port. *razão*) e *ración* (port. *ração*). Esta segue a ser a nosa dificultade maior para falar e escribir en portugués, pois o galego non dá pistas para establecer regras de correspondencias aplicables no proceso de substitución. O problema preséntase en dous chanzos e cada un parece insuperable en por si: primeiro, aprender a pronunciar de forma diferenciada un e outro; segundo, aprender, palabra a palabra, cal corresponde. Ningún dos entrevistados por Rosario Albán pronuncia as sibilantes sonoras, nin a palatal nin a alveolar: *feixón, feixoada, hoxe, Xoão...*; *casa, coisa, sosinha...* [s].

Deixo para o final, intencionadamente, o asunto da gheada. Para os non galegos cumprirá explicar que a “gheada” é un fenómeno fonético polo que máis de media Galicia –comprendida ao completo a área de procedencia dos emigrados para a Bahía– non ten un fonema /g/, pois evolucionou a /h, fi/; en suma, non din [ˈgato, aˈɣora] senón [ˈhato, aˈhora]. Este é un trazo dialectal que nunca gozou de prestixio social en Galicia, polo que moitos falantes ao pasar do mundo rural ao urbano tenderon a abandonalo; e aínda que hoxe a norma oficial consagra en pé de igualdade ambas as pronuncias, o feito é que o estándar que se impón nas aulas, nos medios de comunicación, nos actos formais, etc. é unha variedade sen gheada. Pois ben, a finais dos setenta, a maior parte dos informantes de Rosario manteñen xeneralizada a gheada (26 de 40, ou sexa o 65%): é total entre as mulleres maiores de 56 anos e maioritaria entre as da faixa etaria 36-55; é maioritaria tamén entre os homes maiores de 56 anos; en cambio, entre os homes da faixa 36-55 anos prodúcese un feito curioso, pois é maioritaria entre os que emigraron con menos de 20 anos e falta por completo entre os que tiñan máis de 20 anos.

Neste contexto pouco importan outros trazos fonéticos, coma o rotacismo de /s/ implosivo, moi constante nalgúns contextos. Case todos os informantes de Rosario din “ár beces”: algún chega a incorporar a falta de concordancia no substantivo “becé”, pero non abandona nin o rotacismo nin o betacismo. Como digo, pouco importan xa o rotacismo, as nasais velares, a pronuncia aproximante ou fricativa das oclusivas sonoras /b/ e /d/ en posición intervocálica, a ausencia de palatalización nas realización das oclusivas dentais /d/ e /t/, as vibrantes alveolares simple e múltiple, o mantemento da vibrante en posición final, a ausencia de velarización de /l/ implosivo, os ditongos /ei/ e /ou/ (*verdadeira, deixou*), etc.

Quixen determe no nivel fónico por consideralo especialmente relevante no retrato lingüístico destes aprendices de falantes de portugués, xa que en última instancia os trazos fónicos configuran o envoltorio lingüístico con que nos presentamos diante dos demais; pero, sobre todo, porque a caracterización morfolóxica a partir do mesmo corpus foi realizada con brillantez por Rosario Albán e a ela os remito a todos vostedes. Na súa obra poderán comprobar o alcance do uso da prep. *onda*, da morfoloxía dos clíticos de terceira persoa, da énclice pronominal... e, sobre todo, da vixencia da morfoloxía verbal galega na nova variedade galego-portuguesa nacida por hibridación: uso continuo de formas en *-ra* (*encontrara, fora*) no canto de tempos compostos no antepretérito (*tinha encontrado, tinha ido*); formas paroxítonas nos copretéritos (*falabamos, tiñamos*, no canto de *falávamos, tínhamos*); morfo *-n* na P1 dos pretéritos de indicativo, tanto do tipo *collín, partín* coma do tipo *houben, trouguen*); pretéritos sigmáticos, do tipo *fix-, quix-, dix-, pux-*; outras formas verbais irregulares, como *fagho e fagha* (port. *faço, faça*), *hai* (port. *há*), *fai e fan* (port. *faz, fazem*), *podo-poido e poida-poda* (port. *posso, possa*), etc.

Todas estas diferenzas puideron provocar estrañezas ante o modo de falar daqueles veciños inmigrantes, pero non foron factor de discriminación que fose máis aló da sociolectal exercida sobre os que non dominan todas as destrezas básicas no nivel estándar ou da debida a outros factores socioeconómicos. A propia colectividade galego-baiana non parece ter moi clara a súa situación sociolingüística: non de raro usan o termo “espanhol” non só como xentilicio senón como denominación da lingua de Galicia, deixada ás costas, fronte á nova lingua asumida (ALBÁN, 1979, p. 40). Preguntados pola lingua usada ao chegaren por primeira vez ao Brasil, só 9 responden claramente “galego” e 11 mostran consciencia do contacto e din que falaban unha mestura, pero nada menos ca 11 din que falaban portugués xa desde o inicio! Rosario Albán non se resistiu, e eu tampouco podo facelo, a transcribir literalmente unha destas respostas dun presunto falante de portugués *ab initio*: “Todos os empregados da república eram espanhóis [= léase ‘galegos’]. Falavam português, português mesmo. Só falávamos português” (ALBÁN, 1975, p. 43).

Dixen máis arriba que isto de virmos galegos para o Brasil xa se foi facendo costume. Viñemos coa exploración do novo mundo nos tempos da descuberta, viñemos por necesidade económica á procura de subsistencia..., vimos agora dun novo modo: empresarios, creadores, intérpretes, profesores, investigadores... Non vimos empuxados por unha necesidade material senón atraídos por un vínculo afectivo, cultural, lingüístico... que nos move a cruzar o Atlántico con destino ao Brasil, de Amapá ao Rio Grande do Sul, de Pernambuco ao Acre. Por un sentimento que nos di, retocando o título do documental de Carlos Núñez, que *Brasil* (tamén) *somos nós*. Por iso esta sesión de hoxe non pode ser de xeito ningún unha despedida, senón un alto no camiño, nun pousadoiro no que renovar azos para unha nova e mellor xornada, para irmos xuntos máis alá.

Nas primeiras décadas do século XIX, cando aínda non se iniciara o fluxo masivo de galegos cara á Bahía de Todos os Santos, xa se cantaba en Galicia esta cántiga popular, logo recollida e mellorada pola inmortal Rosalía: “Se o mar tivera varandas, fórate ver ao Brasil. Quen non ten alas non voa, meu amor, ¿por onde hei de ir?”

Nós queremos poñer as varandas, tecer rexas pontes con fíos invisibles, ensinar a voar. Conectar Galicia con Brasil, Brasil con Galicia. Coa vosa complicidade, coa vosa axuda.

REFERENCIAS

- ALBÁN, M^a del Rosário Suárez (1979). **Desempenho lingüístico de inmigrantes galegos na Bahia**. 2 vols. Dissertação de mestrado. Salvador - Bahia: Universidade Federal da Bahia.
- BRAGA, Célia Maria Leal (1992). A presenza galega en Brasil. En **Galicia e América**. Cinco séculos de historia. Santiago de Compostela: Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno / Consello da Cultura Galega. p. 178-184.
- PÉREZ LEIRA, Lois (2002). **Galegos na Bahia de Todos os Santos**. Vigo: Galicia en el mundo.
- PIÑON, Nélica (2014): **A épica do corazón**. Discurso lido o día 27 de setembro de 2014 no acto da súa recepción, pola excelentísima señora dona Nélica Piñon e resposta do excelentísimo señor don Ramón Villares. A Coruña: Real Academia Galega <<http://academia.gal/documents/10157/19ecb450-9a22-43a3-bf49-114fe07efbb9>>.
- SOUTELO, Raúl (2012). A emigración galega ao Brasil: modalidades e destinos durante o século XX. En **Actas... VIII Seminario del Centro de Estudos das Populações, a Economía e a Sociedade (CEPESE) da Universidade Lusíada de Porto: a emigração portuguesa para o Brasil**. Porto, xuño de 2012. <<http://www.remessas.cepese.pt/remessas/mod/itsglossary/view.php?id=8&gid=191>>.
- TINHORÃO, José Ramos (1998). **História social da música popular brasileira**. São Paulo: Editora 34.

Este livro,
GALÍCIA DOUTRO LADO DO ATLÂNTICO:
ESTUDOS GALEGOS NA BAHIA,
foi impresso para Ponte Atlântica
em agosto de 2018.

A Galícia e a Bahia acumulam um longo e vivaz diálogo cultural, linguístico e histórico, demonstrado pelas marcas indeléveis dessa autêntica ponte entre uma e outra cultura, entre esses dois mundos conectados pela história e pelo Atlântico. A obra coletiva que ora vem à luz desponta como um marco factual dessa presença da Galícia em terras brasileiras, sob a forma de um recorte acadêmico-científico, ficando-se nas contribuições de diversos pesquisadores sobre o povo, a língua, a cultura e a literatura do noroeste da Península Ibérica.

Os 19 textos que a compõem, da pena de estudiosos brasileiros e galegos, resultam em peças importantes que descortinam o multifacético espectro de pautas de investigação incidentes sobre o galicianismo no Brasil, servindo ao leitor como uma compilação de monta para a compreensão de fenômenos ou aspectos relacionados à Galícia e aos temas que a circundam. Os variados olhares que a obra traz em si, identificáveis nos textos que contém, situam-se no seguimento de pressupostos teórico-epistemológicos diversos, passeando por pontos e abordagens que se espraiam por temas incidentes sobre múltiplas searas, indo desde o âmbito da emigração, passando pela literatura galega medieval, moderna, contemporânea, popular, até desembocar na onomástica, na dialectologia, na lexicologia, na semântica lexical e cognitiva, na sociolinguística, na filologia e na linguística histórica. A obra molda-se, portanto, como um mosaico convidativo, explicitando o entrelaçamento entre a Galícia e o Brasil, que nela desponta perceptivelmente pela integração entre as línguas que lhes são próprias, o galego e o português, visto que os artigos são escritos em um desses dois idiomas e, para mais que isso, prestam-se, muitas vezes, a manifestar a íntima relação entre tais línguas, sobretudo a partir de um viés descritivo-comparativo.

O desejo de que essa coletânea possa vir a ser uma forma interessante de se navegar pelos mares dos saberes galegos em busca da novidade concentrada nas sempre proveitosas experiências do conhecimento foi o escopo primordial que nos levou a coligi-la e apresentá-la ao público.

Ponte atlântica